

PLENO DO PARLAMENTO

28 de maio de 2019

10:00 horas



ÍNDICE

	Páx.
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>7</u>
Listado para votación	<u>9</u>
Punto 1. Textos lexislativos	<u>12</u>
1.1 Debate de totalidade do proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014).....	
<i>Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 478, do 16.05.2019</i>	<u>13</u>
1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria (doc. núm. 48319, 10/PPL-000038)	<u>14</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019</i>	<u>16</u>
1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia (doc. núm. 48834,10/PPL-000039).....	<u>41</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019</i>	<u>43</u>
Punto 2. Comparecencia	<u>51</u>
50033 (10/CPP-000100)	
Do Sr. conselleiro de Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).....	<u>52</u>
Punto 3. Mocións	<u>54</u>
3.1 49765 (10/MOC-000144)	
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
Presas Bergantiños, Noa	
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 42269, publicada no BOPG nº 410, do 14.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019</i>	<u>55</u>

3.2	49830 (10/MOC-000145)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 49084, publicada no BOPG nº 463, do 17.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019</i>	59
3.3	49845 (10/MOC-000146)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Vilán Lorenzo, Patricia	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 45411, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019</i>	62
Punto 4.	Proposicións non de lei	65
4.1	26115 (10/PNP-001841)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín	
	Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018</i>	66
4.2	41795 (10/PNP-003166)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Solla Fernández, Eva	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 405, do 03.01.2019</i>	70
4.3	43946 (10/PNP-003270)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Rivas Cruz, José Luis e 5 máis	
	Sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019</i>	74

4.4 47429 (10/PNP-003584)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019 [80](#)

4.5 49121 (10/PNP-003712)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 466, do 24.04.2019 [84](#)

4.6 49270 (10/PNP-003730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019 [88](#)

4.7 49733 (10/PNP-003766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019 [92](#)

4.8 49806 (10/PNP-003774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019 [95](#)

Punto 5. Interpelacións [100](#)

5.1 46794 (10/INT-001553)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019 [101](#)

5.2 49292 (10/INT-001654)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis
Sobre a avaliación das últimas reformas laborais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019 [107](#)

5.3 49483 (10/INT-001659)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019 [111](#)

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta [115](#)

6.1 50030 (10/POPX-000148)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia [116](#)

6.2 50031 (10/POPX-000149)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna..... [118](#)

6.3 50032 (10/POPX-000150)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais [120](#)

Punto 7. Preguntas ao Goberno.....[122](#)

7.1 49640 (10/POP-005909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019[123](#)

7.2 49111 (10/POP-005850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 466, do 24.04.2019[126](#)

7.3 50011 (10/PUP-000248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.....[129](#)

7.4 44829 (10/POP-005346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019[132](#)

7.5 44906 (10/POP-005361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 9 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019[135](#)

7.6 46718 (10/POP-005562)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019 [138](#)

7.7 49714 (10/POP-005912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019..... [141](#)

7.8 50024 (10/PUP-000249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade.....

[145](#)

7.9 50029 (10/PUP-000250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte

[150](#)

7.10 48505 (10/POP-005795)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta

Benvinda dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019..... [154](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 28 de maio de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 21 de maio de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

- 1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)
Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 478, do 16.05.2019
- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria (doc. núm. 48319, 10/PPL-000038)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia (doc. núm. 48834, 10/PPL-000039)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Punto 2. Comparecencia

50033 (10/CPP-000100)
Do Sr. conselleiro de Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)

Punto 3. Mocións

- 3.1 49765 (10/MOC-000144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 42269, publicada no BOPG n.º 410, do 14.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 3.2 49830 (10/MOC-000145)
Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 49084, publicada no BOPG nº 463, do 17.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 3.3 49845 (10/MOC-000146)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 45411, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

Punto 4. Proposicións non de lei

- 4.1 26115 (10/PNP-001841)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 4.2 41795 (10/PNP-003166)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 405, do 03.01.2019
- 4.3 43946 (10/PNP-003270)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019
- 4.4 47429 (10/PNP-003584)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

- 4.5 49121 (10/PNP-003712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 466, do 24.04.2019
- 4.6 49270 (10/PNP-003730)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 8 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019
- 4.7 49733 (10/PNP-003766)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 4.8 49806 (10/PNP-003774)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 46794 (10/INT-001553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

5.2

49292 (10/INT-001654)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a avaliación das últimas reformas laborais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

5.3

49483 (10/INT-001659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1

50030 (10/POPX-000148)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia

6.2

50031 (10/POPX-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna

6.3

50032 (10/POPX-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1

49640 (10/POP-005909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 7.2 49111 (10/POP-005850)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 466, do 24.04.2019
- 7.3 50011 (10/PUP-000248)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- 7.4 44829 (10/POP-005346)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019
- 7.5 44906 (10/POP-005361)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 9 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019
- 7.6 46718 (10/POP-005562)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019
- 7.7 49714 (10/POP-005912)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos
vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 7.8 50024 (10/PUP-000249)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o
dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión
Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de
calidade
- 7.9 50029 (10/PUP-000250)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo
de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias
sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e
Monforte
- 7.10 48505 (10/POP-005795)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta
Benvida dende a súa posta en marcha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non
de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do
Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1. Textos lexislativos

PLENO DO PARLAMENTO

28 de maio de 2019

- 1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG núm. 478, do 16.05.2019

Separata núm. 1





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

Ref: AG



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 21 de marzo de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de marzo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e un de marzo de dous mil dezanove.

Vº e Praxe
O PRESIDENTE





**XUNTA
DE GALICIA**

PROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A administración pública desempeña un papel fundamental no desenvolvemento da sociedade como reguladora e como provedora de servizos públicos para a cidadanía e tamén como organización cun importante colectivo de persoal e como parte salientable no desenvolvemento económico dun país.

No marco normativo, e en liña coas demandas sociais de cambios na Administración, aprobáronse nos últimos anos importantes normas en materia de racionalización da organización administrativa e dos recursos públicos, eficacia na xestión, desenvolvemento dos principios vinculados á garantía da calidade dos servizos públicos, o dereito á boa administración e a dispor de servizos públicos de calidade e tamén en materia de transparencia e bo goberno.

Estas demandas xorden nunha sociedade na que as tecnoloxías da información e comunicación, e en particular internet, adquiriron unha importancia evidente nas relacións económicas, sociais e profesionais das persoas. Segundo a enquisa sobre uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares do 2018, publicada polo INE, o 72,1% da poboación entre 16 e 74 anos accede diariamente a internet, o 43,5% fixo algunha compra por internet e o 65,4% utilizou a administración electrónica. Na poboación entre os 10 e os 15 anos, o 69,8% dispoñen de teléfono móbil e o uso de internet está estendido ata o 92,8%.

A administración pública debe evolucionar xunto coa sociedade. Debe acadar un desenvolvemento pleno da administración electrónica e aproveitar as innovacións que as tecnoloxías da información e comunicación, as denominadas tecnoloxías





principios vinculados á racionalización administrativa e dos recursos públicos, a garantía de calidade de servizos públicos e o dereito á boa administración, así como a transparencia e o bo goberno.

Aborda catro ámbitos imprescindibles para o desenvolvemento dunha administración dixital: os instrumentos necesarios para o desenvolvemento da administración electrónica, a necesaria capacitación para acadar unha cidadanía dixital, as infraestruturas e sistemas para o funcionamento dixital do sector público autonómico e os instrumentos de coordinación, colaboración, cooperación e seguimento para acadar unha implantación efectiva da administración dixital de xeito cohesionado. Así:

a) Concreta e regula o xeito no que o sector público autonómico constrúe o seu funcionamento electrónico, dando cumprimento ao establecido no marco normativo estatal no eido da administración electrónica, pero garantindo a súa capacidade de organización dixital interna e de establecemento do modelo de relación dixital coa cidadanía. A regulación se completa coas previsións necesarias para o impulso do desenvolvemento de servizos públicos dixitais no contexto de internet dun xeito ordenado e coherente, superando o ámbito do procedemento administrativo para dirixirse á cidadanía en xeral e non unicamente ás persoas interesadas nun procedemento administrativo.

b) O desenvolvemento dixital da administración pública galega, de xeito similar a outros ámbitos da sociedade, require promover na cidadanía as capacidades de aproveitamento das posibilidades que a tecnoloxía facilita. Pero non unicamente no uso de determinadas aplicacións de uso cotiá ou necesarias para a relación coa administración, senón tamén no desenvolvemento de hábitos de comportamento no eido dixital que garantan o uso adecuado e seguro das tecnoloxías que son,



además, cambiantes. Neste sentido se prevé o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais en liña co que os organismos europeos promoven para acadar unha cidadanía dixital responsable. Neste punto é imprescindible recoller a necesaria capacitación dixital do persoal que traballa no sector público autonómico, e o recoñecemento da súa capacidade de impulso de enfoques innovadores de funcionamento da administración aproveitando as tecnoloxías dixitais.

c) As infraestruturas tecnolóxicas, os medios utilizados polos empregados públicos para o seu desempeño profesional así como os sistemas e aplicacións que se utilizan para o funcionamento dixital do sector público autonómico quedan tamén recollidas neste texto. Tamén se contemplan as previsións sobre seguridade, dispoñibilidade e interoperabilidade orientadas a facilitar servizos públicos dixitais de calidade. Establécense os criterios básicos da súa xestión e posta a disposición, de xeito que o desenvolvemento dixital se faga de xeito transversal e homoxéneo a todo o sector público autonómico.

d) E por último, os instrumentos de coordinación, cooperación, colaboración e seguimento para o proceso de transformación dixital tanto no sector público autonómico como na relación coas restantes administracións.

Con todo elo se avanzará en conseguir una administración diferente, que teña as tecnoloxías dixitais como elemento catalizador para a súa modernización e onde os efectos reais da utilización destas tecnoloxías irán encamiñados á utilización de medios e formas inclusivas para toda a cidadanía, creando as condicións de confianza precisas para o uso dos servizos dixitais.





Unha administración dixital debe ter como referencia os seguintes alicerces básicos:

- a) Orientación á cidadanía. Asociada á universalización dos servizos en forma dixital e a garantir que a cidadanía e as empresas faciliten a mesma información a unha administración pública unha soa vez, co obxectivo de que a cidadanía e as empresas teñan que soportar a menor cantidade de cargas administrativas.
- b) Transparencia. Asociada a explicar a acción de goberno incluíndo a apertura de datos compatibles e reutilizables, que permitan coñecer e controlar o funcionamento das institucións públicas. Esta dimensión vincúlase á rendición de contas.
- c) Participación. Asociada a fomentar a implicación da cidadanía, empresas, asociacións e profesionais na definición e avaliación de políticas e servizos públicos, permitindo aos cidadáns e cidadás contactar de forma directa cos seus gobernantes e a estes consultar permanentemente á cidadanía sobre as políticas. O uso da internet e das redes sociais propicia o xurdimento de novas fórmulas de participación, pero esixe que as administracións públicas deban redefinir o seu funcionamento e reformular a forma de facer as cousas para poder responder ás expectativas da sociedade.
- d) Colaboración. Asociada ao desenvolvemento de fórmulas de traballo conxunto e transversal entre diferentes actores dentro e fóra da administración, incluíndo actuacións que comprenden iniciativas de interoperabilidade, innovación social e de coprodución. Ao relacionarse coa coprodución de servizos, a colaboración require a asunción de responsabilidade activa e constante por parte dos diferentes actores que participan





IV


No ordenamento xurídico estatal, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas, e, polo tanto, tamén no sector público autonómico de Galicia.


A Lei 39/2015, do 1 de outubro, derroga expresamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que constituían a base normativa para o desenvolvemento da administración electrónica.

Así, a regulación estatal en materia de procedemento administrativo común e en materia de réxime xurídico do sector público introduce de maneira transversal o emprego de medios electrónicos nas relacións entre as administracións públicas e entre estas e os cidadáns. Xeneralízase así o uso de medios electrónicos en todas as fases do procedemento administrativo, desde a identificación e representación das persoas interesadas ata a preferencia pola notificación electrónica.

V

No eido galego, os alicerces da regulación dunha administración dixital xa contan cun corpo legal integrado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, reguladora da organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes





do sector público autonómico; pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que promoveu a optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación dos distintos órganos e unidades administrativas como principios básicos que guían a actuación do sector público autonómico e pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que consagra legalmente o dereito da cidadanía á boa administración e a que se lle presten uns servizos públicos de calidade, así como a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, como parte imprescindible do ciclo das políticas públicas.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, estableceu que o sector público galego disporá dun sistema integrado de atención á cidadanía que garantirá a prestación deste servizo a través de tres modalidades: presencial, telefónica e telemática, sendo esta última a que se ofrece a través da web institucional e da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou por calquera outro medio que, vinculado ás tecnoloxías dixitais, se puidera implementar.

A referida lei determina, así mesmo, como mecanismos de atención os seguintes: o recibimento e a acollida, a orientación, a información, a recepción e o rexistro de documentos e a presentación de queixas e suxestións, regulando ademais a información e os seus tipos, as suxestións e queixas e o procedemento para a súa presentación. Cómpre agora nesta lei, abordar, con máis profundidade, a modalidade de atención telemática á que se refire a devandita Lei 1/2015, do 1 de abril.

No ámbito da transparencia, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, regula a transparencia e a publicidade na actividade pública,



entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública.

Debe mencionarse tamén a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que proporciona o marco normativo adecuado para que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolva as competencias en materia de arquivos e documentos, permitindo articular unha xestión documental electrónica eficaz e eficiente, integrada na xestión administrativa xeral. A xestión documental electrónica, aplicada con carácter transversal e continuo dentro dun sistema de arquivos, serve para garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos no seu ciclo vital, facilitar o acceso aos documentos e á información e preservar e difundir o patrimonio documental de Galicia nun entorno dixital.

Máis recentemente, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedicou unha sección específica ao establecemento de determinadas previsións en materia de administración dixital, como primeiro paso para a adaptación á regulación contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Xunto a estes textos legais, polo que se refire ao ámbito de administración electrónica a evolución normativa autonómica na materia caracterizouse pola aprobación de decretos e ordes que forman a columna vertebral da administración dixital do sector público autonómico de Galicia.

Así, o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, supuxo un cambio organizativo substancial, xa que





ordenou o proceso de desenvolvemento dos servizos electrónicos e determinou o réxime regulador do dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración pública galega por medios electrónicos. Pola súa parte, o Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, estableceu o marco xurídico do Sistema Único de Rexistro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. E, por último, o Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet, recoñece o papel fundamental da internet para a prestación de servizos públicos, e establece unhas regras de coordinación do xeito no que o sector público autonómico se achega á cidadanía.

Deste xeito, ante o novo escenario lexislativo estatal, resulta clave dotar ao ordenamento xurídico autonómico dunha regulación única, coherente, actualizada e ordenada contando cunha lei que sistematice nun único corpo toda a regulación relativa ás relacións dixitais «ad extra» e «ad intra» no sector público autonómico de Galicia, os dereitos das persoas nas súas relacións dixitais e que promova un réxime xurídico novo na administración dixital do sector público autonómico de Galicia segundo as prescricións establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

VI

É neste novo marco de actuación onde o uso das TIC representa un motor de transformación, unido ao cambio na cultura das organizacións públicas. Para iso



é imprescindible non só promover a incorporación destas tecnoloxías senón tamén de novos estilos na xestión e, en especial, promover novas competencias dos/as profesionais ao servizo das organizacións públicas.

Ao redor do 40% dos traballadores e traballadoras da UE segundo o EUROSTAT ten un nivel insuficiente de competencias dixitais polo que existe unha perentoria necesidade de adquirir novas competencias multidisciplinares e dixitais. A fenda entre a demanda e a dispoñibilidade de traballadores e traballadoras con competencias dixitais é cada vez maior. As innovacións dixitais tamén teñen un gran potencial para crear máis emprego na industria, dado que se crean novas empresas e axúdase a preservar e reforzar postos de traballo industriais. Para traballar nunha economía dixitalizada serán necesarias tamén novas competencias e habilidades, por exemplo, máis capacidades creativas, comunicativas e de adaptación. Requirirase unha mellora masiva da capacitación das persoas traballadoras a todos os niveis.

Existe ademais a necesidade de que o persoal empregado público teña a suficiente competencia dixital para facilitar a relación electrónica coa cidadanía e para contribuír a unha administración máis sustentable e eficiente.

Deste xeito, a presente regulación senta os alicerces para definir un marco galego de competencias dixitais, para a cidadanía no seu conxunto, e para os empregados públicos en particular. Este marco galego de competencias dixitais estará aliñado co marco europeo European Digital Competence Framework (DIGCOMP). Na súa definición teranse en conta as condicións específicas para o seu desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia.





O desenvolvemento destas competencias para o conxunto de profesionais do sector público autonómico establecerase adecuando a súa profundización aos contidos, funcións e responsabilidades do posto de traballo ocupado.

Nesta liña, desde a perspectiva das administracións públicas, a formación profesional continua e a reciclaxe profesional de todo o persoal empregado público constitúe ademais unha necesidade imprescindible para conseguir os seus obxectivos permanentes de eficacia e de modernización. Pero, hoxe en día, a súa necesidade é máis imperiosa dada a rápida evolución dos coñecementos e das tecnoloxías da información e das comunicacións e, con iso, dos requirimentos da administración ao seu persoal empregado. A formación constitúe un factor relevante para incrementar a produtividade de cada persoa empregada pública e da organización no seu conxunto, sendo este un obxectivo esencial para acadar os niveis de competitividade aos que debe aspirar a nosa administración, no marco da Unión Europea e na dinámica da globalización.

VII

A regulación da infraestrutura dixital básica ten como obxectivo asegurar a prestación dos servizos públicos mediante o acceso sen discontinuidade e cos niveis adecuados de protección de datos, seguridade e calidade do servizo.

Ademais, no actual contexto de transformación dixital, o persoal empregado público resulta motor clave do cambio. Os espazos de traballo deben transformarse para adaptarse a un escenario onde os traballadores e traballadoras demandan conectividade e acceso a recursos personalizados e contextualizados desde calquera lugar, en calquera momento e desde calquera dispositivo.





Por outra parte, a entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a rápida evolución tecnolóxica e a globalización expuxeron novos retos para a protección dos datos persoais. A magnitude da recollida e do intercambio de datos persoais aumentou de maneira significativa. Estes avances requiren un marco máis sólido e coherente para a protección de datos garantindo un elevado nivel de seguridade da información e dos datos persoais tratados polo sector público autonómico.

Nesta liña, a Directiva 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, completa a nova regulación europea en materia de protección de datos delimitada polo Regulamento 2016/679 e a Directiva 2016/681, definindo as garantías e principios que deben rexer o tratamento, automatizado e/ou manual, de datos persoais relativos a persoas físicas, identificadas ou identificables, cando este se realice con fins de prevención, investigación, detección ou axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, incluídas a protección e a prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

VIII

Polo que respecta ao fundamento competencial, a presente lei dítase no exercicio das competencias autonómicas exclusivas en materia de organización das institucións de autogoberno e en materia de procedementos administrativos que





se deriven do específico Dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos, así como da competencia autonómica de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública de Galicia, recollidas, respectivamente, no artigo 27, números 1 e 5, e no artigo 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia. Xunto a estes títulos competenciais tamén procede invocar, atendidas as previsións en materia de emprego público e de contratación contidas na lei, as competencias autonómicas de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime estatutario dos seus funcionarios e en materia de contratos, previstas no artigo 28, números 1 e 2, do Estatuto de autonomía de Galicia.

IX

A presente lei estrutúrase nun título preliminar e sete títulos, cada un deles dedicado á regulación dos aspectos fundamentais do réxime da administración dixital para a incorporación do potencial das tecnoloxías dixitais no deseño das políticas públicas e na modernización do sector público autonómico, coa finalidade última de impulsar a economía galega.

Así, en primeiro lugar, o título preliminar, disposicións xerais, establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins da lei. Este título preliminar marca aqueles principios xerais de actuación polos cales se deberá rexer a aplicación das previsións desta lei. Destaca o relativo aos colectivos obrigados para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo ante o sector público autonómico. Esta previsión é adicional respecto daqueles colectivos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Igualmente recóllese unha





previsión sobre o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais. Faise fincapé no desenvolvemento dos servizos públicos dixitais, nas súas condicións de uso e de acceso, nas previsións relativas á subministración única de datos por parte da cidadanía, e aspectos como a igualdade no acceso, o uso da lingua, a importancia da capacitación dixital e a avaliación da prestación dos servizos públicos dixitais.

A continuación, o título I, das relacións coa cidadanía, céntrase na regulación de diversos instrumentos e canles necesarios para as relacións «ad extra». O primeiro dos capítulos define o modelo de sede electrónica da Xunta de Galicia, o seu contido mínimo e o seu réxime de titularidade e responsabilidade. Relacionado coa sede electrónica, o capítulo II, Carpeta cidadá da Xunta de Galicia, amplía o concepto da actual Carpeta do cidadán para facilitar o acceso á cidadanía e empresas tanto á información de carácter persoal, como á información e documentación de carácter administrativo ou de prestación de servizos, así como a manter permanentemente actualizados e vixentes aqueles datos ou documentación que a persoa interesada poida achegar. É especialmente salientable que a información dispoñible na Carpeta cidadá permitirá á administración pública, previo consentimento da persoa interesada, promover o desenvolvemento de servizos públicos dixitais en beneficio dos propios cidadáns, os denominados servizos proactivos, que se adianten ás demandas e necesidades dos propios cidadáns, permitindo unha maior información cara ao cidadán relativa aos seus posibles intereses na relación coa administración, así como a redución de trámites ou procedementos, simplificando en definitiva a súa relación coa administración pública.

Por outro lado, regúlase o Sistema Único de Rexistro, integrado polo Rexistro Electrónico Xeral, pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e, de






existir, polos rexistros electrónicos de entidades públicas instrumentais. Esta Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro realiza as funcións de servizo público para a prestación de información, asistencia e/ou atención coordinada de acceso aos servizos públicos e nas relacións dixitais da cidadanía e empresas coas administracións públicas e a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións. Polo tanto, estas oficinas desenvolven, entre outras, as funcións encomendadas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ás oficinas de asistencia en materia de rexistro. Na súa configuración será necesario ter en conta a especial dispersión no medio rural, que abrangue máis do 80% do territorio de Galicia, así como a necesaria dotación suficiente de medios humanos e materiais para a atención da Rede.

Pola súa parte, as previsións sobre representación, coa creación do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, identificación e sinatura, notificación e medios de pago incorporan no ámbito do sector público autonómico as especificidades destes elementos necesarios para asegurar o funcionamento dunha administración cen por cen dixital.

Os sistemas de identificación e sinatura electrónicos previstos nesta lei adecúanse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

O título II, do Diario Oficial de Galicia, regula o Diario Oficial de Galicia a través do cal se dá publicidade ás normas, resolucións, actos administrativos e demais documentos e informacións que sexan obxecto de público coñecemento. O eido dixital facilita tamén a accesibilidade e interoperabilidade dos sistemas





que publican informativa normativa na internet. En consecuencia, esta lei prevé expresamente que no Diario Oficial de Galicia promoverase a adopción das medidas que faciliten esa interoperabilidade. Neste sentido procede salientar que a Unión Europea promove a adopción dun estándar de identificación e descrición das normas denominado European Law Identifier/Identificador Europeo de Legislación (ELI), que ten por obxecto facilitar o acceso, o intercambio e a interconexión da información xurídica publicada nos sistemas de información xurídica nacionais e europeos, para poñer en marcha unha verdadeira rede de información legal, dispoñible como conxunto de datos abertos e susceptibles de reutilización.

O título III, da presenza do sector público autonómico na internet, estrutúrase en catro capítulos que regulan a presenza do sector público autonómico na internet como mecanismo para garantir unha adecuada información institucional, administrativa e de prestación de servizos e potenciar unha imaxe institucional homoxénea no acceso aos contidos e servizos ofrecidos polo sector público autonómico na internet. Este título dá continuidade aos criterios de coordinación da presenza na internet establecidos polo Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet, regulando a Rede integrada da presenza na internet (denominación que pasa a ter a actual rede integrada de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia), na que se incorporan como canles ordinarias de presenza na internet, ademais dos portais e canles sociais e participativas, as aplicacións de dispositivos de mobilidade, prevéndose, tamén, a posible integración na rede daqueles outras vías de relación que os usos sociais convertan en habituais.





Destaca tamén a previsión sobre a organización da presenza na rede arredor do portal web institucional da Xunta de Galicia, www.xunta.gal, a través do cal se poderá acceder á información institucional corporativa e ao resto de iniciativas de presenza na internet promovidas polo sector público autonómico, incluídos os servizos en mobilidade. Igualmente, e como principal referente da presenza do sector público autonómico na internet así como canle de acceso da cidadanía, o portal web institucional asumirá as funcións do Punto de Acceso Xeral Electrónico.

O título IV, do funcionamento dixital do sector público autonómico, regula aqueles elementos «ad intra» para o desenvolvemento da súa actividade. Así, o capítulo I, inventario de información administrativa, recolle a ordenación dos conxuntos de datos ou catálogos corporativos que con carácter transversal serven para a clasificación da información e documentación do sector público autonómico, garantindo a interoperabilidade entre sistemas e entre administracións.

O capítulo II, funcionamento dixital interno, regula tanto os procesos internos de tramitación administrativa como a emisión de documentos administrativos, as copias ou as comunicacións internas ou con outras administracións, co obxectivo de incrementar a eficiencia e a produtividade a través dun modelo de xestión dixital máis coordinado, integrado e que teña como eixo a perspectiva da cidadanía.

Merecen especial mención as novidades introducidas polo capítulo III, configuración dixital de procedementos administrativos e servizos, como instrumento de normalización e simplificación dos procedementos





administrativos e servizos públicos dixitais co obxectivo de lograr unha maior interacción coa cidadanía e empresas.

No capítulo IV, en materia de identificación e sinatura, tendo en conta a regulación básica contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, se regulan os medios de identificación e sinatura a empregar polo sector público autonómico. Destaca, ademais, a aposta pola modernización dos procedementos administrativos mediante o fomento de actuacións administrativas automatizadas no marco dun procedemento administrativo.

Por outra parte, no capítulo V, rexistro de persoal funcionario público habilitado, créase o rexistro autonómico onde constará o persoal funcionario público habilitado para a expedición de copias auténticas e a realización da identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas que carezan dos medios electrónicos necesarios. Recóllese, así mesmo, a posibilidade de adhesión voluntaria das administracións públicas de Galicia.

O capítulo VI, interoperabilidade de datos e documentos, declara á entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital como nodo de interoperabilidade do sector público autonómico mediante a plataforma de intermediación pasaXe! que prestará funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre as administracións públicas galegas e o resto de administracións públicas. Destaca, ademais, a definición do alcance do Mapa de interoperabilidade do sector público autonómico que permitirá avaliar a demanda de datos e documentos, atendendo á súa criticidade e ás melloras que achegan, permitindo así priorizar os traballos de incorporación de servizos do nodo de interoperabilidade.



En materia de arquivos, o capítulo VII, arquivo electrónico administrativo, estende o alcance do arquivo a todos os expedientes administrativos do sector público autonómico en tramitación e os finalizados.

O título V, dos medios, seguridade e continuidade da infraestrutura dixital, regula, no seu capítulo I, a infraestrutura básica necesaria para dar soporte á administración dixital. Neste sentido, a infraestrutura básica deberá asegurar a prestación de todos os servizos dixitais a nivel de posto de traballo.

Como punto básico transversal, o capítulo II, medios dixitais para o desempeño da actividade, senta os alicerces para o desenvolvemento do posto de traballo dixital e os seus elementos fundamentais.

A este respecto, cómpre destacar a regulación dos elementos fundamentais do plan de actuación para o desenvolvemento do posto de traballo dixital, que permitirá unha mellor adecuación das demandas e necesidades do persoal empregado público que desenvolve a súa actividade no sector público autonómico.

O capítulo III, seguridade da información e protección de datos, asegura normativamente a protección efectiva da seguridade da información e dos datos persoais conforme as normas previstas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Pola súa parte o capítulo IV, Plan de continuidade dos servizos dixitais, define o alcance dun plan transversal que permita garantir a continuidade dos servizos regulados nesta lei ante incidentes de seguridade. Este plan determinará os requisitos de seguridade, calidade e continuidade, as accións preventivas, correctivas e reactivas e o establecemento de responsabilidades que permitan garantir a dispoñibilidade dos servizos dixitais.

O título VI, do impulso dixital, busca aproveitar todo o potencial das TIC para a innovación tecnolóxica e o aumento das competencias laborais que requiren máis habilidades dixitais para competir a escala global. Así, o capítulo I, marco galego de competencias dixitais, define por primeira vez un proxecto transversal para a cidadanía galega que permitirá acreditar uns coñecementos, capacidades e aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade competente e á mellora das competencias profesionais. A este respecto, cómpre destacar que o marco galego de competencias dixitais será de aplicación na definición das competencias dixitais mínimas do persoal empregado público.

Destaca así mesmo a definición da capacitación dixital do persoal empregado público como mecanismo para asegurar unhas competencias dixitais mínimas do persoal empregado público para o exercicio das súas funcións, así como os mecanismos de acreditación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.

O capítulo III, fomento da innovación dixital no sector público autonómico, promove a innovación dixital e a mellora dos servizos públicos a través de medidas de impulso do fomento da innovación dixital no sector público autonómico.





O derradeiro dos títulos da lei, o título VII, dos órganos e instrumentos para a coordinación, cooperación, colaboración e seguimento, incorpora os principios de coordinación no sector público autonómico e de cooperación e colaboración necesarios para o exercicio da actividade administrativa de modo que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Nesta liña, a Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico, órgano creado e regulado no Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, supuxo desde a súa creación o establecemento dunha garantía de integración do principio de transversalidade nas actuacións dixitais do sector público autonómico. Ademais, como instrumento de coordinación do sector público autonómico, créase o catálogo de sistemas dixitais que recollerá as aplicacións, sistemas de información e infraestruturas tecnolóxicas que se utilizan para o funcionamento dixital interno do sector público autonómico, así como para a prestación de servizos á cidadanía e a relación con outras administracións públicas.

O capítulo II enuncia as atribucións que corresponden aos distintos órganos e entidades do sector público autonómico competentes en relación coas materias reguladas na presente lei.

No capítulo III, colaboración e cooperación entre administracións públicas, cómpre destacar a creación da Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital, co obxectivo de impulsar un desenvolvemento cohesionado da administración dixital nas administracións públicas de Galicia e promover a prestación conxunta de servizos dixitais.





No capítulo IV, ante a necesidade de ter un maior control e mellorar a avaliación dos servizos públicos, créase o sistema de indicadores da administración dixital, como sistema para a medición da evolución e o impacto no desenvolvemento dixital do sector público autonómico.

O último dos capítulos, Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aposta pola potenciación do observatorio como órgano asesor dixital para a extensión da modernización tecnolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que respecta ás disposicións adicionais destacan aquelas referidas á continuidade dos servizos TIC ante calquera indispoñibilidade e os instrumentos de avaliación da calidade na contratación de servizos TIC en aplicación do principio de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos dixitais.

O resto das disposicións incluídas na parte final dedícanse, de xeito fundamental, a recoller as previsións necesarias para un axeitado tránsito á nova regulación, tendo en conta, en especial, que determinadas previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, aínda non se atopan en vigor conforme ao disposto na disposición derradeira sétima da dita lei, na redacción dada polo Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto. Introdúcense, ademais, as seguintes modificacións normativas: unha modificación puntual na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coas copias auténticas; unha modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co funcionamento dixital dos órganos colexiados; e unha modificación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, para un mellor aliañamento do arquivo electrónico





administrativo con esta normativa. Por último, a lei contempla o mandato para o seu desenvolvemento regulamentario e a previsión sobre a súa entrada en vigor.





TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente lei ten por obxecto regular a transición a unha administración dixital no sector público autonómico, procedendo non só a desenvolver a normativa básica estatal en materia de administración electrónica senón tamén a implementar e fomentar a adopción das medidas precisas para incorporar o potencial das tecnoloxías dixitais no deseño das políticas públicas, na modernización do sector público autonómico e no impulso da economía galega, coa finalidade última da prestación de servizos públicos dixitais de calidade.

2. Para estes efectos a lei regula o réxime xurídico de utilización dos medios electrónicos polo sector público autonómico no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións coa cidadanía, así como as infraestruturas e os sistemas dixitais do sector público autonómico, medidas para o impulso dixital e os órganos autonómicos con competencias en relación coa administración dixital.



Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

A presente lei será de aplicación:

a) Ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e as entidades instrumentais.

Non obstante o anterior, non serán de aplicación ás entidades instrumentais de dereito privado previstas na letra b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, aqueles preceptos da lei cuxa aplicación se restrinxa expresamente ás entidades públicas instrumentais así como aqueles que, segundo o caso, non resulten aplicables en atención á natureza das ditas entidades e ao réxime xurídico ao que haxan de quedar sometidas as concretas funcións desenvolvidas por elas.

b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia. Para estes efectos, as referencias aos cidadáns e cidadás comprenderán ás persoas físicas, ás persoas xurídicas e, cando legalmente teñan recoñecida capacidade de obrar ante as Administracións Públicas, aos grupos de afectados, ás unións e entidades sen personalidade xurídica e aos patrimonios independentes ou autónomos.

c) Nos casos en que así se indique expresamente, ás relacións entre o sector público autonómico e as restantes administracións públicas, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, con pleno respecto ás competencias destas.



Artigo 3. *Fins da lei*

Son fins desta lei:

- a) A garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, nas relacións electrónicas co sector público autonómico de Galicia.
- b) A modernización do sector público autonómico, aplicando as tecnoloxías existentes en cada momento, de modo que a actividade pública sexa máis transparente, responsable e innovadora.
- c) A efectividade dos dereitos á calidade dos servizos públicos e a unha boa administración recoñecidos nos artigos 2 e 3 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- d) O fomento do uso das tecnoloxías da información co obxectivo de asegurar os principios de simplificación, racionalización administrativa e redución de cargas aos que fai referencia o artigo 4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- e) O impulso do uso da identificación electrónica e dos servizos de confianza para as transaccións dixitais.
- f) A capacitación da cidadanía en competencias dixitais, co obxectivo de favorecer e protexer os seus dereitos en relación coas administracións públicas e como instrumento dirixido a servir de motor de impulso económico da Comunidade Autónoma de Galicia.



g) A regulación da infraestrutura e dos sistemas tecnolóxicos que habilitan o funcionamento dixital do sector público autonómico de Galicia.

h) A cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade.



Artigo 4. *Principios xerais de actuación*

Para a consecución dos fins enumerados no artigo anterior, o sector público autonómico axustará a súa actuación aos seguintes principios xerais:

- a) Mellorar a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico aproveitando as capacidades das tecnoloxías da información e a comunicación, de acordo cos principios e normas de calidade, eficacia, transparencia e boa administración previstos na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno .
- b) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación, co obxectivo de que en ningún caso o uso de medios electrónicos poida implicar a existencia de discriminacións para os cidadáns e cidadás, tanto respecto ao acceso á prestación de servizos públicos como respecto de calquera actuación ou procedemento. Así mesmo, garantir a accesibilidade dos sistemas, aplicacións, sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles.
- c) Asegurar a interoperabilidade de servizos, sistemas e información cos doutras administracións públicas, coa finalidade de contribuír á homoxeneización do marco electrónico de relación entre o sector público autonómico e a cidadanía, así como a favorecer a optimización e o aproveitamento de recursos.
- d) Garantir a seguridade da información e a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais, mediante un trato responsable e transparente dos datos, aplicando os principios relativos ao tratamento previstos na normativa en materia de protección de datos.





e) Asegurar a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos que as persoas interesadas acheguen ao procedemento administrativo, de acordo co previsto no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

f) Facer efectiva a garantía dos dereitos dixitais previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Artigo 5. Servizos públicos dixitais

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán a utilización das tecnoloxías da información e das técnicas avanzadas de tratamento de datos para poñer a disposición da cidadanía novas actividades prestacionais que, asumidas como propias no exercicio das súas competencias, permitan a mellor satisfacción dos intereses xerais, respectando as previsións e esixencias da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración.

2. En particular, promoverán o desenvolvemento de servizos públicos dixitais que:

a) Atendan de xeito personalizado á cidadanía, tendo en conta as súas circunstancias.

b) Promovan a prestación de servizos conxuntos entre órganos da Administración xeral e/ou órganos de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, orientados á atención das necesidades da sociedade.

c) Promovan actuacións simplificadas ou automatizadas que reduzan os tempos de atención ou resolución administrativa.

d) Teñan en conta as características especiais do medio rural, tanto na súa dispersión como na dispoñibilidade de medios de acceso aos servizos públicos dixitais.



Artigo 6. Deberes no acceso e utilización dos servizos públicos dixitais

1. Os cidadáns e cidadás teñen o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, respectando as normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos.
2. En particular, os cidadáns e cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónicas dos que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada, e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.



Artigo 7. Acceso aos servizos públicos dixitais

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia garantirán o acceso aos servizos públicos dixitais que se poñan a disposición da cidadanía, para o seu emprego nas relacións coas administracións públicas.

2. Para facilitar o acceso aos servizos públicos dixitais a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia:

a) Promoverán as medidas necesarias para que a cidadanía teña acceso á provisión de medios de identificación e sinatura electrónicos.

b) Porán a disposición nos edificios administrativos os medios de acceso para a utilización dos servizos públicos dixitais.

c) Facilitarán o uso das canles de acceso aos servizos públicos dixitais e establecerán canles de atención e axuda para o uso adecuado dos mesmos, así como preverán os mecanismos para a continuidade dos servizos públicos en caso de indisponibilidades tecnolóxicas.





Artigo 8. Acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais

1. A Xunta de Galicia determinará as medidas necesarias para garantir que os cidadáns e cidadás galegos residentes fóra de Galicia e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación, con especial atención as medidas necesarias para asegurar a provisión de medios de identificación e sinatura electrónicos suficientes para o acceso a tales servizos públicos dixitais.

2. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, para estes efectos, adoptarán as medidas funcionais, técnicas e organizativas necesarias e dirixidas a facer efectivo o exercicio deste acceso.



Artigo 9. Obrigatoriedade de emprego de medios electrónicos


1. No ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os seguintes suxeitos:

- a) Os traballadores/as autónomos/as para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- b) O estudantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica.
- c) As persoas que representen a un suxeito obrigado dos anteriormente indicados.

2. De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, regulamentariamente, poderá establecerse a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos co sector público autonómico para determinados procedementos e certos colectivos de persoas físicas respecto dos cales, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

3. No caso específico dos procedementos para a concesión de axudas e subvencións, as correspondentes bases reguladoras poderán establecer a obrigatoriedade de emprego de medios electrónicos, sempre que se xustifique nelas a concorrencia das circunstancias indicadas no número anterior, de acordo





coa memoria que para o efecto se inclúa no procedemento necesario para a súa aprobación.

4. Do mesmo xeito, e de conformidade co artigo 16.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, regulamentariamente poderá establecerse a obriga de presentar determinados documentos por medios electrónicos para certos procedementos e colectivos de persoas físicas respecto das cales, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.



Artigo 10. *Subministración única de datos*

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico adoptarán as medidas tendentes a garantir, con suxeición á normativa vixente en materia de protección de datos, que os cidadáns e cidadás faciliten unha mesma información só unha vez. Para estes efectos, e respectando as esixencias impostas pola dita normativa, estableceranse os mecanismos que permitan a reutilización interna dos datos facilitados polas persoas que se relacionan co sector público autonómico co obxectivo de reducir as súas cargas administrativas.

2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico porán a disposición dos cidadáns e cidadás, de xeito individualizado e con plenas garantías de seguridade, continuidade, privacidade e protección de datos, a información e datos por eles/as subministrados co obxectivo de que poidan acceder ou modificar os seus propios datos e coñecer os procedementos nos que teñan a condición de persoa interesada.

3. Serán de aplicación as previsións do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da disposición adicional oitava da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e restante normativa aplicable.



Artigo 11. *Igualdade dixital*

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán as actuacións necesarias para facilitar a relación dixital das persoas con discapacidade para o pleno exercicio dos seus dereitos e obrigas ao amparo desta lei.
2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia impulsarán as medidas para eliminar todas as dificultades de relación dixital por razón do xénero. Así mesmo, prestarán especial atención aos factores que poidan agravar as dificultades de relación dixital, en particular a idade, a localización no medio rural ou a situación de precariedade económica.
3. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán programas dirixidos a fomentar a autonomía dixital dos colectivos en risco de exclusión dixital. A estes efectos, considéranse colectivos en risco de exclusión dixital aqueles que polas súas circunstancias educativas, sociais, culturais e/ou económicas carezan da posibilidade de acceder aos servizos electrónicos do sector público autonómico en condicións de igualdade cos restantes colectivos.



Artigo 12. *Usos lingüísticos*

1. Nas relacións da cidadanía co sector público autonómico por canles dixitais, os contidos e servizos garantirán o uso normal do galego e castelán. Adicionalmente poderán incluírse noutras linguas contidos ou servizos para os que se considere de interese co fin de acadar unha mellor difusión.
2. Os contidos e servizos dixitais establecerán o galego como lingua de contacto inicial. O castelán será tamén lingua de uso nos contidos e servizos dixitais.



Artigo 13. *Capacitación dixital*

1. A Xunta de Galicia deberá desenvolver un modelo de acreditación oficial dos coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións que posibilibite o recoñecemento das competencias dixitais dos cidadáns e cidadás.
2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán, no seu ámbito competencial, actuacións para fomentar a capacitación dixital da cidadanía, como medida para facer efectivo o principio de igualdade fronte a administración dixital, así como para facilitar a participación cidadá nos procedementos do sector público autonómico e, en último termo, aproveitar o impulso das tecnoloxías dixitais para o desenvolvemento da economía galega.



Artigo 14. Efectividade das medidas previstas na lei

Estableceranse mecanismos e procedementos que permitan avaliar as medidas previstas nesta lei entre os cales han de figurar os seguintes:

- a) Incluíranse no Sistema de indicadores da administración dixital, indicadores específicos sobre os dereitos e principios enunciados na presente lei. Para estes efectos poderá solicitarse o asesoramento dos órganos do sector público autonómico con competencias en relación cos dereitos e principios sinalados ou dos colectivos aos que singularmente afecten.
- b) O Plan xeral de mellora da calidade dos servizos públicos, previsto no artigo 20 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, terá en consideración, para a elaboración dos seus obxectivos estratéxicos e programas operativos, as propostas de actuación resultantes da análise dos indicadores, a proposta da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico.





TÍTULO I
Das relacións coa cidadanía

CAPÍTULO I
Sede electrónica

Artigo 15. *A sede electrónica da Xunta de Galicia*

O ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia abrangue o conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia.





Artigo 16. Contido da sede electrónica da Xunta de Galicia

1. A sede electrónica da Xunta de Galicia facilitará a seguinte información:

- a) A identificación do enderezo electrónico de referencia da sede, do seu titular e do seu ámbito de aplicación, así como dos servizos postos a disposición da cidadanía nesta.
- b) Os textos íntegros das normas de creación da sede electrónica e do rexistro electrónico xeral.
- c) A data e hora oficial e os días declarados como inhábiles aos efectos do cómputo de prazos.
- d) A relación de sistemas de identificación e sinatura que son admitidos na sede electrónica, así como os trámites e procedementos para os que son admitidos.
- e) A relación de sistemas de identificación e sinatura que son utilizados pola sede electrónica.
- f) A Guía de procedementos e servizos, recollida na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que incluírá a relación dos procedementos e servizos a disposición da cidadanía, con indicación do seu obxecto, persoas beneficiarias, requisitos e documentos necesarios, prazos de presentación e de resolución, sentido do silencio, nivel de interactividade na tramitación, canles de presentación, así como a normativa aplicable. Ademais, incorporará os formularios normalizados que sexan de aplicación en cada un deles. A guía de procedementos e servizos inclúe a relación actualizada de





trámites que poden iniciarse no rexistro electrónico xeral ao que dá acceso a sede electrónica.

g) A relación das actuacións administrativas automatizadas no sector público autonómico e os selos electrónicos ou outros mecanismos utilizados para a súa sinatura, no seu caso.

h) A información relativa ás indisponibilidades de servizo por incidencias técnicas, e, no caso de ampliación de prazo derivada de incidencia técnica, a incidencia técnica acontecida e a ampliación concreta do prazo non vencido.

i) Os formatos admitidos para a presentación electrónica de documentos no Rexistro Electrónico Xeral.

j) O directorio xeorreferenciado da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro que permita ás persoas identificar a oficina máis próxima ao seu enderezo, con indicación dos días e horario no que permanecen abertas, así como a relación actualizada das oficinas nas que se prestará asistencia para a presentación electrónica de documentos.

k) Información necesaria para a correcta utilización da sede incluíndo o mapa da sede electrónica, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como acceso á información relacionada con propiedade intelectual, protección de datos persoais e accesibilidade da sede electrónica.

2. Ademais, a sede electrónica da Xunta de Galicia permitirá:

a) O acceso ao Rexistro Electrónico Xeral para a presentación electrónica de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos.



- b) O acceso ao Rexistro Electrónico Xeral para a presentación de queixas ou suxestións.
- c) O acceso personalizado á Carpeta cidadá da Xunta de Galicia
- d) O outorgamento de apoderamentos apud acta mediante comparecencia electrónica na sede electrónica por parte de quen ostente a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo.
- e) A consulta personalizada das transmisións de datos ou documentos entre administracións públicas efectuadas con motivo da realización dun trámite ou consulta.
- f) A práctica de notificacións administrativas por comparecencia na sede electrónica.
- g) A solicitude de emisión de copias auténticas dos documentos públicos administrativos.
- h) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos electrónicos emitidos polos órganos e entidades incluídos no ámbito de aplicación da sede electrónica.
- i) O acceso ao Diario Oficial de Galicia.

3. Así mesmo, a sede electrónica da Xunta de Galicia incorporará calquera outro contido esixido pola normativa vixente e poderá incorporar outras informacións, contidos ou servizos de interese para a cidadanía.



Artigo 17. *Titularidade e responsabilidade*

1. A titularidade da sede electrónica da Xunta de Galicia corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades públicas instrumentais incluídas no seu ámbito.
2. Corresponderá á consellería con competencias en materia de administracións públicas a coordinación, cos órganos e entidades do sector público autonómico, dos contidos e servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.
3. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital será a responsable dos contidos e servizos comúns dispoñibles na sede electrónica, da xestión tecnolóxica e da continuidade, accesibilidade e seguridade da sede electrónica da Xunta de Galicia.
4. A responsabilidade dos contidos postos a disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia e relativos ao ámbito de actuación dun órgano da Administración xeral da Comunidades Autónoma ou dunha entidade pública instrumental do sector público autonómico será, respectivamente, da secretaría xeral ou secretaría xeral técnica da consellería ou do órgano executivo da entidade pública instrumental correspondente. No caso de contidos relativos ás outras entidades instrumentais a responsabilidade corresponderá á consellería de adscrición.



Artigo 18. *Outras sedes electrónicas.*

1. Excepcionalmente, as entidades públicas instrumentais, por razóns de eficacia, eficiencia e de interese xeral derivadas da concorrencia de circunstancias especiais, poderán crear as súas propias sedes electrónicas de acordo coas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente.
2. Na norma de creación se concretarán o seu ámbito específico de actuación, así como os servizos específicos que contemple. No relativo a contidos e servizos comúns coa sede electrónica da Xunta de Galicia, vincularanse a esta última.
3. A creación dunha nova sede electrónica corresponderá ao Consello da Xunta de Galicia, conforme ao establecido no artigo 117.
4. Na sede electrónica da Xunta de Galicia habilitarase o acceso ás sedes electrónicas que se creen ao amparo deste artigo.





CAPÍTULO II

Carpeta cidadá da Xunta de Galicia

Artigo 19. *A carpeta cidadá da Xunta de Galicia*

1. A carpeta cidadá da Xunta de Galicia é o conxunto estruturado de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas de cada persoa interesada, xerada nas súas relacións administrativas ordinarias co sector público autonómico de Galicia.
2. Así mesmo, forma parte da carpeta cidadá da Xunta de Galicia a información de contacto, de circunstancias persoais e outra información ou documentación achegada pola cidadanía na súa relación co sector público autonómico.
3. A Carpeta cidadá é única para o conxunto de órganos e entidades do sector público autonómico de Galicia.





Artigo 20. Finalidade da carpeta cidadá da Xunta de Galicia

A carpeta cidadá da Xunta de Galicia terá como finalidade:

- a) Achegar de forma personalizada a administración á cidadanía, facilitándolle o acceso ao estado de tramitación dos seus expedientes administrativos, simplificando as relacións administrativas e promovendo a prestación de servizos personalizados.
- b) Facilitar o acceso por parte dos cidadáns e cidadás á información, tanto de carácter persoal como de carácter administrativo, que respecto deles estea dispoñible no sector público autonómico, de xeito ordenado e sinxelo.
- c) Dispor de información actualizada e de calidade de contacto coa cidadanía para utilizala de xeito preferente nas relacións con ela, sempre que non se indiquen outros medios específicos para un determinado procedemento ou servizo, e recoller informacións doutras circunstancias persoais facilitadas polo cidadáns e cidadás.
- d) A elaboración de actividades estatísticas orientadas a satisfacer as necesidades das persoas usuarias, a avaliación de políticas públicas e a toma de decisións, con suxeición ás esixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Garantir que os cidadáns e as cidadás faciliten a mesma información unha soa vez nos termos previstos no artigo 10.



Artigo 21. Contido da carpeta cidadá da Xunta de Galicia

Formará parte da carpeta cidadá da Xunta de Galicia a seguinte información:

- a) Os datos persoais achegados polos cidadáns e cidadás. En particular, os datos de identidade, correo electrónico e enderezo preferente para os efectos de notificación, que queiran utilizar na tramitación dos procedementos se non especifican outros datos distintos para un procedemento concreto.
- b) Os expedientes tramitados no ámbito do artigo 19.1, nos que se teña a condición de persoa interesada, incluíndo os documentos, as informacións relacionadas e o estado de tramitación.
- c) Os apoderamentos inscritos no Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, creado no artigo 39 .
- d) As notificacións de resolucións e actos administrativos.
- e) Aquela que permita o acceso á información de ámbito especializado, sempre que se dea cumprimento aos requisitos de acceso necesarios segundo o ámbito do que se trate.
- f) Outra documentación ou información que, en función da evolución dos servizos dixitais e coas debidas garantías de seguridade e protección de datos, poida conter a carpeta cidadá da Xunta de Galicia para dar cumprimento aos fins previstos no artigo anterior.





Artigo 22. Acceso á Carpeta cidadá

1. O acceso das persoas interesadas á súa carpeta cidadá, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, farase coas garantías de seguridade necesarias, previa identificación electrónica por calquera dos sistemas de identificación admitidos pola sede electrónica e deberá permitir:

a) O acceso por parte das persoas interesadas ao contido da súa carpeta e a obter copia dos datos e documentos que nela se conteñan.

b) O exercicio do dereito de oposición ao tratamento de datos de carácter persoal.

c) Prestar o seu consentimento e retiralo para o tratamento dos seus datos persoais para a prestación de servizos proactivos personalizados, así como manifestar a súa vontade de non recibir información sobre a prestación de servizos proactivos.

2. O acceso á carpeta cidadá polo persoal do sector público autonómico estará suxeito ao réxime previsto na normativa de protección de datos de carácter persoal.



Artigo 23. *Responsabilidades*

1. Os distintos órganos da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia garantirán a permanente actualización e veracidade da información e contidos da Carpeta cidadá dentro dos seus ámbitos competenciais.

2. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital será a encargada da xestión tecnolóxica dos sistemas de soporte da carpeta cidadá da Xunta de Galicia. Esta entidade adoptará as medidas necesarias para que as condicións de identificación, accesibilidade, continuidade, integridade e seguridade respondan ás esixencias normativas vixentes.

3. A persoa interesada será responsable da veracidade da información que achegue.





Artigo 24. *Servizos proactivos personalizados*

1. A partir da información dispoñible na Carpeta cidadá sobre as persoas interesadas, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ofrecer, de forma proactiva, servizos personalizados no exercicio das súas funcións e competencias, relativos ás súas preferencias persoais, intereses ou localización, sempre que se apliquen as medidas adecuadas para a protección dos dereitos, liberdades e intereses lexítimos das persoas destinatarias.

2. Para o tratamento dos datos persoais necesarios para a prestación dos servizos sinalados neste precepto será necesario que a persoa interesada preste o seu consentimento, nos termos previstos na normativa de protección de datos de carácter persoal, debendo subministrarse a aquela a información esixida pola dita normativa.

O tratamento esixirá a adopción das medidas de seguridade necesarias conforme ao disposto no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica e na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento.

Conforme ao artigo 9.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o só consentimento do afectado non abonda para levantar a prohibición de tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnico.





3. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar, en calquera momento e a través da carpeta cidadá, a súa vontade para que o sector público autonómico lles preste, ou deixe de prestar, servizos proactivos personalizados.





CAPÍTULO III Sistema Único de Rexistro

Sección 1ª. Composición do Sistema

Artigo 25. Sistema Único de Rexistro

1. O Sistema Único de Rexistro é o conxunto de órganos e unidades que realizan funcións de rexistro de entrada e/ou saída de cantas solicitudes, escritos, comunicacións e documentos se reciban ou remitan na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico, para a súa debida constancia, coa finalidade de facer real e efectivo o principio de proximidade á cidadanía.
2. O Sistema Único de Rexistro está integrado pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e, de existir, polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se creen conforme ao previsto no número 4.
3. Non terán a condición de rexistro electrónico as caixas de correo electrónico corporativo asignadas ao persoal empregado público ou aos órganos ou unidades, nin tampouco os dispositivos de recepción de fax ou outras canles electrónicas non integradas co rexistro, salvo nos supostos expresamente previstos no ordenamento xurídico.





4. Excepcionalmente, as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia por razóns de eficacia, eficiencia e de interese xeral derivadas da concorrencia de circunstancias especiais, poderán crear o seu propio rexistro electrónico de acordo coas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente. Estes rexistros deberán ser plenamente interoperables, deberán estar interconectados co Rexistro Electrónico Xeral e deberán cumprir coas garantías e medidas de seguridade previstas na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. O Sistema Único de Rexistro dependerá da consellería competente en materia de administracións públicas.





Sección 2ª. O Rexistro Electrónico Xeral

Artigo 26. Rexistro Electrónico Xeral

No Rexistro Electrónico Xeral se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou se reciba en calquera órgano administrativo da Administración xeral ou entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia. Tamén se poderá anotar nel a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares.





Artigo 27. Interoperabilidade do Rexistro Electrónico Xeral e protección de datos de carácter persoal

1. O Rexistro Electrónico Xeral facilitará o acceso aos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, se os houbese.
2. O Rexistro Electrónico Xeral cumprirá coas garantías e medidas de seguridade previstas na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
3. De acordo co artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o Rexistro Electrónico Xeral será plenamente interoperable cos das demais administracións públicas de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.





Artigo 28. Acceso ao Rexistro Electrónico Xeral

1. O acceso da cidadanía ao Rexistro Electrónico Xeral para a presentación electrónica de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos estará dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Regulamentariamente, regularase a posibilidade de interrupción temporal do funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral por motivos xustificados de carácter técnico, así como os supostos nos que, de acordo as condicións de uso do servizo, se poderán rexeitar os documentos electrónicos que se presenten e os efectos do seu rexeitamento.

3. O Rexistro Electrónico Xeral disporá de modelos e habilitará sistemas para a presentación conxunta de solicitudes para aqueles procedementos que regulamentariamente se determine, co fin de facilitar a automatización da súa presentación por parte das persoas interesadas e a súa tramitación pola Administración.





Artigo 29. Anotacións dos asentos

1. A recepción e a remisión de solicitudes, escritos e comunicacións xerará os asentos correspondentes no rexistro. Utilizaranse medios electrónicos seguros para a realización dos asentos e para a súa consulta.
2. Por cada recepción ou remisión de solicitudes, escritos e comunicacións, o sistema informático que dea soporte ao Rexistro Electrónico Xeral realizará un asento de entrada ou de saída, respectivamente, e asociará a cada asento a documentación complementaria presentada ou remitida, especificando o número, a pegada dixital e a denominación dos documentos que se xuntan.
3. Os asentos do rexistro anotaranse respectando a orde temporal de recepción ou saída.
4. O rexistro garantirá a constancia, en cada asento que se practique, dun número de rexistro, epígrafe expresiva da súa natureza, data e hora da súa presentación ou remisión, identificación da persoa interesada, órgano administrativo remitente, de proceder, persoa ou órgano destinatario e, de proceder, unha referencia ao número de expediente, así como unha referencia ao contido da solicitude, escrito, comunicación ou documento que se rexistra.





Artigo 30. Recibos acreditativos da presentación

1. O Rexistro Electrónico Xeral xerará automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do documento de que se trate, incluíndo a data e hora de presentación e o número de rexistro, así como un recibo acreditativo doutros documentos que, se fora o caso, o acompañen, que garanta a súa integridade e non repudio.

2. Regulamentariamente, regularase o sistema de recuperación dos recibos no caso de fallo técnico ou cando concorran outras circunstancias que poidan impedir a súa correcta recepción pola persoa destinataria.





Artigo 31. *Cómputo de prazos*

1. O computo de prazos no Rexistro Electrónico Xeral rexerase polo establecido no artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
2. De acordo co disposto no dito precepto, o Rexistro Electrónico Xeral rexerase, a efectos de cómputo de prazos, pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será a sede electrónica da Xunta de Galicia.
3. A sede electrónica mostrará en lugar facilmente visible e accesible a data e a hora oficial, que será a que conste como data e hora da operación, e adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade.





Sección 3ª. Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro

Artigo 32. Composición

1. A Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro está constituída polas oficinas que desenvolven as funcións de asistencia en materia de rexistros e no uso de medios electrónicos, información á cidadanía e as demais previstas nos artigos 33, 34 e 35.

2. A Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro estará integrada polas oficinas que no momento da entrada en vigor desta lei desenvolvan as actividades de asistencia en materia de rexistros no sector público autonómico e por aquelas outras oficinas que pasen a formar parte da rede conforme ao disposto nos números seguintes deste artigo.

3. As oficinas desta rede serán creadas, modificadas e suprimidas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas.

4. Así mesmo, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas, poderán habilitarse temporalmente unidades ou órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais como oficinas da rede para que realicen as funcións de oficina de atención á cidadanía e rexistro, nos termos e co alcance que nela se determinen.

5. As delegacións e oficinas exteriores autonómicas poderán dispoñer de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións e requisitos que se





establezan regulamentariamente, coa finalidade de achegar o sector público autonómico á comunidade galega residente fóra de Galicia e, en xeral, a calquera cidadán ou cidadá non residente en Galicia que se queira relacionar con aquel.

6. O disposto anteriormente enténdense sen prexuízo da posible celebración de convenios entre a Administración autonómica e outras Administracións Públicas para a cooperación no desenvolvemento das funcións propias das oficinas de atención á cidadanía e rexistro que no convenio se concreten.

7. Na sede electrónica da Xunta de Galicia farase pública e manterase actualizada unha relación das oficinas nas que se prestará asistencia para a presentación electrónica de documentos, así como un directorio xeorreferenciado que permita ás persoas interesadas identificar a oficina máis próxima ao seu enderezo.

8. Mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia se determinarán os días e o horario no que estarán abertas ao público as oficinas de atención á cidadanía e rexistro.





Artigo 33. *Presentación presencial e dixitalización*

As persoas físicas que non estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas poderán voluntariamente presentar escritos, solicitudes, comunicacións e documentos presencialmente nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro, as cales, de acordo co artigo 16.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán dixitalizalos para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico.

Os documentos orixinais devolveranse ás persoas interesadas, sen prexuízo daqueles supostos nos que unha norma determine a custodia pola administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.





Artigo 34. Funcións das oficinas de atención á cidadanía e rexistro

1. Ademais das establecidas no artigo anterior, son funcións das oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro:

a) A asistencia no uso de medios electrónicos ás persoas interesadas que non estean obrigadas ao emprego dos ditos medios que así o soliciten, especialmente no referente á identificación e sinatura electrónica, presentación de solicitudes a través do Rexistro Electrónico Xeral e obtención de copias auténticas.

b) Facilitar aos cidadáns e cidadás información xeral nos termos establecidos nos termos establecidos no artigo 11 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. Prestarase especial atención ás persoas con discapacidade a través dos medios e/ou formatos adecuados.

c) Informar sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública ao abeiro da lexislación vixente en materia de transparencia e prestar orientación e asesoramento para o exercicio do dito dereito.

d) Informar sobre o procedemento para a presentación de suxestións e queixas e prestar asistencia no exercicio deste dereito nos termos previstos na Lei 1/2015, do 1 de abril.

e) Informar, sen prexuízo das funcións correspondentes aos órganos, servizos e unidades de xestión dos ámbitos competenciais específicos, sobre o estado de tramitación dos procedementos, a aquelas persoas que así o soliciten, que ostenten a condición de persoa interesadas e acudan persoalmente, ou mediante



representante, a unha oficina da rede, sempre que a antedita información conste na carpeta cidadá ou sexa accesible a través da sede electrónica.

f) A provisión de medios de identificación dixital para a persoas que así o soliciten.

g) A realización de copias auténticas, axustándose ao previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade, no Esquema Nacional de Seguridade, nas súas normas técnicas de desenvolvemento así como ás regras previstas no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

h) Formalizar os apoderamentosos apud acta outorgados mediante comparencia persoal na oficina por quen ostente a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo.

i) A comunicación ás persoas interesadas da información de identificación do órgano, centro, unidade administrativa ou entidade á que se dirixe a solicitude, escrito, comunicación ou documentos.

j) A práctica de comunicacións ou notificacións nos casos previstos no artigo 41.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

k) Calquera outra función esixida pola normativa vixente así como aquelas funcións que, orientadas á prestación de asistencia á cidadanía e de impulso do uso dos medios dixitais, se determinen regulamentariamente.

2. Coa finalidade de prestar un servizo máis personalizado aos cidadáns e cidadás, poderán establecerse mecanismos de cita previa ou outros similares.



3. A Administración autonómica porá a disposición dos cidadáns e cidadás as canles de acceso que sexan necesarias, así como os sistemas e as aplicacións que en cada caso se determinen para dar cumprimento ás funcións da rede.

4. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia dotarán ás oficinas de atención á cidadanía e rexistro cos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.



Artigo 35. Asistencia para a identificación ou sinatura electrónica

1. De acordo co artigo 12.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para que identificación ou sinatura electrónica de persoas interesadas que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios poida ser validamente realizada por persoal funcionario público habilitado será necesario que aquelas se identifiquen ante a persoa funcionaria e presten o seu consentimento expreso para a dita actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.
2. As persoas interesadas presentarán para a súa identificación o documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente en vigor, e deberán consentir expresamente a súa identificación ou sinatura polo persoal funcionario público habilitado para cada actuación administrativa por medios electrónicos que a requira. Para iso, deberán utilizar o modelo de documento dispoñible ao efecto na sede electrónica da Xunta de Galicia e nas oficinas da rede regulada nesta lei.
3. As persoas interesadas poderán solicitar ao persoal funcionario público habilitado toda a documentación acreditativa do trámite realizado e unha copia do documento de consentimento expreso asinado. Esta documentación estará dispoñible en todo caso na carpeta cidadá.



CAPÍTULO IV

Cooperación para a atención á cidadanía

Artigo 36. Cooperación para a atención á cidadanía

1. Por razóns de eficacia, eficiencia e mellor atención á cidadanía, poderanse establecer acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas, nos que se indicarán as actividades e o obxecto da colaboración.
2. A formalización dos devanditos acordos deberá contar co informe favorable da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico.





CAPITULO V

Interaccións informais

Artigo 37. *Interaccións informais*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por interaccións informais coa cidadanía aquelas comunicacións que se efectúan a través de canles dixitais, promovidas polo sector público autonómico, coa finalidade de proporcionar información xeral en tempo real, así como dar resposta de natureza meramente orientativa ou informativa a determinadas cuestións. As respostas dadas no marco de interaccións informais en ningún caso serán vinculantes nin para a persoa que as formule nin para o órgano ou unidade do sector público autonómico que as conteste.

2. Considéranse canles de interacción informal:

a) Canles sociais e participativas, promovidas polo sector público autonómico, accesibles desde o portal web institucional da Xunta de Galicia.

b) Caixas de correo electrónico do órgano ou unidade do sector público autonómico con competencias na materia obxecto de consulta ou comunicación que figuren no portal web institucional da Xunta de Galicia.

c) Sistemas de mensaxería electrónica de tipo individual ou colectivo e chats de texto ou voz que figuren no portal web institucional da Xunta de Galicia.

3. Calquera persoa física ou xurídica poderá empregar canles de interacción informal para obter información nos termos expostos no número 1, sen que sexa esixible a acreditación da identidade. Tales canles non servirán, sen embargo,





para a válida presentación de solicitudes, escritos, comunicacións, recursos ou reclamacións, para o que deberá estarse ao disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, nesta lei e na restante normativa aplicable.





CAPÍTULO VI Representación

Artigo 38. *Acreditación da representación*

1. Conforme á normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

2. De acordo co disposto na mesma normativa, entenderase acreditada a representación nos procedementos administrativos tramitados polo sector público autonómico mediante o outorgamento de apoderamentos *apud acta* efectuados por comparecencia persoal nas oficinas da rede regulada nesta lei, por comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, ou no que corresponda, de poderes de representación.



Artigo 39. Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia

1. Créase o Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia no cal deberán ser inscritos, polo menos, os de carácter xeral outorgados apud acta, de forma presencial nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro ou electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia, por quen ostente a condición de interesado nun procedemento administrativo a favor de representante, para actuar no seu nome ante as Administracións Públicas.

2. O Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia será plenamente interoperable nos termos do artigo 6.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Artigo 40. Acreditación da representación asociada á titularidade de determinados órganos ou cargos

1. Coa finalidade de simplificar o trámite relativo á acreditación da representación, créase un rexistro autonómico no que constarán as persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

2. Nos procedementos administrativos que se tramiten ante o sector público autonómico nos que estas persoas, na condición de titulares de tales órganos ou cargos, actúen, conforme á normativa aplicable, en representación dunha entidade, a dita representación poderá acreditarse a través da acreditación da súa inscrición neste rexistro. A estes efectos, o órgano competente para a tramitación do procedemento deberá incorporar ao expediente administrativo o documento electrónico que acredite o resultado da consulta ao dito rexistro.

3. Neste rexistro constarán:

a) As persoas que ostenten a alcaldía dos concellos de Galicia e a presidencia das Deputacións Provinciais de Galicia.

b) As persoas titulares de órganos de administracións públicas galegas e de entidades vinculadas ou dependentes destas, cuxo nomeamento sexa publicado no Diario Oficial de Galicia ou no Boletín oficial correspondente.

c) As persoas que ostenten a dirección dun centro educativo público autonómico, delegación da Xunta de Galicia no exterior, universidades públicas do Sistema



Universitario de Galicia ou centro de investigación ou tecnolóxico da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) As persoas representantes das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e inscritas no Rexistro da Galeguidade .

e) As persoas titulares doutros cargos non incluídos nas letras anteriores cando resulte de interese para os fins que motivan a creación deste rexistro, e que así se determinen regulamentariamente.

3. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de inscrición e de baixa no rexistro, así como as súas condicións de funcionamento, debendo garantirse a súa permanente actualización.



CAPÍTULO VII

Identificación e sinatura electrónicas

Artigo 41. *Sistemas de identificación electrónica admitidos*

1. As persoas, nas súas relacións co sector público autonómico, poderán identificarse electronicamente a través de:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza». Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa física representante de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza».

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a Administración autonómica considere válido, nos termos e condicións que se establezan, o cal, en todo caso, ha de contar cun rexistro previo como usuario que permita garantir a identidade.



Artigo 42. Sistemas de sinatura electrónica admitidos

1. No caso de que as persoas se relacionen co sector público autonómico a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de sinatura:

- a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza». Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa física representante de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.
- b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza».
- c) Sistemas de sinatura electrónica baseados na utilización de datos biométricos nas condicións e termos que se establezan.
- d) Calquera outro sistema que a Administración autonómica considere válido, nos termos e condicións que se establezan, en especial para facilitar as relacións electrónicas de persoas nacionais e estranxeiras non residentes con esta Administración.





Artigo 43. Sistemas de identificación e sinatura electrónicas nos procedementos administrativos

1. A Xunta de Galicia determinará, con carácter xeral, os sistemas de identificación e sinatura electrónicas admitidos, de entre os previstos nos artigos anteriores, tendo en conta as previsións dos artigos 9.2 e 9.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
2. De conformidade co artigo 10.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando así o dispoña expresamente a normativa reguladora aplicable, poderanse admitir os sistemas de identificación contemplados nesta lei como sistema de sinatura cando permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesadas.
3. De acordo co artigo 10.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando as persoas interesadas utilicen un sistema de sinatura dos previstos nesta lei, a súa identidade entenderase xa acreditada mediante o propio acto da sinatura.



CAPÍTULO VIII

Notificacións

Artigo 44. *Sistema de notificacións electrónicas de Galicia*

1. O Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal, é o enderezo electrónico habilitado único que o sector público autonómico pon a disposición da cidadanía.
2. As notificacións electrónicas que realicen os órganos e entidades do sector público autonómico de Galicia practicaránse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, enderezo electrónico habilitado único.
3. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital será a encargada dos contidos e servizos comúns, xestión tecnolóxica, continuidade, accesibilidade e seguridade do sistema Notifica.gal. Corresponderá a cada órgano ou entidade que utilice o sistema a responsabilidade sobre os contidos ou servizos específicos, así como da xestión das notificacións dentro do seu ámbito de competencia.
4. Nos casos de non funcionamento do sistema por razóns de imposibilidade técnica no envío ou posta a disposición, derivada de caso fortuíto, forza maior ou outras incidencias técnicas, as notificacións que se teñan que realizar na sede electrónica da Xunta de Galicia e no enderezo electrónico habilitado único, mentres non se restableza o sistema, poderán efectuarse, a xuízo do órgano que tramite o procedemento e atendendo ao cumprimento dos prazos de resolución e ás circunstancias concorrentes, por medios non electrónicos, de acordo co establecido na lexislación reguladora do procedemento administrativo común,





sempre que permita ter constancia do envío ou posta a disposición da notificación, da recepción ou acceso pola persoa interesado ou por quen a represente, da data e hora, do contido íntegro do acto notificado, e da identidade fidedigna da persoa remitente e destinataria dela.

5. Para os efectos do acceso ao contido das notificacións polas persoas interesadas, o sistema informará das indisponibilidades do servizo planificadas, así como das interrupcións non planificadas derivadas de incidencias técnicas. O sistema porá a disposición das persoas interesadas o oportuno xustificante electrónico de indisponibilidade que exprese os períodos de interrupción, para os efectos, de ser o caso, da súa presentación pola persoa interesada no correspondente procedemento e da xustificación ante o órgano competente para a súa tramitación da imposibilidade de cumprimento dos prazos dentro deste e a petición da súa ampliación, se así procede.

6. O sistema Notifica.gal estará accesible no portal web institucional da Xunta de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia, así como no seu enderezo directo.



Artigo 45. Notificación ás persoas interesadas que non están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración

1. As persoas interesadas que non estean obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa Administración poderán solicitar a creación do seu enderezo habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, mediante os modelos normalizados dispoñibles para estes efectos no propio sistema, para os efectos de recibir a partir dese momento as notificacións a través de medios electrónicos en calquera procedemento administrativo tramitado polo sector público autonómico.
2. En particular, nos procedementos iniciados por solicitude da persoa interesada, cando esta elixa no modelo normalizado de solicitude que a notificación nese procedemento se practique por medios electrónicos, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia crearán o seu enderezo habilitado único.
3. A creación do seu enderezo electrónico habilitado nos casos dos dous números anteriores implicará que as notificacións que deban cursarse coa persoa interesada se realizarán preferentemente por vía electrónica, de acordo co establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común, sen prexuízo do seu dereito a decidir e a comunicar en calquera momento á Administración xeral e ás entidades instrumentais do sector público autonómico, mediante os modelos normalizados dispoñibles no sistema para o efecto, que as notificacións sucesivas se deixen de practicar por medios electrónicos. En particular, nos sucesivos procedementos iniciados por solicitude das persoas





interesadas, as notificacións practicaranse polo medio sinalado para o efecto no modelo normalizado de solicitude.

4. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia , no momento en que se teña que practicar a unha persoa interesada das previstas neste artigo unha notificación en papel, porán tamén a disposición desta, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, o contido da notificación para que poida acceder a este de forma voluntaria, e poderán dar de alta de oficio o enderezo electrónico habilitado da persoa interesada no caso de que non o teña. A información relativa a esta cuestión poderá incluírse na notificación en papel.






Artigo 46. Notificación ás persoas interesadas que están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración

1. As persoas interesadas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través de Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas indicadas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

2. En particular, nos procedementos iniciados por solicitude das persoas interesadas deberá optarse en todo caso no modelo normalizado de solicitude pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para eles, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

3. Nos procedementos iniciados de oficio, nos casos nos as persoas interesadas previstas neste artigo non teñan creado o seu enderezo electrónico habilitado único, este será creado de oficio pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico e practicaranse nel as correspondentes notificacións. Cando á Administración xeral ou ás entidades instrumentais do sector público autonómico lles conste o seu enderezo de correo electrónico e/ou dispositivo electrónico poderán utilizar estes datos para enviarlle á persoa interesada un aviso informándoa da posta á disposición da notificación. A falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.





CAPÍTULO IX

Medios de pago

Artigo 47. Cumprimento de obrigas de pagamento a través de medios electrónicos

1. As operacións de pago previstas ou derivadas da tramitación ou resolución dun procedemento administrativo, e que se realicen por medios electrónicos a favor da Facenda Pública autonómica, efectuaranse a través dunha plataforma autonómica transversal.
2. A plataforma de pagos admitirá como métodos de pago os medios de pago previstos na normativa vixente ou calquera outro que, respectando a dita normativa, se autorice polo órgano competente.
3. As persoas usuarias da plataforma de pagos terán dereito a que se lle entregue un xustificante do pago realizado.



TÍTULO II

Diario Oficial de Galicia

Artigo 48. *Diario Oficial de Galicia*

1. O Diario Oficial de Galicia (DOG) é o medio de publicación oficial da Comunidade Autónoma de Galicia a través da cal se dá publicidade ás normas, resolucións, actos administrativos e demais documentos e informacións que sexan obxecto de público coñecemento, de conformidade co ordenamento xurídico vixente.
2. O DOG publícase en edición electrónica. A dita edición electrónica, que ten carácter oficial, auténtico e único, incorpora sinatura electrónica cualificada como garantía da autenticidade, integridade e inalterabilidade do seu contido.
3. O DOG publicarase simultaneamente nos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ambas versións terán a consideración de oficiais e auténticas.
4. A responsabilidade da publicación e xestión do DOG é da consellería con competencias en materia de administracións públicas.
5. O DOG rexerase polo disposto nesta lei e no resto de normativa que resulte de aplicación.





Artigo 49. Interoperabilidade no eido xurídico

A publicación do DOG adoptará criterios de interoperabilidade no referido ao intercambio de información de índole xurídica, coa finalidade de facilitar o acceso da cidadanía e a interoperabilidade coas redes de información xurídica que se poidan establecer.





Artigo 50. Publicación

1. O DOG publicárase no portal do Diario Oficial de Galicia e será accesible desde o portal web institucional da Xunta de Galicia e desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.
2. A través do portal do Diario Oficial de Galicia será posible acceder aos boletíns oficiais provinciais de Galicia.
3. Ao obxecto de minimizar a diseminación da información de carácter persoal á que se poida acceder a través de motores de busca, garantirase o pleno respecto ás esixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



TÍTULO III

Da presenza do sector público autonómico na internet

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 51. Principios xerais da presenza do sector público autonómico na internet

1. A presenza na internet do sector público autonómico deberá atender aos seguintes principios xerais:

- a) Garantir unha adecuada información institucional, administrativa e de prestación de servizos, asegurando o máximo nivel de calidade, consistencia e coherencia no que atinxe á imaxe, comunicación e información ofrecidas na rede integrada da presenza na internet.
- b) Potenciar unha imaxe institucional homoxénea que permita articular, mediante unha adecuada organización da información, o acceso aos contidos e servizos ofrecidos polo sector público autonómico na internet.
- c) Impulsar unha estruturación adecuada dos contidos e acceso a servizos, mediante a integración, segmentación e xerarquización para garantir un acceso en base ás necesidades das persoas usuarias independentemente da estrutura organizativa do sector público autonómico, facilitando así a súa localización.
- d) Promover e garantir a transparencia, como criterio orientador da actividade do sector público autonómico para facilitar aos cidadáns e cidadás información e datos de interese xeral.





- e) Ofrecer unha canle de comunicación á cidadanía coas institucións que permita, á súa vez, promover a participación desta nos asuntos públicos.
- f) Promover a difusión de información de interese e relevancia pública para o aproveitamento das oportunidades que ofrece a evolución dos servizos en internet para achegar a administración á cidadanía, facilitando espazos de participación.
- g) Impulsar a difusión da riqueza cultural, patrimonial, lingüística e social de Galicia a través da internet.
- h) Fomentar a calidade e eficiencia na prestación de servizos electrónicos.
- i) Garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade.

2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico prestarán servizos en liña accesibles á cidadanía, fomentando os portais web con orientación temática e centrada nas persoas destinatarias fronte a unha orientación orgánica ou departamental, co obxectivo de simplificar o acceso aos ditos portais.



CAPÍTULO II

Organización da presenza do sector público autonómico na internet

Artigo 52. Portal web institucional da Xunta de Galicia

1. O portal web institucional da Xunta de Galicia, www.xunta.gal, é o sitio web institucional da Xunta de Galicia constituído polo conxunto de páxinas web relacionadas entre si, estruturadas mediante un sistema de información, de libre acceso e albergadas na Rede corporativa da Xunta de Galicia.
2. O portal web institucional da Xunta de Galicia recollerá, xunto coa información institucional de todos os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a información administrativa e os servizos en liña facilitados ou prestados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa difusión á cidadanía.
3. A través do portal web institucional da Xunta de Galicia poderase acceder tamén á totalidade dos portais e servizos dixitais das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, de xeito que constitúa un punto de acceso permanente á información e aos servizos do sector público autonómico.
4. En particular, o portal web institucional recollerá tamén o acceso ás canles de comunicación da cidadanía co sector público autonómico o acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia e á carpeta cidadá da Xunta de Galicia.
5. O portal web institucional da Xunta de Galicia realizará as funcións de punto de acceso xeral electrónico do sector público autonómico.



Artigo 53. Rede integrada da presenza na internet

1. A presenza do sector público autonómico na internet ordénase como un conxunto ou rede integrada de portais, cos seus correspondentes contidos e servizos, canles sociais e participativas e aplicacións móbiles, cuxa titularidade, xestión e administración corresponda aos órganos do sector público autonómico no exercicio das súas competencias.
2. Formarán parte da rede integrada da presenza na internet aquelas outras tipoloxías de canles que a evolución dos usos da sociedade e o propio desenvolvemento tecnolóxico permitan, establecendo novos modos de achegamento á cidadanía.



Artigo 54. Organización da estrutura de portais integrados na rede integrada da presenza na internet

1. Os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ofrecer información ou servizos ao público a través da internet, mediante espazos web baixo subdominios de xunta.gal.
2. Orientarase a publicación de portais cara a súa configuración como portais temáticos destinados a organizar contidos e servizos vinculados a unha determinada materia que transcendan do órgano ou entidade instrumental que ofrece os contidos ou presta o servizo, e que poderán contar con varios segmentos de destinatarios ou públicos obxectivos.
3. Poderase, ademais, acordar a publicación de portais promocionais para a difusión na internet de campañas ou programas específicos. Estes portais non se identificarán como portais dun determinado órgano ou entidade instrumental, aínda cando os contidos destes portais se correspondan, maioritariamente, cos dun órgano ou entidade.
4. En calquera caso, para a incorporación de novos portais temáticos ou promocionais seguirase o principio de integración cos portais previamente existentes, coa finalidade de articular un modelo coherente de presenza do sector público autonómico na internet sobre a base dos elementos comúns do sistema que garanten a homoxeneidade da imaxe, a compatibilidade e a interoperabilidade dos contidos.



CAPÍTULO III

Instrumentos para a organización da presenza na internet

Artigo 55. Catálogo da rede integrada da presenza na internet

1. O catálogo da rede integrada da presenza na internet recolle a relación de portais, canles sociais e participativas e aplicacións móbiles do sector público autonómico así como aqueles outros elementos que poidan formar parte deste rede, segundo o recollido no artigo 53.2, con identificación da información xeral, características e propiedades e responsabilidades dos elementos que o conforman.
2. Calquera portal web, canle social e participativa, aplicación móbil e aqueles outros elementos que poidan formar parte deste rede, segundo o recollido no artigo 53.2, do sector público autonómico deberá quedar identificado no Catálogo que estará dispoñible para a súa consulta no portal web institucional da Xunta de Galicia.
3. Para a publicación dunha iniciativa, e súa inclusión no catálogo, deberase seguir o establecido nas políticas e recomendacións vixentes, recollidas nas Guías de políticas web corporativa da Xunta de Galicia.



Artigo 56. Guías de políticas web corporativas

1. Coa finalidade de garantir uns criterios comúns que permitan artellar unha presenza na internet ordeada, cunha imaxe coherente e recoñecible pola cidadanía, elaboraranse guías en materia de deseño e creación dos elementos que compoñen a rede integrada da presenza na internet, garantindo a seguridade, accesibilidade e o aproveitamento dos recursos. Estas guías denominaránse guías de políticas web corporativas.
2. As entidades do sector público autonómico deberán atender ás previsións das devanditas guías na posta en marcha e permanente actualización dos portais, canles sociais e participativas, aplicacións móbiles ou outros elementos susceptibles de poder formar parte da rede.
3. Regulamentariamente, determinarase os órganos ou unidades responsables da elaboración e actualización continuada das guías de políticas web corporativas. Deberá velarse pola permanente actualización das guías e pola súa adecuación á normativa vixente na materia prevista nelas, e deberán estar publicadas e accesibles para todos os órganos do sector público autonómico.





CAPÍTULO IV

Dominios

Artigo 57.- Dominio nos portais web

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico ofrecerán información ou servizos ao público a través da internet mediante portais web baixo o dominio de nivel superior .gal.
2. Os portais web do sector público autonómico que empreguen dominios de nivel superior distintos do .gal deberán redirixir ao dominio .gal correspondente, mantendo a navegación por este dominio. As referencias internas a outros dominios substituiranse por referencias ao .gal, para non duplicar a presenza do sector público autonómico en indexadores ou buscadores.



Artigo 58.- *Dominio de correo*

Os órganos e entidades do sector público autonómico empregarán o dominio de correo de nivel superior .gal en todas as contas de correo electrónico persoais, departamentais ou corporativas.





Artigo 59.- *Rexistro de nomes de dominio*

1. O rexistro de nomes de dominio por parte dos órganos e entidades do sector público autonómico realizarase baixo a denominación única “Xunta de Galicia”.
2. Rexistraranse os nomes de dominio que sexan de interese para os órganos e entidades do sector público autonómico e aqueles dominios que se consideren de especial interese e permitan preservar a imaxe e presenza na rede do sector público autonómico.
3. A entidade do sector público autonómico con competencias en materia de desenvolvemento dixital será a encargada:
 - a) Da xestión das solicitudes de rexistro de novos dominios e do seu mantemento ante as organizacións encargadas do dito rexistro, a petición das entidades do sector público autonómico.
 - b) De manter a titularidade dos dominios vixentes e garantir a unidade de dominio e o cumprimento das políticas vixentes na materia, de acordo coa normativa patrimonial vixente.





TÍTULO IV

Do funcionamento dixital do sector público autonómico

CAPÍTULO I

Inventario de información administrativa

Artigo 60. *O Inventario de información administrativa*

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico harmonizarán a información básica de funcionamento dos sistemas de información utilizados nos diferentes ámbitos de actividade do sector público autonómico para permitir a coherencia da información e a interoperabilidade con outras administracións públicas.
2. O Inventario de información administrativa do sector público autonómico recollerá os conxuntos de datos ou catálogos corporativos que con carácter transversal serven para a identificación unívoca dos contidos dos catálogos, a ordenación e clasificación da información e documentación do sector público autonómico, garantindo a interoperabilidade entre sistemas e entre administracións.
3. O Inventario de información administrativa utilizarase para difundir información corporativa á cidadanía, interoperar con outras administracións públicas e configurar os sistemas de información segundo o establecido nos catálogos corporativos.
4. O Inventario de información administrativa do sector público autonómico incluírá, como mínimo:



a) O Directorio oficial do sector público autonómico que recolle o esquema completo da composición da estrutura orgánica do sector público autonómico, incluíndo a relación de órganos e entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, das oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e as unidades de xestión económica–orzamentaria, así como as súas relacións entre eles.

b) O Catálogo de procedementos e servizos que inclúe a información actualizada dos procedementos e servizos do sector público autonómico de Galicia de forma clasificada, estruturados en familias e con indicación do seu nivel de informatización e seguridade. A Guía de procedementos e servizos, parte integrante deste catálogo, recopila e divulga a información básica de cada procedemento ou servizo que pode ser de interese para a cidadanía.

c) O Catálogo de series documentais xeradas na xestión dos procedementos administrativos e servizos que presta o sector público autonómico, o catálogo de tipos documentais, o cadro de clasificación e esquemas de metadatos, necesarios todos eles para a configuración e xestión do Arquivo electrónico administrativo.

d) Outros catálogos corporativos que con carácter transversal se establezan para a ordenación ou clasificación da información do sector público autonómico, así como os necesarios para garantir a interoperabilidade coas restantes administracións.

5. De acordo co establecido no artigo 9 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, estableceranse os mecanismos que permitan enlazar e interoperar co Inventario da Administración Xeral do Estado.





Artigo 61. Xestión e uso do inventario de información administrativa

1. A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico determinará os protocolos de coordinación e mantemento dos contidos do inventario de información administrativa.
2. O inventario de información administrativa será de uso obrigatorio por parte dos sistemas de información utilizados nos diferentes ámbitos de actividade do sector público autonómico.
3. Os datos e catálogos recollidos no inventario de información administrativa do sector público autonómico estarán dispoñibles en formatos reutilizables.



CAPÍTULO II

Funcionamento dixital interno

Artigo 62. *Emisión de documentos administrativos*

1. De acordo co artigo 26.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os documentos administrativos emitiranse por escrito, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza exixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
2. Aos efectos do número anterior, cando a súa natureza o esixa como forma máis adecuada de expresión e constancia, será documento administrativo o ficheiro resultante da gravación de son ou imaxe axustado aos requisitos e ao procedemento que se estableza.
3. Os documentos administrativos, e aqueles susceptibles de formar parte dun expediente, terán sempre asociada polo menos unha sinatura electrónica para garantir a autenticidade e integridade. Para a sinatura electrónica por parte da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, os sistemas que poden ser utilizados son exclusivamente os previstos no capítulo IV do título IV sobre a identificación e sinatura do sector público autonómico.
4. De acordo o artigo 26.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non requirirán de sinatura electrónica os documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, así como aqueles que non formen parte dun expediente administrativo. En todo caso, será necesario identificar a orixe destes documentos.





Artigo 63. Copias de documentos

1. A expedición de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou privados, así como a validez e eficacia das ditas copias, rexeranse polo disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
2. Nos procedementos administrativos tramitados polo sector público autonómico de Galicia deberá expedirse copia auténtica electrónica de calquera documento en papel ou noutro soporte non electrónico susceptible de dixitalización que presenten as persoas interesadas e que se vaia incorporar a un expediente administrativo.
3. Regulamentariamente determinaranse os órganos que teñan atribuídas as competencias de expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados así como os formatos das copias auténticas electrónicas.





Artigo 64. *Comunicacións internas*

1. As comunicacións que se realicen entre os órganos ou entidades do sector público autonómico realizaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través das ferramentas tecnolóxicas corporativas habilitadas para o efecto.
2. As datas de transmisión e recepción acreditadas nas comunicacións electrónicas internas serán válidas para o cómputo de prazos.
3. As comunicacións en soporte papel só poderán utilizarse de forma excepcional e xustificada naqueles casos nos que a comunicación non se poida realizar de xeito integramente electrónico.





Artigo 65. *Comunicacións con outras administracións*

As comunicacións que se realicen entre os órganos e entidades do sector público autonómico e outras administracións públicas realizaranse, salvo supostos de imposibilidade xustificada, por medios electrónicos.



CAPÍTULO III

Procedementos administrativos e servizos dixitais

Artigo 66. Configuración dixital dos procedementos administrativos e servizos no sector público autonómico

1. A configuración dixital de procedementos administrativos e servizos no sector público autonómico ten por finalidade simplificar os procedementos administrativos e prestar servizos públicos dixitais, homoxéneos, personalizados e fáciles de utilizar, aplicando enfoques innovadores para deseñar e prestar mellores servizos de conformidade coas necesidades e as demandas da cidadanía, aproveitando as oportunidades que brinda a nova contorna dixital para facilitar as súas interaccións coas partes interesadas.

2. A implantación de procedementos administrativos e servizos no sector público autonómico esixirá unha revisión integral e preceptiva, que permita a verificación dos principios e criterios comúns na concepción de procedementos e servizos cun pleno funcionamento electrónico, sen prexuízo do necesario respecto dos dereitos das persoas non obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa Administración, así como o uso de novas canles e tecnoloxías dispoñibles para cada caso na prestación dos servizos públicos.

3. Os procedementos e servizos dixitais que se implanten deberán respectar os seguintes principios fundamentais co obxectivo de lograr a maior interacción coa cidadanía:

a) Principio de «só unha vez»: garantir que os cidadáns e cidadás faciliten a mesma información unha soa vez nos termos previstos no artigo 10.



- b) Homoxeneización: simplificar os procedementos administrativos e servizos públicos dixitais a través dunha interface homoxénea facilitando ás persoas interesadas, por unha banda, a aprendizaxe de uso dos servizos e, por outra, a comprensión da información que se solicita.
- c) Interoperabilidade: Deberán garantirse o cumprimento das normas técnicas de interoperabilidade que posibiliten a circulación de datos e documentos entre as administracións públicas.
- d) Personalización: habilitación de solucións dixitais personalizables que permitan a mellor adecuación ás demandas e singularidades de colectivos específicos.
- e) Seguridade e protección de datos: cumprimento do marco xurídico sobre a protección de datos persoais, da intimidade e da seguridade da información, integrando estes elementos na fase de deseño.
- f) Automatización: Fomento de actuacións administrativas automatizadas nos actos ou actuacións que sexan susceptibles de ser configuradas como tales no marco dun procedemento administrativo.
- g) Inclusión e accesibilidade: deseñar os servizos públicos dixitais de tal modo que sexan inclusivos e tomen en consideración as necesidades de determinados colectivos, como as das persoas maiores e as persoas con discapacidade.
- h) Transparencia e goberno aberto: compartir información e datos entre as administracións públicas e permitir que os cidadáns e cidadás poidan ter acceso aos seus propios datos, controlalos e rectificalos, e que as persoas interesadas poidan facer un seguimento dos procedementos administrativos que lles afecten.



- i) Proxección exterior: lograr, no marco das competencias autonómicas, que paulatinamente os procedementos e servizos públicos dixitais pertinentes sexan accesibles nos países cos que a nosa comunidade ten maiores relacións, especialmente con Portugal e os países de Iberoamérica, facilitando así a mobilidade das persoas e a integración tecnolóxica da cidadáns e cidadás galegos residentes no exterior e entidades galegas asentadas fóra de Galicia.
- j) Adaptación tecnolóxica: evolución das tecnoloxías e os sistemas informáticos coa finalidade de que estean permanentemente actualizados en relación coa contorna e o desenvolvemento tecnolóxico.
- k) Pago electrónico: na realización de trámites suxeitos ao pagamento de taxas autonómicas deberá permitirse o pago electrónico.



Artigo 67. Deseño de procedementos e servizos dixitais

1. Na fase de deseño dun procedemento administrativo ou servizo deberán terse en conta os seguintes elementos básicos da súa configuración dixital:

- a) A incorporación da canle dixital por defecto, considerando a aplicación dos criterios de administración dixital, previstos na presente regulación, e a utilización dos sistemas dixitais únicos, regulados no artigo 116, sen prexuízo de garantir o acceso a persoas que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración.
- b) A incorporación de actuacións administrativas automatizadas en trámites que sexan susceptibles desta configuración, reducindo substancialmente os tempos de tramitación e atención.
- c) A aplicación de criterios iguais na relación cos mesmos colectivos.
- d) A definición de procedementos que permitan a interacción e coordinación entre diferentes órganos, en aras da simplificación da tramitación e da redución de cargas administrativas á cidadanía.
- e) A identificación das canles de asistencia no uso dos servizos públicos dixitais.
- f) Os mecanismos de identificación de melloras na prestación do servizo público dixital.
- g) A facilidade de uso do servizo minimizando o grao de coñecemento funcional ou tecnolóxico necesario para o uso do mesmo.



2. Regulamentariamente, determinarase o procedemento de configuración dixital de procedementos administrativos e servizos do sector público autonómico de Galicia, así como os órganos ou unidades responsables.



Artigo 68. Guías en materia de configuración dixital de procedementos e servizos

1. Para o deseño de procedementos e servizos dixitais elaboraranse guías en materia de configuración dixital de procedementos e servizos que ofrecerán directrices de uso obrigatorio para a habilitación de procedementos administrativos e servizos, baixo uns principios de racionalización e simplificación, e facilitarán o cumprimento da normativa en materia de administración electrónica e simplificación administrativa. As entidades do sector público autonómico deberán atender ás previsións das devanditas guías para a habilitación electrónica de procedementos e servizos no seu ámbito competencial.

2. En particular, para os procedementos de contratación pública elaborárase unha guía, que recollerá as recomendacións a ter en conta na redacción dos pregos e das invitacións a procedementos negociados, que aseguren o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas relacións entre o sector público autonómico e as empresas, dando cumprimento ás prescricións legais de administración electrónica en vigor.

3. Regulamentariamente, determinarase os órganos ou unidades responsables da elaboración e actualización continuada das guías en materia de configuración dixital de procedementos e servizos. Deberá velarse pola permanente actualización das ditas guías e pola súa adecuación á normativa vixente na materia prevista nelas, e deberán estar publicadas e accesibles para todos os órganos do sector público autonómico.



CAPÍTULO IV

Identificación e sinatura no eido do sector público autonómico

Artigo 69. Identificación e sinatura electrónicas do persoal empregado público

A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público dos mecanismos de identificación e sinatura electrónicas necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.



Artigo 70. Sistemas de identificación do persoal empregado público

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público, con carácter xeral, dun certificado electrónico recoñecido ou cualificado de empregado público e dun sistema de usuario e contrasinal.
2. Estes sistemas de identificación poderán ser utilizados polo dito persoal, dependendo do nivel de seguridade requirido e nos termos previstos pola correspondente administración, nos sistemas informáticos do sector público autonómico ou doutras administracións públicas.
3. Así mesmo, o dito persoal poderá ser dotado doutros sistemas sistemas de identificación específicos que se determinen para o exercicio das súas funcións, incluíndo certificados de persoa física representante da Administración xeral e/ou entidades públicas instrumentais.





Artigo 71. Sistemas de sinatura do persoal empregado público

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público, con carácter xeral, dun certificado electrónico recoñecido ou cualificado de empregado público como sistema de sinatura electrónica.

2. Así mesmo, poderán dotarse outros mecanismos específicos que se determinen, incluído un certificado de persoa física representante da Administración xeral e/ou da entidade pública instrumental, para o desenvolvemento das súas funcións.

3. Cando as funcións desenvolvidas polo persoal empregado público do sector público autonómico esixan mobilidade ou exista unha imposibilidade técnica para a sinatura electrónica a través de certificado electrónico recoñecido ou cualificado, poderán habilitarse, nos termos que se determinen regulamentariamente, outros sistemas de sinatura electrónica.

4. Por razóns de seguridade pública, regulamentariamente poderá habilitarse para determinados colectivos de persoal empregado público do sector público autonómico o uso de certificados electrónicos con pseudónimo debendo referirse en todo caso ao número de identificación profesional de empregado público que permitirá a súa identificación para os casos nos que fora necesario.



Artigo 72. Tarxeta de acreditación persoal

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais dotarán ao seu persoal empregado público dunha tarxeta de acreditación persoal que incluírá todos os certificados electrónicos que requira para o desenvolvemento das súas funcións e que terá unha validez indefinida desde a toma de posesión ata o cesamento como persoal empregado público.

2. O mecanismo concreto de acreditación persoal do persoal empregado público do sector público autonómico estará suxeito á renovación das tecnoloxías e dos sistemas informáticos utilizados cando sexa necesario coa finalidade de que estea permanentemente actualizado en relación coa contorna e o desenvolvemento tecnolóxico.



Artigo 73. Sistemas de identificación da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos do sector público autonómico.
2. A relación de selos electrónicos utilizados no sector público autonómico, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como as medidas para a súa verificación estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.
3. Entenderase identificada a entidade do sector público autonómico respecto da información que se publique como propia nos portais web da Rede integrada da presenza na internet.



Artigo 74. Actuación administrativa automatizada

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico promoverán o fomento de actuacións administrativas automatizadas cando se trate de actos ou actuacións respecto dos cales os criterios de análise ou decisión poidan integrarse nun programa que realice a actuación automatizada.

2. A sinatura electrónica das actuacións administrativas automatizadas poderá realizarse mediante os seguintes sistemas de sinatura electrónica, de acordo co artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

a) Selo electrónico de administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado ao sector público autonómico, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. No caso de sinatura electrónica con código seguro de verificación, deberá asegurarse a autenticidade e a integridade do documento durante toda a súa vixencia. Para este fin, e co obxecto de favorecer a interoperabilidade, poderase superpoñer ao documento asinado un selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado.

4. As actuacións administrativas automatizadas deberán declararse mediante unha resolución conxunta do órgano competente para a definición das especificacións,



programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte así como do órgano responsable a efectos de impugnación. Nesta resolución especificarase a identificación de tales órganos e os sistemas de sinatura utilizados no seu caso para a actuación administrativa automatizada.

5. Publicarase na sede electrónica da Xunta de Galicia e no Diario Oficial de Galicia o texto íntegro das resolucións indicadas no número anterior.



CAPÍTULO V

Rexistro de persoal funcionario público habilitado

Artigo 75. Obxecto e alcance do rexistro de persoal funcionario público habilitado

1. Créase, no eido do sector público autonómico, o Rexistro de persoal funcionario público habilitado onde constará o persoal funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas e a realización da identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios.
2. O sistema de xestión de persoal da Xunta de Galicia conterá a información necesaria para dar soporte ao rexistro, onde constará como persoal funcionario habilitado, polo menos, aquel persoal funcionario que realice funcións de atención aos cidadáns e cidadás nas oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, sen prexuízo da habilitación doutro persoal funcionario que se determine.
3. As restantes administracións públicas galegas poderán adherirse voluntariamente a este rexistro, para cumprir co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común en materia de rexistro de funcionarios públicos habilitados.
4. De acordo co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, este rexistro será plenamente interoperable e estará interconectado cos rexistros ou sistemas das restantes administracións públicas, para os efectos de comprobar a validez das habilitacións.





5. O rexistro de persoal funcionario público habilitado dependerá da consellería con competencia en materia de función pública.



CAPÍTULO VI

Interoperabilidade de datos e documentos

Artigo 76. Plataforma de intermediación

1. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital funcionará como un nodo de interoperabilidade mediante a plataforma de intermediación pasaXe! que prestará funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e co resto de administracións públicas.
2. O intercambio de datos e documentos a través de pasaXe! realizarase nunhas condicións tales que garantan a seguridade da información e a protección de datos persoais que se transmitan, proporcionando medidas para a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza daqueles.



Artigo 77. Catálogo de servizos de interoperabilidade

1. O catálogo de servizos de interoperabilidade incluírá todos os servizos de consulta de datos e documentos accesibles a través da plataforma de intermediación pasaXe!.
2. O catálogo de servizos de interoperabilidade estará dispoñible para a súa consulta tanto na intranet corporativa como no portal web institucional e nel se informará sobre os datos e documentos que se poden consultar en cada un dos servizos, así como das condicións de uso de cada un deles.
2. A identificación de novos servizos de interoperabilidade poderá vir determinada por calquera órgano das entidades usuarias de pasaXe!, tanto polas necesidades de novos datos ou documentos na tramitación dos procedementos, como pola súa capacidade de por a disposición doutros órganos ou administracións públicas novos datos ou documentos.



Artigo 78. Mapa de interoperabilidade do sector público autonómico

1. O Mapa de interoperabilidade do sector público autonómico é o inventario de tipos de documentos e datos elaborados ou que xa obren en poder das administracións públicas que o sector público autonómico precise para o desempeño da súa actividade ou poida proporcionar a outras administracións para o desempeño da súa actividade.

2. Coa finalidade prevista número 1, estarán incluídos no alcance do mapa a demanda potencial de intercambios electrónicos de datos ou documentos, a oferta de servizos interoperables que proporcionen tales datos ou documentos e o uso real destes servizos que virá determinado polas consultas efectivas de información realizadas a través da plataforma de intermediación.

3. Para estes efectos, a posta a disposición do mapa permitirá:

- a) Facilitar o impulso do intercambio de documentos e datos entre as administracións públicas a través de medios electrónicos.
- b) Identificar e inventariar as necesidades e obrigas de intercambio de datos e documentos do sector público autonómico.
- c) Definir documentos interoperables que dean soporte ás necesidades de intercambio de información entre as administracións públicas, aplicando unha visión de conxunto, e ordenando as transmisións entre administracións.





d) Avaliar a demanda de datos e documentos, atendendo á súa criticidade e á mellora que achegarán, permitindo así priorizar os traballos de incorporación de servizos na plataforma de intermediación.



CAPÍTULO VII

Arquivo electrónico administrativo

Artigo 79. Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia

1. O arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia é o sistema que permite a xestión de expedientes administrativos electrónicos do sector público autonómico nas súas diferentes fases. Polo tanto, incluírá todos os expedientes en tramitación e os finalizados, durante o tempo establecido nos seus calendarios de conservación.
2. O Arquivo electrónico administrativo rexeranse polo disposto nesta lei, na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia e no resto da normativa aplicable.
3. A responsabilidade da custodia e o mantemento dos expedientes e documentos durante a súa tramitación será responsabilidade da unidade xestora deles. Finalizada a súa tramitación, a unidade xestora do expediente deberá transferir a súa custodia ao Arquivo de Galicia ou a outros arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia.
4. Os formatos dos documentos do Arquivo electrónico administrativo deberán garantir a súa autenticidade, integridade, conservación, dispoñibilidade e confidencialidade, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión.





Artigo 80. Política de xestión documental electrónica

1. A Política de xestión documental electrónica constitúe o marco de actuación para a creación e xestión de documentos auténticos, fiables e dispoñibles no tempo. A política de xestión documental electrónica desenvolve os aspectos técnicos, normativos e organizativos necesarios para a coordinación, aplicación e supervisión da xestión documental electrónica , de forma que se garanta a seguridade, interoperabilidade e preservación dos documentos.

2. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital, en coordinación coas consellerías competentes en materia de arquivos e patrimonio documental e en materia de administracións públicas, deberá poñer en práctica a Política de xestión documental electrónica do sector público autonómico no ámbito do arquivo electrónico administrativo, que deberá prever, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) As directrices e responsabilidades para a estruturación e o desenvolvemento dos procedementos de xestión documental.
- b) Os metadatos dos expedientes e documentos electrónicos para o seu tratamento e xestión a nivel interno e para garantir a interoperabilidade con outras administracións públicas.
- c) Os formatos de contido permitidos e recomendados.
- d) Calquera outro contido necesario para a xestión dos expedientes e documentos do sector público autonómico.



TÍTULO V

Dos medios, seguridade e continuidade da Infraestrutura Dixital

CAPÍTULO I

Infraestrutura dixital do sector público autonómico

Artigo 81. *Infraestrutura dixital básica do sector público autonómico*

1. A infraestrutura dixital básica do sector público autonómico é o equipamento tecnolóxico e o software de base necesario para o funcionamento dixital dos servizos baixo os principios de dispoñibilidade, accesibilidade e seguridade. Inclúe o equipamento necesario para a procesamento dos datos e o correcto almacenamento e custodia dos mesmos así como para garantir as comunicacións electrónicas e o intercambio de información tanto no ámbito interno como en relación con outras administracións así como coa cidadanía e empresas.

2. A infraestrutura dixital básica deberá asegurar a prestación dos servizos a nivel de posto de traballo, a dispoñibilidade dos datos e a súa protección para facilitar a interoperabilidade e a relación multilateral no intercambio de información e acceso a servizos entre todas as Administracións Públicas.

3. As características principais da infraestrutura dixital básica son:

- a) Utilización de protocolos estándar de comunicacións.
- b) Alta dispoñibilidade e rendemento.



- c) Escalabilidade, extensibilidade e fiabilidade.
 - d) Facilitade de integración con outras redes públicas e privadas.
 - e) Cumprimento estrito de controis de acceso e seguridade.
4. Terán a consideración de infraestrutura dixital básica os centros de procesos de datos e a rede corporativa da Xunta de Galicia (RCXG).



Artigo 82. Centros de proceso de datos

1. Os centros de proceso de datos corporativos do sector público autonómico albergarán as infraestruturas tecnolóxicas necesarias para que o sector público autonómico proporcione servizos dixitais á cidadanía, ao propio sector público autonómico ou a outras administracións, cos axeitados niveis de seguridade e dispoñibilidade.
2. Estes centros actuarán como enlace para posibilitar a conexión entre os servizos dixitais ofrecidos polo sector público autonómico e os da Administración Xeral do Estado.
3. Co fin de garantir a dispoñibilidade dos servizos que se prestan desde o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDi) e, no seu caso, os centros de proceso de datos de respaldo (CPDr), a entidade responsable da xestión das infraestruturas de telecomunicacións do sector público autonómico realizará o control das conexións e o establecemento de condicións específicas de acceso aos devanditos servizos.





Artigo 83. *Acceso á rede corporativa*

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dispoñen dunha rede de acceso que integra voz e datos nas súas principais dependencias: a denominada rede corporativa da Xunta de Galicia (RCXG), que proporciona servizos de datos, internet, telefonía fixa e telefonía móbil.

2. Os accesos aos servizos de telecomunicacións nos edificios e conxuntos inmobiliarios nos que a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico desenvolven a súa actividade deberán cumprir coas medidas de seguridade e continuidade dos sistemas, dos datos, das comunicacións e dos servizos electrónicos de aplicación conforme á regulación vixente.

3. A entidade responsable da xestión da infraestrutura de telecomunicacións do sector público autonómico será a competente para supervisar e autorizar internamente as conexións da rede corporativa con redes públicas de acceso aos devanditos servizos, establecendo as condicións específicas que se deben garantir conforme á regulación vixente.





Artigo 84. Acceso a internet en edificios públicos

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico deberán contribuír á inclusión dixital da cidadanía permitindo aproveitar os beneficios da conexión a internet de alta velocidade en todos os edificios da súa titularidade nos que desenvolvan as súas competencias.

2. Para cumprir con este obxectivo, a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico habilitarán nos ditos edificios o acceso público á información dixital a través de internet, sempre que se dean as condicións técnicas que o fagan posible.





Artigo 85. Seguridade da infraestrutura dixital

1. A entidade do sector público autonómico competente en desenvolvemento dixital será a responsable de administrar e controlar as infraestruturas dixitais que dean soporte aos servizos regulados nesta lei garantindo a súa seguridade.
2. De conformidade co Esquema Nacional de Seguridade no relativo ao rexistro da actividade das persoas usuarias, e co obxectivo de garantir a seguridade, continuidade e rendemento da infraestrutura dixital do sector público autonómico, o seu uso poderá ser monitorizado e rexistrado, con independencia dos mecanismos que poidan empregarse para asegurar as comunicacións. Esta medida abranguerá, como mínimo, o servizo de mensaxería corporativa, o acceso á información contida nos seus sistemas e os datos de conexión e tráfico das redes de comunicación. Esta monitorización non será nunca selectiva ou discriminatoria senón que será realizada de forma sistemática ou aleatoria e sen vulneración da intimidade persoal nin do segredo das comunicacións. Estas accións levaranse a cabo cumprindo os requisitos que ao efecto estableza a normativa vixente.
3. Os servizos respecto dos que se detecte un uso inadecuado ou que non cumpran os requisitos de seguridade, continuidade e protección de datos definidos nesta lei poderán ser bloqueados ou suspendidos temporalmente.
4. Darase difusión entre o persoal empregado público dos procedementos e criterios de aplicación da monitorización indicada neste artigo.





CAPÍTULO II

Medios dixitais para o desempeño da actividade administrativa

Artigo 86. *Principios reitores*

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico deberán impulsar a introdución na xestión pública de novas ferramentas, servizos e procesos de prestación da actividade para o seu persoal empregado público co obxectivo de prestar os seus servizos á cidadanía de forma cada vez máis eficiente, eficaz e con maior celeridade e seguridade.

2. A utilización de medios dixitais polo persoal empregado público do sector público autonómico axustarase aos seguintes principios:


a) Eficacia e eficiencia: a xestión dixital posibilitará a prestación dos servizos públicos mediante unha óptima utilización de medios dixitais corporativos que posibilite a consecución directa dos fins públicos perseguidos.

b) Mellora de coñecementos, capacidades e aptitudes dixitais: asegurarse a formación dixital do persoal e a concienciación necesarias para garantir o coñecemento e aplicación da seguridade da información e protección de datos e que cubra as necesidades para o desenvolvemento da súa actividade.

c) Simplicidade: uso de ferramentas e métodos que permitan a simplificación de trámites, a eliminación de procedementos innecesarios e a optimización de cargas administrativas.

d) Seguridade e protección de datos: cumprimento do marco xurídico sobre a protección de datos persoais, da intimidade e a seguridade da información.





- e) Mobilidade: permitir o acceso desde calquera momento e lugar á información, servizos e ferramentas corporativas para o correcto desempeño da actividade profesional.
- f) Colaboración interna: posta a disposición de ferramentas de colaboración mutua no exercicio da actividade administrativa.
- g) Personalización: habilitación de solucións dixitais personalizables que permitan a mellor adecuación das demandas e especificidades de colectivos de persoal específicos.
- h) Inclusión e accesibilidade: deseño de ferramentas dixitais inclusivas que tomen en consideración as necesidades e condicións diferentes do persoal empregado público.
- i) Automatización: maximizar a produtividade do persoal empregado público eliminando a súa intervención directa en calquera tarefa que poida informatizarse.
- k) Innovación da xestión pública: posta a disposición de novos procesos, servizos e ferramentas dixitais para satisfacer as necesidades do persoal empregado público.
- l) Actualización permanente: renovación das tecnoloxías e os sistemas dixitais en relación coa contorna e o desenvolvemento tecnolóxico en cada momento.



Artigo 87. Obxectivos perseguidos

As medidas establecidas neste capítulo posibilitarán:

- a) Facilitar o uso de ferramentas dixitais e metodoloxías que reduzan o custo da xestión e melloren a eficacia e a eficiencia.
- b) Incrementar a eficiencia e a produtividade, mediante a mellora de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- c) Acceder a un modelo de xestión máis coordinado e integrado, que teña como eixo a perspectiva da cidadanía.
- d) Proxectar unha imaxe renovada á sociedade, máis moderna e innovadora, acorde aos novos tempos.
- e) Ofrecer os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións do persoal empregado público garantindo, dentro do marco normativo vixente, o acceso á información necesaria para o seu correcto desempeño e ás ferramentas colaborativas que sexan necesarias.
- f) Dixitalizar o posto de traballo permitindo o acceso desde calquera momento e lugar á información, servizos e ferramentas para o correcto desempeño da súa actividade profesional.
- g) Definir o marco para o establecemento de obxectivos, xornada de traballo flexible e seguimento do desempeño.



h) O impulso e extensión dunha formación dixital ao persoal empregado público que responda ás súas necesidades.



Artigo 88. Medios dixitais corporativos

1. Os medios dixitais corporativos son as ferramentas dixitais e outras solucións tecnolóxicas necesarias para a realización da actividade administrativa polo persoal empregado público segundo os principios reitores previstos.
2. O persoal empregado público, no exercicio da súa actividade, deberá:
 - a) Empregar os medios dixitais corporativos para o exercicio das súas funcións.
 - b) Seguir as recomendacións e obrigas en materia de seguridade definidas na política de seguridade corporativa dos sistemas de información.
 - c) Velar pola seguridade dos datos a que teñan acceso polas tarefas do seu posto de traballo, especialmente os confidenciais ou de carácter persoal.
3. Para o emprego, no exercicio das súas funcións por parte do persoal empregado público, de medios dixitais e dispositivos móbiles non corporativos deberanse seguir as políticas internas que implanten configuracións de seguridade específicas e adapten os ditos medios e dispositivos ás medidas de seguridade corporativas de aplicación.



Artigo 89. Desenvolvemento do posto de traballo dixital

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico facilitarán ao seu persoal empregado público un posto de traballo dixital que permita o desempeño das súas funcións nun contexto dixital con eficiencia e autonomía.

2. O posto de traballo dixital deberá ter as seguintes características básicas:

a) Permitir o uso de escritorios e aplicacións corporativas en calquera dispositivo e calquera lugar, que permitan unha xestión máis eficiente, segura e flexible.

b) Usar terminais ou dispositivos adaptados aos perfís de persoal empregado público, que permitan a mellor adecuación das demandas e especificidades de colectivos de persoal específicos, maior rapidez en despregues masivos, migracións ou actualizacións e maior homoxeneidade.

c) Posibilitar contornas de traballo colaborativas que permitan a comunicación directa e en grupo, o exercicio da actividade administrativa de maneira participativa e a creación de redes de usuarios con intereses ou actividades comúns.

3. A organización do posto de traballo dixital deberá ter en consideración os distintos perfís de persoal empregado público que desenvolven organizativamente tarefas similares e que compartan información e ferramentas de colaboración propias.





Artigo 90. *Intranet corporativa*

1. A intranet da Xunta de Galicia é a plataforma web corporativa que permite a xestión e organización do coñecemento, así como o acceso á información, servizos e medios dixitais que a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poñen ao servizo do persoal empregado público co obxectivo de facilitar o desempeño do seu traballo.
2. Desde a intranet o persoal empregado público poderá acceder directamente a todos os medios dixitais corporativos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade administrativa e ao coñecemento compartido da organización.
3. A intranet proporcionará ao persoal empregado público espazos colaborativos orientados a satisfacer as demandas de grupos de traballo ou colectivos específicos, conectándoos a unha mesma contorna de coñecemento.
4. Os espazos colaborativos configúranse como unha contorna produtiva, de aprendizaxe e de xestión cuxo contido pode ser creado de forma colaborativa. Ademais, ofrecerán espazos sinxelos e conectados con ferramentas internas preexistentes, que permitan ao persoal empregado público o intercambio de información e a transferencia interna, a creación de contornas de cooperación en rede, a apertura á participación e o intercambio de información.





CAPÍTULO III

Seguridade da información e protección de datos

Sección 1ª. Seguridade da información

Artigo 91. Política de seguridade da información

1. A política de seguridade da información de aplicación xeral no sector público autonómico será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo da obriga da aprobación de políticas concretas en cumprimento do artigo 11 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que deberán respectar en todo caso o disposto na aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.

2. A política de seguridade determina os principios e a organización en materia de seguridade da información e establece as medidas de seguridade de natureza organizativa, física e lóxica que garantirán a integridade, autenticidade, confidencialidade, dispoñibilidade, trazabilidade, calidade, protección, recuperación e conservación da información de documentos electrónicos, os seus soportes e medios.

3. As medidas de seguridade derivadas da política de seguridade da información estableceranse atendendo aos riscos aos que a información poida estar exposta e aos prazos durante os cales deba conservarse e serán de obrigado cumprimento para toda a infraestrutura dixital do sector público autonómico, incluíndo os servizos de administración dixital regulados na presente lei, e para todas as súas persoas usuarias e provedores dixitais que se relacionen coa dita infraestrutura dixital.



Artigo 92. Xestión de incidentes de seguridade

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico constituirán un equipo de resposta ante emerxencias informáticas e incidentes de seguridade (CSIRT) que actuará como centro de resposta ante incidentes de seguridade en tecnoloxías da información e comunicacións e velará polo desenvolvemento de medidas preventivas e correctivas neste ámbito.

2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico disporán dun protocolo de notificación de incidentes de seguridade que establecerá as responsabilidades, procedementos de xestión e notificación para garantir unha resposta rápida, eficaz e ordenada ante a ocorrencia dos incidentes e cuxa xestión será responsabilidade do equipo de resposta ante emerxencias informáticas e incidentes de seguridade. Este protocolo será de obrigado cumprimento para todos os órganos e entidades que conforman o sector público autonómico e para os provedores dixitais e persoas usuarias dos servizos previstos nesta lei.



Artigo 93. Relacións con provedores dixitais

1. Aos efectos do previsto nesta lei, entenderase por provedor dixital a calquera persoa física ou xurídica que, en virtude dunha relación xurídica con entidades do sector público autonómico, subministre produtos ou preste servizos relacionados coa infraestrutura dixital do sector público autonómico.
2. A relación entre a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico e os seus provedores dixitais rexerase polo disposto no instrumento xurídico concreto que sirva de fundamento xurídico á relación, que deberá incluír os requisitos necesarios para garantir a seguridade e continuidade dos servizos prestados en función do risco vinculado á prestación do servizo por parte do provedor.
3. Cando sexan ou se estimen necesarias para a prestación do servizo ou subministración dos produtos, os provedores dixitais deberán contar coas declaracións ou certificacións, segundo o caso, de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, e deberán facilitar á Administración xeral e ás entidades instrumentais do sector público autonómico a información sobre o cumprimento das medidas de seguridade e continuidade de aplicación con carácter previo ao comezo da prestación do servizo ou subministración do produto.
4. Os provedores dixitais terán o deber de colaborar coa Administración xeral e coas entidades instrumentais do sector público autonómico en materia de seguridade da información e continuidade.
5. Prestarase especial atención ao control dos servizos facilitados por provedores dixitais cando a súa infraestrutura estea situada fóra das instalacións do sector



público autonómico, en particular no caso de que tales servizos supoñan unha transferencia internacional de datos.

6. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia reservaranse o dereito de monitorizar, revisar e auditar en todo momento os servizos prestados por terceiros, co fin de garantir a seguridade e continuidade do servizo. Están accións levaranse a cabo cumprindo os requisitos que ao efecto estableza a normativa vixente.



Artigo 94. Xestión de recursos tecnolóxicos do sector público autonómico

1. Regulamentariamente, determinaranse as condicións de soporte na xestión de recursos tecnolóxicos co obxectivo prioritario de garantir a seguridade no uso dos servizos dixitais do sector público autonómico e, en particular, nos centros educativos públicos galegos.
2. A entidade do sector público autonómico competente en materia de desenvolvemento dixital será a responsable da xestión e auditoría dos devanditos servizos segundo a normativa sectorial correspondente podendo establecer os criterios e condicións de uso destes servizos así como as súas excepcións.
3. Co obxectivo de garantir a seguridade e continuidade dos servizos dixitais prestados polo sector público autonómico, os órganos responsables das localizacións físicas nos que estean situados elementos da infraestrutura dixital terán a obriga de facilitar o acceso ás devanditas localizacións ao persoal técnico competente, cando tal acceso sexa necesario para garantir a seguridade e continuidade dos servizos.



Artigo 95. Auditorías de seguridade da información

Realizaranse auditorías que permitan verificar o cumprimento das medidas de seguridade, continuidade e de protección de datos en intervalos planificados ou cando teñan lugar cambios significativos en función do que estableza a normativa de referencia vixente en cada momento.



Sección 2ª. Protección de datos

Artigo 96. Licitude do tratamento de datos persoais

O tratamento de datos persoais derivado dos servizos regulados nesta lei deberá fundarse en base lexítima conforme ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Artigo 97. Intercambio de datos persoais

1. Coa finalidade de facer efectivo o dereito das persoas interesadas nun procedemento administrativo a non achegar documentos que se atopen en poder da Administración actuante, que teñan sido elaborados por calquera Administración ou que fosen achegados anteriormente polas persoas interesadas a calquera Administración, realizaranse os tratamentos de datos de carácter persoal, incluídos os derivados dos intercambios de información entre Administracións Públicas, que resulten necesarios e que cumpran os requisitos establecidos na normativa de aplicación.

2. Para a prestación dos servizos dirixidos á cidadanía previstos nesta lei realizaranse os intercambios de información entre Administracións Públicas que sexan estritamente necesarios e que cumpran os requisitos establecidos na normativa de aplicación.

3. Cando os tratamentos regulados neste artigo sexan relativos ás sinaladas como categorías especiais de datos no devandito Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, deberán axustarse ao disposto no dito regulamento, así como no artigo 9 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



Artigo 98. *Transparencia e información ao afectado*

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia cumprirán co deber de información nos termos previstos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
2. As persoas interesadas poderán acceder á relación das transmisións dos seus datos e documentos entre administracións que se efectúen a través da Plataforma de intermediación ou da carpeta cidadá.





Artigo 99. *Exercicio de dereitos*

1. As persoas afectadas poderán exercer ante a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico os dereitos que lles correspondan conforme ao disposto na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poñerán a disposición das persoas un procedemento específico na sede electrónica da Xunta de Galicia para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos, sen prexuízo de que poidan optar por outro medio.



Artigo 100. *Delegado de protección de datos*

O sector público autonómico contará coa figura do delegado de protección de datos, e establecerá o modelo de organización da prestación das funcións do dito delegado de protección de datos, atendendo a súa estrutura organizativa. Este modelo garantirá que as persoas interesadas dispoñan dun punto de contacto respecto de todas as cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais e ao exercicio dos seus dereitos ao abeiro da normativa de protección de datos.



CAPÍTULO IV

Continuidade dos servizos dixitais

Artigo 101. *Plan de continuidade da prestación dos servizos dixitais*

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia disporán dun Plan de continuidade da prestacións dos servizos dixitais que permita garantir a continuidade dos servizos regulados nesta lei ante incidentes de seguridade. O dito plan determinará os requisitos de seguridade e continuidade, as accións preventivas, correctivas e reactivas e o establecemento de responsabilidades que permitan garantir a dispoñibilidade dos ditos servizos.

2. O Plan de continuidade da prestación dos servizos dixitais terá en conta os aspectos de continuidade:

- a) Da infraestrutura dixital.
- b) Dos procedementos de traballo ou ampliacións de prazos en caso de indispoñibilidades de servizo por incidencia técnica.
- c) Da dispoñibilidade de servizos de soporte para garantir a continuidade dos servizos dixitais.

3. A Administración xeral esixirá a todos os órganos e entidades do sector público autonómico o cumprimento do Plan de continuidade e, se fose necesario, que dispoñan do seu propio plan de continuidade.



4. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán auditar periodicamente os controis de seguridade e continuidade establecidos e implementados para poder garantir a súa validez e eficacia ante situacións de crise.

5. O Plan de continuidade da prestación dos servizos dixitais deberá ser aprobado pola Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico, a proposta da entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital.






Artigo 102. *Indisponibilidade técnica de servizos*

1. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital desenvolverá os protocolos e procedementos internos que establezan os criterios e formas de traballo ante a indisponibilidade técnica de servizos dixitais, coa finalidade de establecer pautas e criterios homoxéneos no funcionamento do sector público en especial na relación coa cidadanía.
2. Así mesmo, respecto dos procedementos cuxa tramitación e resolución sexan de competencia do sector público autonómico, regulamentariamente establecerase o réxime de ampliación de prazos aplicable no caso de incidencias técnicas non planificadas que imposibiliten o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda. Exceptuaranse do dito réxime aqueles procedementos cuxa normativa específica resulte incompatible con el.





Artigo 103. A prestación do servizo por parte das unidades con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicación

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico deberán establecer mecanismos para garantir o funcionamento e atención dos sistemas e tecnoloxías da información necesarios para a prestación de servizos dixitais todos os días do ano, as vinte e catro horas do día.
2. As unidades do sector público autonómico con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicación deberán prever a prestación ininterrompida dos servizos necesarios para a administración e operación continuada dos sistemas transversais, así como a atención das incidencias que afecten á dispoñibilidade, continuidade e seguridade dos sistemas no momento no que se produzan e a realización de intervencións programadas fóra dos horarios ordinarios de traballo.





TÍTULO VI Do impulso dixital

CAPÍTULO I Marco galego de competencias dixitais

Artigo 104. *Marco galego de competencias dixitais*

1. A Xunta de Galicia favorecerá un contexto dixital, no que a cidadanía poida acadar, actualizar e mellorar as súas competencias dixitais, en liña cos cambios e usos tecnolóxicos que se integren na sociedade.
2. Para estes efectos enténdese por competencia dixital a habilidade no uso seguro e responsable das tecnoloxías da información e as comunicacións para o traballo, o lecer e a comunicación, sustentándose nas competencias básicas en materia de TIC. Nestas competencias básicas inclúese o uso de ordenadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, comunicarse e participar en redes de colaboración a través da internet.
3. A Xunta de Galicia promoverá a definición dun marco galego de competencias dixitais, dirixido ao conxunto da cidadanía, no que se determinen os coñecementos, capacidades e aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria de servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo.
4. Dentro deste marco galego de competencias dixitais, incluírase a identificación das competencias dixitais mínimas do persoal empregado público que posibiliten o correcto desenvolvemento do seu posto de traballo nos supostos e cos





requisitos que se determinen regulamentariamente, segundo o previsto no seguinte capítulo deste título.

5. A definición do marco galego de competencias dixitais estará aliñada coas estratexias da Comisión Europea nesta materia.





Artigo 105. Acreditación persoal no marco galego de competencias dixitais

1. Os cidadáns e cidadás poderán obter unha acreditación oficial dos seus coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións que posibilite o recoñecemento das súas competencias dixitais por parte do sector público autonómico e doutras administracións que así o prevexan.
2. Regulamentariamente establecerase o alcance do marco galego de competencias dixitais, identificando os contidos, a estruturación en niveis, o tipo de certificación ou certificacións, os criterios de actualización en base a novas necesidades de competencias no eido dixital, así como os requisitos e o procedemento para a obtención da acreditación.



Artigo 106. Actuacións para a inclusión dixital

1. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico, no ámbito das súas competencias e funcións, promoverán actuacións para a inclusión dixital, considerando as seguintes liñas básicas:

- a) a alfabetización dixital da cidadanía fomentando o uso de competencias dixitais básicas;
- b) a capacitación dixital para persoas usuarias que necesitan acadar madurez nas competencias dixitais;
- c) o impulso de proxectos de innovación social dixital;
- d) a promoción do talento dixital para que a cidadanía poida desenvolverse plenamente no ámbito persoal e profesional;
- e) o fomento das redes de cooperación a través dos aliados dixitais e o programa de voluntariado dixital;
- f) a consideración de calquera outra acción que facilite a inclusión dixital da sociedade.

2. As aulas da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) constituirán un instrumento para execución das actuacións para a inclusión dixital. Promoverán, dentro das súas actividades, programas formativos orientados a capacitación para a obtención da acreditación regulada no artigo 105.



3. As actuacións para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais contarán cos instrumentos necesarios para a súa aplicación, incluíndo a participación doutros axentes que colaboren co sector público autonómico.





CAPÍTULO II

Capacitación dixital do persoal empregado público

Artigo 107. *Capacitación dixital do persoal empregado público*

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico habilitarán os medios e garantirán o acceso á formación continuada do persoal empregado público para o desenvolvemento das súas competencias dixitais e aproveitamento eficiente dos medios dixitais na prestación dos servizos públicos.
2. En consonancia cos medios e formación facilitados pola administración, o persoal empregado público procurará a súa capacitación dixital para o exercicio das súas funcións nunha contorna dixital de prestación de servizos públicos.



Artigo 108. Plan de capacitación dixital do persoal empregado público

1. A Xunta de Galicia aprobará o Plan de capacitación dixital do persoal empregado público. Este plan estará baseado no marco galego de competencias dixitais, que deberá definir as competencias dixitais mínimas do persoal empregado público, e complementarase cos coñecementos específicos no funcionamento da administración dixital que posibiliten o correcto desenvolvemento do seu posto de traballo nos supostos e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.
2. O Plan de capacitación dixital estará dirixido á totalidade do persoal empregado público da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e permitirá acadar o certificado galego de competencias dixitais referido no artigo 105.
3. En colaboración coas restantes administracións públicas galegas, poderase facer extensivo este plan ao conxunto do persoal ao servizo das administracións públicas galegas.





Artigo 109. *Formación no uso dos medios dixitais*

1. As entidades do sector público autonómico con competencias en materia de formación ao persoal empregado público desenvolverán unha función permanente de detección de necesidades formativas para proporcionar respostas efectivas ás necesidades de formación e recualificación do persoal empregado público e para anticiparse á actualización constante da contorna dixital, contribuíndo así ao desenvolvemento profesional e persoal dos traballadores e traballadoras.
2. Nos plans anuais de formación das ditas entidades incluíranse actividades específicas de formación relativas á implantación continuada da administración electrónica e de procesos innovadores, á seguridade da información e protección de datos, así como á posta en marcha de novos servizos dixitais.
3. Estas actividades de formación poderán ter a consideración de obrigatorias cando sexan necesarias para o desempeño profesional do persoal empregado público, nos supostos e cos requisitos que se determinen regulamentariamente. Neste caso o tempo de formación será considerado como tempo efectivo de traballo.





Artigo 110. Capacitación dixital nos procesos de selección de persoal e provisión de postos

1. Os procesos selectivos para o ingreso na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia incorporarán no seu programa, de ser necesario, os contidos relativos á administración dixital e as tecnoloxías da información e a comunicación que sexan adecuados aos corpos, escalas ou categorías aos que se refiran os ditos procesos selectivos.
2. Nos procesos de provisión que se convoquen poderán valorarse os mesmos contidos, de acordo co que preveña a correspondente convocatoria.





CAPÍTULO III

Fomento da innovación dixital na administración pública

Artigo 111. *Fomento da innovación dixital*

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico promoverán a innovación dixital na mellora das súas relacións coa cidadanía e no seu propio funcionamento, co obxectivo de deseñar novas formas de prestar servizos de maior calidade e de xerar eficiencias internas.
2. A estratexia de innovación dixital e mellora dos servizos públicos deberá recoller con carácter mínimo as seguintes liñas básicas:
 - a) Aumentar a eficiencia e eficacia da actuación administrativa a través da transformación dos procesos de xestión internos das entidades en procesos dixitais.
 - b) Prover servizos públicos dixitais que se adapten ás posibles innovacións facilitadas pola evolución tecnolóxica.
 - c) Mellorar a satisfacción das persoas usuarias no uso dos servizos públicos dixitais.
 - d) Facilitar a utilización dos servizos dixitais por persoas con algún tipo de diversidade funcional e persoas maiores.
 - e) Promover procesos de innovación social para o desenvolvemento e a implementación de novos servizos públicos que satisfagan necesidades sociais.



Artigo 112. *Canles para a innovación dixital*

1. A Xunta de Galicia creará un foro de innovación dixital no funcionamento da administración pública galega, no que poderá participar o persoal empregado público das Administracións Públicas de Galicia. A finalidade do foro será promover a xeración de ideas e a creatividade na procura de novas solucións ou formas de traballo aproveitando a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.
2. A publicación das experiencias de innovación xurdidas permitirá intercambiar boas prácticas entre distintas administracións públicas e, polo tanto, introducir ciclos de mellora continua no sector público autonómico.
3. A Xunta de Galicia promoverá a creación de canles e mecanismos de participación co obxecto de recoller ideas e suxestións cidadás no ámbito da innovación social.
4. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico utilizarán a posta en marcha de sistemas e servizos dixitais e o coñecemento do funcionamento da administración pública por parte do seu persoal empregado público para mellorar os procesos na xestión pública e a innovación continua na forma de prestar servizos e no funcionamento interno.
5. Regulamentariamente, estableceranse os mecanismos concretos para o fomento da innovación dixital e a creación e funcionamento do foro previsto neste artigo, así como as canles que se habilitarán para a aplicación práctica de ideas innovadoras que xurdan na materia.



TÍTULO VII

Dos órganos e instrumentos para a coordinación, cooperación, colaboración e seguimento

CAPÍTULO I

Coordinación no sector público autonómico

Artigo 113. *Coordinación institucional*

A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico deberán abordar o desenvolvemento da administración electrónica e o seu funcionamento nun contexto dixital desde un ámbito corporativo e global que garanta un modelo único de relación coa cidadanía e un modelo transversal e homoxéneo de desenvolvemento dentro do sector público autonómico. As liñas do proceso de dixitalización do sector público autonómico, tanto as establecidas nesta lei como as que resulten do seu desenvolvemento e aplicación, deberán levarse a cabo mediante actuacións transversais e coas premisas da coordinación institucional e a cohesión de esforzos.





Artigo 114. *Órgano de coordinación*

A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico actuará como órgano de coordinación, desenvolvendo a tal fin as funcións previstas no artigo 118.



Artigo 115. *Catálogo de sistemas dixitais*

1. Os sistemas para o funcionamento dixital son o conxunto de aplicacións, sistemas de información e infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a dispoñibilidade dos procesos e servizos dixitais.
2. Créase o catálogo de sistemas dixitais, no que se recollerán as aplicacións, sistemas de información e infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e a relación con outras administracións públicas.
3. O Catálogo de sistemas dixitais ten como finalidade garantir a gobernanza tecnolóxica e a utilización de sistemas transversais ou especializados, nos que se promova a aplicación adecuada dos criterios de reutilización, transferencia tecnolóxica, interoperabilidade, seguridade, facilidade de uso e accesibilidade.
4. O catálogo de sistemas dixitais recollerá, con respecto dos elementos que o integran, a identificación das súas características técnicas e funcionais, as entidades responsables da súa xestión, así como a determinación do seu ámbito de utilización, criterio de obrigatoriedade de uso e condicións de uso.
5. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital será a encargada da xestión e actualización continuada do catálogo de sistemas dixitais. Así mesmo, establecerá os requisitos e protocolos de incorporación no mesmo.



Artigo 116. Obrigatoriedade no uso dos sistemas

1. Entre os sistemas recollidos no catálogo regulado no artigo anterior identificaranse aqueles que por razón da súa natureza e interese común respondan a necesidades transversais de desenvolvemento da administración dixital.
2. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital determinará os sistemas dixitais que serán de utilización obrigatoria para os órganos e entidades do sector público autonómico no exercicio da súa actividade.
3. Como mínimo, terán a consideración de utilización obrigatoria para as entidades do sector público autonómico os seguintes: a sede electrónica da Xunta de Galicia, a carpeta cidadá da Xunta de Galicia, o Rexistro Electrónico Xeral, o Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, a plataforma de intermediación pasaXe!, o Sistema de notificacións electrónicas de Galicia – Notifica.gal, o Portasinaturas electrónico da Xunta de Galicia, o Inventario de Información Administrativa e o Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia. No caso de que se aprobe a creación excepcional de sedes electrónicas ou rexistros electrónicos, nos termos previstos nesta lei, o uso de tales sedes ou rexistros será obrigatorio no seu respecto ámbito de actuación.
4. Os sistemas que se utilicen para a prestación dos servizos dixitais deberán establecer os mecanismos de integración ou utilizar os sistemas dixitais recollidos no número anterior e cumprir os requirimentos legais contemplados na normativa básica de aplicación e na presente lei.





5. Poranse a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico canles de información e apoio específicas en relación coas funcións e alcance dos sistemas que sexan de utilización obrigatoria.





CAPÍTULO II

Competencias e responsabilidades en materia de administración dixital de órganos e entidades do sector público autonómico

Artigo 117. *O Consello da Xunta de Galicia*

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia establecer a política xeral do sector público autonómico en materia de administración dixital, dirixir o seu desenvolvemento e aplicación e exercer a iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria nesta materia, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.
2. En particular, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia:
 - a) Aprobar a Política de seguridade da información do sector público autonómico de Galicia.
 - b) Aprobar os plans de actuación na ámbito do goberno electrónico.
 - c) Aprobar a creación de novas sedes ou rexistros electrónicos





Artigo 118. Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico

1. A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico é o órgano colexiado ao que lle corresponde, no eido do sector público autonómico, a coordinación, o asesoramento, o impulso e promoción das actuacións en materia de seguridade da información, o desenvolvemento da administración electrónica, a homoxeneización do funcionamento dixital, o acceso á información pública e a participación cidadá. Igualmente lle corresponderá o seguimento da aplicación efectiva das medidas aprobadas no eido da seguridade e goberno electrónico.

2. A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico poderá establecer as prioridades, criterios e protocolos que se determinen para acadar a axeitada implantación do funcionamento dixital da administración, así como propor ao Consello da Xunta ou ás persoas titulares das consellerías a adopción de medidas neste eido respecto de asuntos da competencia dos ditos órganos.

3. Adicionalmente, corresponde á Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico:

a) A proposta ao Consello da Xunta de Galicia da creación de novas sedes e rexistros electrónicos.

b) A aprobación dos protocolos de coordinación e mantemento da información contida no inventario de información administrativa.

c) A aprobación do Plan de continuidade da prestación dos servizos dixitais.



d) A determinación dos indicadores de seguimento da implantación da administración dixital nos diferentes ámbitos competenciais do sector público autonómico.

e) O exercicio das funcións no ámbito da seguridade da información, administración electrónica, interoperabilidade, presenza web e goberno aberto previstas no artigo 5 do Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

4. Este órgano, adscrito á entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital, contará coa participación na súa composición de todas as consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como garantía de integración do principio de transversalidade nas actuacións que se poidan levar a cabo no ámbito das súas competencias.

5. A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico rexerase polo disposto nesta lei, na súa norma de creación e restante normativa de aplicación.



Artigo 119. A consellería competente en materia de administracións públicas

En relación coa materia regulada na presente lei correspóndelle á consellería competente en materia de administracións públicas:

- a) A coordinación de contidos e servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- b) A xestión e coordinación da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, así como a creación, modificación e supresión de oficinas da rede e a habilitación temporal de unidades ou órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais.
- c) A xestión e coordinación do Rexistro Electrónico Xeral.



Artigo 120. A consellería e outros órganos competentes en materia de arquivos e patrimonio documental

1. En relación coa materia regulada na presente lei correspóndelle á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental, coa colaboración da entidade con competencias en desenvolvemento dixital, determinar a Política de xestión documental electrónica do sector público autonómico de Galicia.
2. Estarase, así mesmo, no que resulten aplicables, ás previsións en materia de competencias contidas na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.



Artigo 121. As entidades con competencia en materia de formación ao persoal empregado público

Correspóndelle ás entidades do sector público autonómico competentes en materia de formación ao persoal empregado público o desenvolvemento de actividades formativas que aseguren a obtención das competencias dixitais mínimas do persoal empregado público que posibiliten o correcto desenvolvemento do seu posto de traballo, e demais funcións previstas no artigo 109.



Artigo 122. A entidade con competencias en desenvolvemento dixital

1. Aos efectos de esta lei enténdese como entidade con competencias en desenvolvemento dixital a entidade do sector público autonómico á que lle corresponde a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.

2. Ademais das funcións previstas na súa norma de creación, a dita entidade desenvolverá as seguintes:

a) Ter a función de nodo de interoperabilidade mediante a plataforma de intermediación pasaXe! que prestará funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e co resto de administracións públicas.

b) A xestión de procedemento para a acreditación das competencias dixitais.

c) A xestión e auditoría dos servizos dixitais segundo a normativa sectorial correspondente, podendo establecer criterios de aplicación e excepcións a tales criterios. Ademais, deberá establecer as medidas necesarias para garantir que os servizos dixitais respondan ás esixencias de accesibilidade, dispoñibilidade, integridade, trazabilidade e seguridade segundo a normativa vixente.

d) A xestión e actualización continuada do catálogo de sistemas dixitais e o establecemento dos requisitos e procedementos de incorporación no mesmo.

e) As establecidas no artigo 59 relativas á xestión dos nomes de dominio.





f) As previstas no artigo 128 no relativo ao Sistema de indicadores de administración dixital.

g) Aquelas outras actuacións, derivadas do exercicio das súas competencias, que sexan necesarias para o desenvolvemento tecnolóxico dos instrumentos que fagan posible a execución das previsións contidas nesta lei.



CAPÍTULO III

Colaboración e cooperación entre administracións públicas

Artigo 123. Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital

1. Créase a Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital, como o órgano técnico para a cooperación entre as administracións públicas galegas.

2. As funcións da Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital serán:

a) Impulsar o desenvolvemento cohesionado da administración dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Asegurar a cooperación entre as administracións públicas galegas para proporcionar servizos dixitais conxuntos ou complementarios, facilitando unha imaxe coherente da administración cara á cidadanía.

c) Promover a prestación conxunta de servizos dixitais.

d) Establecer as canles operativas para o desenvolvemento de servizos dixitais compatibles e interoperables, así como fomentar a reutilización de sistemas ou infraestruturas dixitais.

e) Facer un seguimento conxunto do grao de avance da administración dixital, e da efectividade das medidas postas en marcha.



3. Regulamentariamente, determinarase a composición e o réxime xurídico da Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital.



Artigo 124. Intercambio de datos, informacions e documentos entre administracións públicas

1. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán asegurar:

a) A subministración de información, datos e documentos no seu poder ás administracións públicas solicitantes que os precisen para o exercicio das súas competencias, nos termos previstos na normativa aplicable.

b) A creación e o mantemento de sistemas integrados de información administrativa co fin de dispor de datos actualizados, completos e permanentes.

c) A prestación de asistencia mutua na aplicación da lexislación relativa á protección de datos persoais, en particular mediante a notificación, a remisión de reclamacións, a asistencia nas investigacións, o intercambio de información e a reserva das garantías adecuadas para a protección dos datos persoais.

2. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia compartirán co resto de administracións públicas de Galicia as liñas de actuación e orientacións comúns para favorecer o intercambio de ideas, estándares, tecnoloxía e proxectos orientados a garantir a interoperabilidade de datos e documentos e mellorar a eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos das distintas administracións públicas galegas.



Artigo 125. *Cooperación e colaboración con outros organismos*

1. Impulsaranse as relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración.
2. A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración e cooperación co resto de administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos TIC a todos os niveis.
3. No ámbito das competencias autonómicas, deberanse promover actividades de cooperación con organizacións nacionais e internacionais en materia de tecnoloxías da información, protección de datos e seguridade da información.
4. Promoverase a participación do persoal competente do sector público autonómico en foros sectoriais e grupos de traballo nas materias reguladas na presente lei.



Artigo 126. Posta a disposición dos sistemas incluídos no Catálogo de sistemas dixitais

1. No Catálogo de sistemas dixitais indicaranse aqueles elementos que, pola súa situación tecnolóxica ou características funcionais, estean en disposición de ser utilizados ou reutilizados por outras administracións públicas, órganos estatutarios, organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes daquelas, ou polas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, que poderán adherirse ao seu uso.
2. Darase publicidade ao contido do catálogo de sistemas dixitais, indicando as características dos sistemas, as condicións de uso, o nivel de servizo e mecanismos de coordinación para a xestión de cambios.
3. En función das condicións e situación dos elementos contidos no catálogo de sistemas dixitais, estes poderán poñerse a disposición en diversas modalidades: reutilización; posta a disposición do seu uso; utilización compartida e aquelas outras que en cada momento poidan ser de interese.
4. Aos efectos do previsto no artigo 158 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o catálogo de sistemas dixitais realizará as funcións de directorio de aplicacións dispoñibles para a súa reutilización, de conformidade co disposto no Esquema Nacional de Interoperabilidade.
5. Por acordo con outras administracións, estas poderán determinar o uso obrigatorio dos sistemas do catálogo que consideren de interese no seu ámbito competencial.



CAPÍTULO IV

Sistema de indicadores da administración dixital

Artigo 127. Sistema de indicadores da administración dixital

1. Créase o sistemas de indicadores da administración dixital, constituído por indicadores do funcionamento da propia administración, nos seus diferentes ámbitos de actividade, configurados a partir da información dispoñible nos sistemas e aplicacións que dan soporte dixital á actividade do sector público autonómico.
2. A creación do Sistema de indicadores da administración dixital do sector público autonómico ten como obxectivo o establecemento dos mecanismos de medición necesarios para a avaliación, análise, control da evolución e prospectiva da implantación e impacto da administración dixital, así como a achega de coñecemento para a mellora da prestación dos servizos públicos.
3. O sistema de indicadores da administración dixital estará orientado e estruturado para a súa utilización e entendemento desde diferentes ámbitos:
 - a) para a súa utilización por parte do sector público autonómico, como elemento na toma de decisións;
 - b) para a súa utilización como fonte de información na avaliación da prestación dos servizos públicos;
 - c) para a súa utilización como fonte de información por parte dos organismos encargados da observación da sociedade dixital ou análise estatístico;



d) para a súa posta a disposición á cidadanía como elemento de transparencia proporcionando un servizo de información de alta calidade baseado nos principios de libre e fácil acceso á información do sector público.

4. Os informes resultantes do Sistema de indicadores de administración dixital estarán dispoñibles en formatos reutilizables.





Artigo 128. Xestión do Sistema de indicadores da administración dixital

1. Corresponde á Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico a determinación dos indicadores de seguimento da implantación da administración dixital nos diferentes ámbitos competenciais do sector público autonómico.
2. A entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital será a encargada da xestión e desenvolvemento dos mecanismos de creación e difusión do sistema de indicadores de administración dixital. Esta entidade adoptará as medidas necesarias para que as condicións de accesibilidade, continuidade, integridade e seguridade respondan ás exixencias normativas vixentes así como que dean resposta ás necesidades das persoas destinatarias do sistema.
3. Será responsabilidade das unidades usuarias dos sistemas de información ou aplicacións orixes da información garantir o bo uso dos mesmos o que redundará nunha mellor calidade do sistema de indicadores.
4. A proposta da Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital ou dalgunhas das administracións que formen parte dela poderán incluírse indicadores do seu ámbito competencial, que quedarán integrados no sistema cos mesmos criterios e usos que os restantes indicadores.



CAPÍTULO VI

Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia

Artigo 129. *Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia*

1. O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia configúrase como o órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información e a modernización administrativa nas administracións públicas de Galicia, así como para a participación e colaboración coas ditas administracións públicas nesas materias, e contribuír á promoción e extensión da sociedade da información e a modernización dixital en Galicia. Igualmente configúrase como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos relacionados coas materias antes referidas.

2. O Observatorio abordará, mediante os seus traballos, a análise de impacto das actividades de desenvolvemento da administración dixital na propia administración e na sociedade galega. As súas observacións e estudos deberán dar lugar a propostas de orientación estratéxica no desenvolvemento da administración dixital galega.

3. O Observatorio da sociedade da información e a Modernización de Galicia rexerase por esta lei, pola súa norma de creación e pola restante normativa de aplicación.





DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Enderezos de acceso aos sistemas*

Os enderezos da internet, nos que estarán dispoñibles os sistemas regulados nesta lei ou no seu desenvolvemento normativo, serán obxecto de publicación mediante unha resolución da entidade do sector público autonómico con competencias en materia de desenvolvemento dixital.



Disposición adicional segunda. *Continuidade na prestación de servizos TIC*

1. Coa finalidade de garantir a dispoñibilidade dos servizos dixitais, os contratos que celebren as entidades do sector público autonómico para a prestación de servizos TIC que sexan críticos para a funcionamento dos ditos servizos dixitais, deberán incluír obrigatoriamente nas súas cláusulas de prestación de servizo que quede garantida a atención continuada. Nos ditos contratos estableceranse os réximes de servizos de garda e aqueles outros que permitan a atención continuada dos servizos.
2. Coa finalidade de asegurar a prestación de servizos críticos, o persoal empregado público poderá estar sometido a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.





Disposición adicional terceira. *Asistencia á cidadanía no relativo aos medios tecnolóxicos*

1. Estableceranse as canles e medios que permitan ofrecer un soporte tecnolóxico á cidadanía nas súas relacións electrónicas cos órganos e entidades do sector público autonómico.
2. Coa finalidade de garantir o acceso igualitario aos servizos dixitais durante o proceso progresivo de incorporación do uso dos medios dixitais na sociedade, as oficinas de atención a cidadanía e rexistro poderán desenvolver actuacións específicas tendentes a favorecer a progresiva incorporación, familiarización ou desenvolvemento do uso de medios dixitais por parte de colectivos que especialmente o requiran.



Disposición adicional cuarta. *Sobre vixencia e homologación de formación previa*

1. No deseño e desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais estableceranse os criterios de vixencia e homologación da certificación galega competencias dixitais en ofimática, regulada polo Decreto 218/2011, do 17 de novembro.
2. No caso do persoal empregado público estableceranse igualmente os criterios de convalidación de cursos ou actividades formativas que se teñan realizado e que teñan relación directa coa implementación das tecnoloxías dixitais da información e as comunicacións aplicadas á administración e con contidos vixentes a aplicables.





Disposición adicional quinta. *Actividades de prestación e persoal das entidades instrumentais de dereito privado*

As previsións desta lei en materia de servizos públicos dixitais e as relativas ao persoal empregado público serán de aplicación, no que proceda, ás actividades de prestación e ao persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico de dereito privado.



DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. *Sistema Único de Rexistro*

Namentres non se proceda ao desenvolvemento regulamentario do Sistema Único de Rexistro manterase en vigor o Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non resulte incompatible coa presente lei.



Disposición transitoria segunda. Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia e rexistro de persoal funcionario público habilitado

O funcionamento efectivo do rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia e do rexistro de persoal funcionario público habilitado producirase na data que se determine no desenvolvemento regulamentario das previsións desta lei relativas aos ditos rexistros. A dita data será, en todo caso, anterior á data de entrada en vigor da regulación contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o rexistro electrónico de apoderamentos e o rexistro de empregados públicos habilitado.



Disposición transitoria terceira. *Interoperabilidade*

En tanto non entren en vigor as previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico e rexistro de empregados públicos habilitados, a interoperabilidade do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, do Rexistro Electrónico Xeral e do Rexistro de persoal funcionario público habilitado e os efectos derivados de tal interoperabilidade estarán condicionados á efectiva dispoñibilidade de rexistros equivalentes doutras Administracións Públicas cos que se poida interoperar.





Disposición transitoria cuarta. *Presenza do sector público autonómico na internet*

1. Mantense en vigor o Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet, en todo o que non resulte incompatible coa presente lei.
2. A actual rede integrada de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, regulada no artigo 9 do Decreto 201/2011, do 13 de outubro, pasa a denominarse Rede integrada da presenza na internet.
3. O actual catálogo de portais, regulado no artigo 12 do Decreto 201/2011, do 13 de outubro, pasa a denominarse Catálogo da rede integrada da presenza na internet, segundo o recollido no artigo 55 desta lei, ampliando o seu contido nos termos indicados no dito precepto.
4. A guía de políticas web, regulada no artigo 13 do Decreto 201/2011, do 13 de outubro, pasa a denominarse Guías de políticas web corporativas, segundo o recollido no artigo 56 desta lei, ampliando o seu contido nos termos indicados no dito precepto.



DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogada a sección 1ª do capítulo III do título II da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
2. Queda derogado o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.
3. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao contido desta lei.



DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase a alínea 27 do anexo I da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de substituír o inciso “Copias compulsadas ou auténticas de expedientes en poder da Administración” por “Copias compulsadas ou auténticas de expedientes en poder da Administración e copias auténticas de documentos privados ou de outras Administracións.”



Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

Modifícase o artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Uso de medios electrónicos*

1. Os órganos colexiados desenvolverán a súa actividade nunha contorna dixital. A constitución dos ditos órganos colexiados así como as comunicacións e a adopción de acordos realizaranse preferentemente por medios electrónicos segundo o establecido na normativa básica sobre órganos colexiados contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. De acordo co artigo 17.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos nos termos previstos no dito precepto.

3. Os órganos colexiados poderán celebrar sesións mediante videoconferencia ou outros medios electrónicos válidos a estes efectos conforme ao previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. As actas das sesións dos órganos colexiados e os certificados dos acordos constarán en documentos asinados electronicamente polas persoas





que ostentan a secretaría, a presidencia, ou ambos, segundo corresponda, e quedarán arquivadas electronicamente no arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia, con todas as garantías adecuadas para a súa autenticidade e conservación. Para a sinatura electrónica utilizaranse os sistemas previstos no artigo 71 da Lei xx/2019, do xx de xxxxxxxx, de Administración dixital de Galicia.>>



Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.*

1. Modifícase o artigo 35 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, engadindo un número 4, que quedará redactado como segue:

<<4. O arquivo electrónico da Xunta de Galicia formará parte do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia como repositorio dos documentos electrónicos dos arquivos enumerados nos puntos 2 e 3 que cumpran os requisitos previstos no artigo 43 >>

2. Modifícase o artigo 42 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, eliminando o número 4.

3. Modifícase o artigo 43 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que quedará redactado como segue:

<<Artigo 43. *Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia*

1. O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia é o sistema dixital que permite xestionar os documentos electrónicos en poder do sector público autonómico. Está integrado tanto polo o Arquivo electrónico administrativo como polo Arquivo electrónico do patrimonio documental, de acordo coas políticas de xestión establecidas en cada caso.

2. O Arquivo electrónico administrativo xestionará os expedientes administrativos electrónicos da Administración xeral e do sector público autonómico nas súas diferentes fases ata o momento da súa eliminación





ou da súa transferencia ao Arquivo electrónico do patrimonio documental , cando fosen valorados e seleccionados para a súa conservación permanente.

3. O Arquivo electrónico do patrimonio documental xestionará os documentos valorados como de conservación permanente. Del forman parte tanto o repositorio de difusión como o repositorio de preservación

4. O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia desenvolverá os procesos e funcións da xestión documental aos que se refire o artigo 18 no ámbito da Administración electrónica en coordinación co órgano competente en materia de Administración tecnolóxica.

5. O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia terá un modelo específico que será de uso común entre os órganos de goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

6. A Xunta de Galicia deberá garantir a custodia e conservación dos seus documentos e expedientes electrónicos e facilitaralles aos arquivos da súa titularidade ou xestión o cumprimento das funcións que lles corresponden sobre aqueles.

7. A Xunta de Galicia promoverá a coordinación e colaboración entre a consellaría ou entidade instrumental competente en materia de Administración electrónica e sistemas de información e a consellaría competente en materia de arquivos e patrimonio documental para garantir a custodia e conservación no marco da xestión documental electrónica.





8. A consellaría competente en materia de arquivos participará na elaboración e mantemento dun sistema de información administrativa da Xunta de Galicia para facilitar a xestión de documentos electrónicos dos órganos de goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.>>





Disposición derradeira cuarta. *Adaptación normativa*

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei deberán adecuarse as normas autonómicas que sexan incompatibles co previsto nela.



Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo*

Habílitase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido nesta lei.





Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de Administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (doc. núm. 48795)]**, en base ás seguintes consideracións:

Estamos adiante dun proxecto de lei nesgado, parcial e que intenta camuflar coa linguaxe unha realidade moi diferente. O texto abóase ao discurso “buenista” das vantaxes e oportunidades que crean a tecnoloxía e a dixitalización: máis emprego, máis transparencia, máis participación e mellor goberno. A verdade é que as leis e as palabras-por moi bensoantes que sexan- nin crean nin substitúen o mundo real.

O feito de que haxa unha Lei de transparencia e bo goberno non crea a transparencia e o bo goberno. É máis ben un simulacro, o decorado supérfluo que agocha unha realidade moi diferente. O discurso da transparencia, da eficiencia, da proximidade, da participación é unha especie de mantra que vale para todo e que intenta ocultar que nunca como agora as decisións políticas transcendentales se toman por medios menos transparentes e democráticos. Estamos nunha época histórica na que a democracia é substituída ou prostituída pola tecnocracia.

Neste sentido, bótase de menos no texto o fomento efectivo da participación cidadá, tanto de forma individual como colectiva, tanto por medios





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tradicionais como a través das novas posibilidades que ofrece a tecnoloxía. A realidade estatística da baixa participación da cidadanía e das entidades representativas na tramitación de textos normativos, na aprobación de proxectos e plans, ou en xeral na relación coa administración por medio de queixas e suxestións pon de relevo un cada vez maior afastamento entre a sociedade e a administración, que esta lei non contribúe a diminuír.

O texto do proxecto, principalmente na exposición de motivos, é unha colección de tópicos e ideas comúns sobre as bondades da tecnoloxía e da administración dixital. A dixitalización non é boa *per se*, é boa se contribúe a mellorar a cohesión, a xustiza social, a democracia. E a realidade mostra como a tecnoloxía actúa como instrumento da exclusión e da desigualdade. E como a maneira de levar a cabo a dixitalización favorece os grandes intereses económicos e crea nichos de negocio para empresas que parasitan a administración.

Se ben desde o BNG compartimos a necesidade de modernizar a administración e de facer fronte ao desafío dixital, non estamos de acordo coa filosofía da lei, expresada na exposición de motivos, posto que tal como está concibida vai agrandar a fenda dixital. Unha fenda que lle afecta a unha parte importante da poboación por motivos económicos, xeográficos, educativos e xeracionais.

Para conseguir unha sociedade inclusiva e integradora, onde haxa oportunidades para todas as persoas, é fundamental garantir o exercicio de dereitos relacionados coa dixitalización. E o texto deste proxecto non os garante.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E isto é así porque a lei fai tábula rasa e non ten en conta a situación dunha parte da poboación que ten serias dificultades de acceso á sociedade do coñecemento e á dixitalización. Trátase polo tanto dunha norma nesgada e enganosa.

Os propios datos estatísticos recollidos na exposición de motivos reflicten as desigualdades e as dificultades que existen para o acceso á tecnoloxía. O lóxico sería que a lei marcasse como prioridade garantir o acceso universal e en igualdade de condicións da poboación á tecnoloxía en xeral e á administración en particular, removendo os atrancos que deixan atrás a tantas persoas. E isto ten que ver con dúas realidades que non aparecen recollidas no texto: o acceso a redes de datos competitivas para toda a poboación, e o acceso universal ao coñecemento e uso das ferramentas tecnolóxicas. Neste sentido, existen experiencias noutros países que demostran que é posíbel a inclusión dixital, e esta lei debería marcar o rumbo para facelo realidade.

Neste sentido, o título VI, que fai referencia ao impulso dixital, podería ser unha oportunidade para ir máis alá do fomento no ámbito da administración autonómica. Malia que no artigo 3 se explícita como fin da lei “a capacitación da cidadanía en competencias dixitais”, o texto non vai máis alá das xeneralidades a respecto do marco galego de competencias dixitais e da inclusión dixital, e reduce a tres artigos o impulso da sociedade galega dixital. No seu lugar debería desenvolver unha planificación moito máis detallada, con obxectivos, medidas e prazos para facelo realidade, para darlle rango de lei a aspectos que xa están presentes en documentos aprobados polo goberno. Neste título volve a facerse patente o nesgo administrativo e tecnocrático da lei, primando o desenvolvemento da administración dixital sobre a dixitalización social. Unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vez máis, a tecnocracia prevalece sobre a democracia, e a automatización sobre a humanización, os bits sobre as persoas.

Se ben é certo que existen axendas internacionais, estatais e galegas que establecen un calendario para a modernización e a dixitalización da administración, o certo é que non se pode empezar a construír a casa polo tellado, porque se corre o risco de deixar unha parte importante da poboación atrás. Polo tanto, a lei debería establecer como prioridade o acceso en condicións de igualdade de toda a poboación ás redes de comunicación e ao mundo dixital, e de xeito paralelo avanzar na dixitalización da administración.

No tocante ao ámbito de aplicación da lei, tampouco parece razoábel que se centre exclusivamente na dixitalización da administración autonómica e deixe de lado a administración local ou o ámbito universitario. Na liña da coordinación, cooperación, e intercomunicación entre administracións, sería desexábel que a lei establecese medios e mecanismos para o desenvolvemento dixital na administración local, garantindo ao mesmo tempo -en colaboración coas entidades locais- a eliminación das barreiras que dificultan o acceso igualitario para toda a poboación. Neste sentido, o texto nin sequera ten en conta o previsto no Plan de Administración e Goberno Dixitais . Horizonte 2020.

Outras carencias do proxecto de lei teñen que ver co escaso desenvolvemento de medidas encamiñadas a garantir a dixitalización e o acceso da poboación en ámbitos sectoriais, con atención específica ao mundo da educación formal e informal, ao da saúde, ao dos servizos sociais e ao da xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Botamos tamén de menos a referencia á relación entre modernización tecnolóxica e normalización lingüística. Así, o texto do proxecto non recolle expresamente a garantía de dispoñibilidade de recursos e plataformas tecnolóxicas en lingua galega, posibilitando na práctica a discriminación e a exclusión do galego de ámbitos fundamentais como o da xustiza.

O texto do anteproxecto debería garantir tamén, dunha maneira clara, o acceso en pé de igualdade das persoas con diversidade funcional, establecendo os mecanismos efectivos para eliminar as barreiras de comunicación, de acceso á información e de acceso en pé de igualdade ao eido dixital.

O proxecto de lei tamén afonda na privatización da administración, dándolle carta de natureza á xestión indirecta por parte de grandes grupos empresariais de sectores claves da administración como a información e atención á cidadanía, a información e cita médica, a xestión do correo electrónico corporativo, o arquivo dixital, a contratación pública, a xestión de datos persoais sensíbeis como a historia médica ou a historia social... Consideramos a este respecto que este texto legal debería blindar o carácter público e a xestión directa destes servizos fundamentais, evitando desta maneira a privatización e o negocio da dixitalización. Un negocio do que se lucra un reducido grupo de empresas, sempre as mesmas, que controlan e reparten substanciosos contratos e que se configuran como extensións da administración ata o punto de confundirse con ela. Empresas por outra parte que desenvolven relacións parasitarias coa administración, na medida en que xeran recursos informáticos que lles dan posicións vantaxosas para acceder á renovación dos contratos públicos, limitando





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a posibilidade da concorrência e da competencia e configurando situacións de auténtico monopolio.

A este respecto, cómpre ter en conta as multas millonarias que a CNMC impuxo a varias empresas que teñen numerosos e contiosos contratos coa administración galega en materia de dixitalización, o que suscita serias dúbidas sobre a limpeza destas contratacións. É por iso que o BNG considera necesario que a lei faga prevalecer o interese e carácter público dos servizos dixitais, restrinxindo a casos moi concretos e excepcionais a xestión privada.

Outro aspecto no que afonda a lei é a diferenza de trato no referente á obrigatoriedade de relacionarse a través de medios electrónicos coa administración. A obriga de carácter xeral para as persoas autónomas de realizar os trámites e actuacións que desenvolvan no exercicio da súa actividade profesional, por máis que se derive do actual marco normativo, constitúe unha discriminación de feito e unha sobrecarga de traballo e custos, xa que nalgúns casos obriga a contratar os servizos de empresas especializadas.

O mesmo cabe dicir do previsto no apartado 6.2 en xeral e a respecto das convocatorias de axudas e subvencións, o que podería dar lugar a dificultades de acceso e xestión dos procedementos por parte das persoas interesadas, tanto particulares como asociacións.

O posíbel establecemento da obriga de presentar documentos electrónicos en función de criterios como a capacidade económica, técnica, dedicación profesional afonda nas desigualdades e na posíbel discriminación de persoas e colectivos por razóns económicas e sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este respecto, cómpre ter en conta os efectos discriminatorias que xa están a sufrir as pequenas e medianas empresas con relación a grandes grupos empresariais e corporacións, que dispoñen de moitos máis medios para ser competitivos e dispoñer de vantaxes no acceso á contratación pública.

Por outra parte, na lei debería facerse referencia á prohibición de convocatorias de subvención nas que o criterio sexa a orde de entrada das solicitudes por dúas razóns: primeiro porque por norma as convocatorias de subvención deberían ser sempre en concorrencia competitiva e, segundo, porque non se garante o acceso igualitario no caso de entidades que dispoñen dunha internet máis lenta.

Outro aspecto relevante é a falta de concreción do impacto orzamentario do proxecto. En canto á memoria económica-financeira da AMTEGA, trátase dun documento tan cativo que non pode considerarse propiamente unha memoria: limítase a dicir que non implica un incremento de custo económico directo sobre o do xa previsto para o Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, unha afirmación moi pouco rigorosa dada a transcendencia da cuestión e a inclusión no proxecto de lei de aspectos que non están incluídos no Plan. Polo que atinxe á memoria económico-financeira da Consellaría de Facenda, adoece de carencias importantes como o que ten que ver cos custos do chamado “impulso dixital”, que, ademais de ter unha contía moi reducida, só ten en conta a capacitación dixital do persoal empregado público sen incluír ningunha referencia ao investimento en competencias dixitais do conxunto da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto á participación e implicación da cidadanía na elaboración e seguimento de políticas e programas, o texto do anteproxecto fai proclamas xerais (artigo 47) sobre o fomento da participación mais non establece canles e garantías para facela efectiva. A lei debería garantir, xunto coa obriga de publicidade de normas, proxectos e programas na web, a participación directa e presencial dos colectivos e persoas interesadas, así como o fomento da intervención activa nos asuntos públicos. Todo isto para fomentar unha verdadeira democracia participativa, fronte á simulacro da transparencia e da participación virtuais.

Ao mesmo tempo, cómpre garantir que as webs corporativas e temáticas da Xunta de Galicia teñen un carácter informativo e non propagandístico, cuestión que non aparece recollida no proxecto. Asemade, o texto non resolve axeitadamente a interdependencia entre o arquivo electrónico administrativo e o sistema de arquivos e patrimonio documental de Galiza. Tamén carece de regulamentación o desenvolvemento das infraestruturas de xestión da información e o acceso a datos públicos (Big Data, portal de datos abertos).

Por último, o expediente pon de manifesto diversas eivas na tramitación e redacción do proxecto de lei, como pon de relevo o exhaustivo informe da Asesoría Xurídica Xeral do 8 de marzo de 2019. Botamos tamén de menos o informe do Consello Económico e Social, dada a transcendencia desta materia para o desenvolvemento económico e social do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG formula emenda de totalidade ao proxecto de lei de administración dixital de Galiza, solicitando a devolución ao goberno.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2019 17:10:34

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2019 17:10:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm.48795), sobre a base das seguintes consideracións:

1. A Comisión Europea deseñou en 2010 a *Estratexia Europa 2020*, orientada a impulsar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, baseado na innovación e na economía do coñecemento, para xerar altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social. Nesta contorna, defínese a *Axenda Dixital para Europa* que permite facer das TIC a peza clave para que Europa consiga os seus obxectivos ambiciosos para 2020 .

En xullo de 2014, a OCDE dispuxo unha serie de recomendacións para o desenvolvemento das Estratexias de Administración Dixital, nas que se tratan aspectos como que a difusión e adopción de tecnoloxías tamén está cambiando as expectativas sobre a capacidade dos gobernos para ofrecer un valor público, instando a non separar a eficiencia doutros obxectivos da política social no goberno e a xestión das tecnoloxías dixitais.

O reto non consiste en introducir as tecnoloxías dixitais nas administracións públicas senón en integrar o seu uso nos esforzos de modernización do sector público, pasando de enfoques centrados nos cidadáns a enfoques impulsados polos cidadáns.

A propia exposición de motivos deste proxecto de lei sinala como as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), e en particular a internet, teñen adquirido na sociedade actual unha importancia evidente nas relacións económicas, sociais e profesionais.

Ademais dos instrumentos para o desenvolvemento da Administración electrónica e da necesaria coordinación entre os diferentes axentes do sector público para acadar unha relación dixital actualizada, segura e inclusiva cos cidadáns, a exposición do proxecto de lei manifesta querer superar o ámbito do procedemento administrativo para se dirixir á cidadanía en xeral e non unicamente ás persoas interesadas nun procedemento administrativo, constituíndo un dos seus alicerces básicos nesta orientación á cidadanía a universalización dos servizos dixitais para cidadáns particulares e para as empresas. Téñase en conta a especial dispersión no medio rural, que abrangue



máis do 80 % do noso territorio, que deberá contar coas mesmas oportunidades de acceso aos servizos dixitais se queremos evitar que esta fenda social e territorial siga avanzando. Pero o proxecto de lei non asume compromisos concretos para evitar esta fenda dixital no territorio, pero sobre todo nas persoas e nas empresas.

E si é certo que o novo escenario lexislativo estatal, a fragmentación actual da normativa autonómica na materia e, sobre todo, os novos retos de inclusión, seguridade, protección e reutilización de datos, esixen un marco lexislativo que dote Galicia dunha nova regulación, o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, que en todo caso se circunscribe ao sector público autonómico, non aborda os retos principais anunciados en materia de impulso social e económico.

2. O Proxecto de lei, no marco das leis básicas estatais 39 e 40 de 2015 reguladoras do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público, articula os instrumentos de relación dixital coa cidadanía, a presenza do sector público autonómico na internet ou os necesarios medios de seguridade, protección de datos e continuidade das infraestruturas dixitais, pero non aborda realmente con un mínimo de previsión a nivel lexislativo o alcance, medios e previsións orzamentarias do que denomina “marco galego de competencias dixitais” dirixido á cidadanía no seu título VI.

O texto do proxecto define ao nivel executivo a definición por parte da Xunta de Galicia deste marco de competencias que deben determinar os coñecementos, capacidades e aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria de servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo. Pero entendemos que debe de ser o propio texto da lei quen articule estes compromisos. Coñecer unha posible incardinación deste marco no sistema educativo ou no sistema de cualificacións profesionais é crítico. Asumir unha planificación sectorial, xeracional, ou por segmentos de poboación resulta necesario para poder dispor dun diagnóstico de situación actual e programar actuacións e dotacións orzamentarias.

3. Ademais o Proxecto de lei,

- Non desenvolve retos que anuncia en materia de impulso e fomento dixital polo impacto dos servizos dixitais do noso sector público nos diferentes ámbitos económicos.

- Inclúe ao colectivo dos autónomos, por riba dos requirimentos das leis básicas estatais, entre os suxeitos que de forma obrigatoria se deben relacionar dixitalmente co sector público autonómico. Esta é unha necesidade ineludible,



pero que non vén acompañada das necesarias medidas progresivas de estímulo e asesoramento.

- Fai ademais abstractas referencias ás relacións dos provedores de servizos ou produtos dixitais coas entidades do sector público autonómico, sen definir este marco de relacións económicas e comerciais.

- E non contén compromisos claros co software libre como ferramenta de transformación social que coaduxa a fomentar a igualdade, a participación e a solidariedade, así como a menor dependencia tecnolóxica e o emprego TIC local.

4. En todo este contexto, no que como incluso observa a propia memoria xustificativa de Amtega, unha infraestrutura dixital de alta calidade sustenta a práctica totalidade dos sectores dunha economía moderna e innovadora e é de importancia estratéxica para a cohesión social e territorial de Galicia, o Goberno galego non introduce neste proxecto de lei compromisos orzamentarios, indicadores de impacto social e económico, nin programacións plurianuais que contribúan a impulsar a economía dixital en Galicia. E esta grave carencia faise máis rechamante se temos en conta as previsións do *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*, que recolle no seu Eixe 4 unha serie de prioridades en materia de sociedade dixital que non se trasladan a este texto lexislativo.

Chama así a atención que téndose sometido o Proxecto de lei á audiencia e informe de diferentes axentes e sectores, non teña o Goberno galego solicitado o preceptivo informe do Consello Económico e Social de Galicia, conforme dispón o artigo 5.1 da súa Lei de creación 6/1995, do 28 de xuño. Como evidencian as estratexias referidas sobre axenda dixital, o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia regula unha materia directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Por estas consideracións, por non afrontar o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia de xeito efectivo os principais retos socioeconómicos que deberían inspirar este texto lexislativo no actual contexto de dixitalización da nosa sociedade, con especial preocupación sobre a sociedade galega, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta esta emenda á totalidade para a devolución do texto ao Goberno.

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49625
Data envío: 07/05/2019 16:17:40.338

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2019 16:11:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución**, ao **Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia**, [doc. núm. 48795 (10/PL-000014)] en base ás seguintes consideracións.

O desenvolvemento da administración dixital é, sen dúbida, un dos grandes desafíos da adaptación das Administracións públicas ao cambio tecnolóxico do presente e futuro.

Son moitas as normas que, desde finais do século pasado, veñen regulando a adaptación das administracións públicas ao entorno dixital.

O artigo 45.1 da xa derogada Lei 30/1992 prevía que “as Administracións Públicas impulsarán o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que á utilización destes medios establecen a Constitución e as Leis”.

Con posterioridade á Lei 30/1992, a importancia desta materia aconsellou profundar na súa regulación mediante unha Lei básica estatal, a lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Previamente, no noso ámbito o artigo 2.i) da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega, recolleu como principio xeral o de impulsar o emprego de técnicas informáticas e telemáticas para o





desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, dedicándose o artigo 8 a introducir unha habilitación legal para o desenvolvemento da regulación deses medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

A partir de aí, a administración autonómica galega desenvolveu diversos mecanismos para tratar de acadar a adaptación mediante o exercicio da súa potestade regulamentaria.

Entre eles os Decretos 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

Posteriormente, nun segundo momento, publicouse o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, son importantes tamén os Decretos 192/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da administración autonómica, e o Decreto 201/2011, do 13 de outubro, que regula a presenza da Administración autonómica na Internet, e o Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Pola súa parte, o artigo 21 e a disposición transitoria primeira da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da administración autonómica, regulou o uso de medios electrónicos para a constitución e adopción de acordos dos órganos colexiados, en desenvolvemento das normas básicas que sobre os órganos colexiados contiña a Lei 30/1992.

Esta utilización fragmentaria da Lei autonómica continuouse con outras leis posteriores: a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos





públicos e da boa administración, que elevou de rango a regulación da atención telemática ao cidadán; a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que abordou a xestión documental electrónica.

O feito de que as leis básicas estatais 39/2015 e 40/2015 incorporaran distintas medidas legais de regulación tanto do procedemento administrativo como do funcionamento interno das Administracións públicas, fixo que o lexislador galego procedese a realizar unha adaptación ao seu ámbito propio mediante a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Esta regulación refírese aos seguintes aspectos: “Carpeta do Cidadán” (artigo 27), sistema de notificacións electrónicas de Galicia (artigo 28), interesados que non están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración (artigo 29), interesados obrigados a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos (artigo 30), obrigatoriedade de relacionarse electrónicamente coa Administración en determinados procedementos (artigo 31), colaboración con outras administracións públicas e interoperabilidade do sistema de notificacións electrónicas de Galicia (artigo 32) e, por último, a habilitación regulamentaria para a adaptación e actualización dos modelos normalizados de tramitación (artigo 33).

Dende o punto de vista da técnica administrativa, vista a situación na que se encontra a regulación xurídica desta materia, cun amplo desenvolvemento en normas básicas estatais; tendo presente a súa propia natureza técnica e, moi sobranceiramente, o alto nivel de cambio tecnolóxico que se opera constantemente nela, consideramos que a opción exercida neste caso polo Goberno da Xunta –un proxecto de lei dedicada a regular o conxunto das relacións ad intra e ad extra vinculadas co desenvolvemento da “administración dixital” no sector público autonómico– non é aceptable.





Rexeitamos a formulación do proxecto de lei porque a política de codificación nun único texto normativo de todos os aspectos xurídicos de articulación da administración dixital –coa que estamos dacordo– non debe facerse nunha norma con rango de lei, por tres grandes motivos.

- Primeiro, porque esta conxelación de rango impide a rápida adaptación ao incesante cambio tecnolóxico que se está a producir neste ámbito.
- Segundo, porque a conxelación de rango é especialmente inapropiada cando se trata de normas técnicas, cuxo ámbito regulador propio é o das disposicións xerais das que é titular o poder executivo autonómico.
- A regulación das materias de procedemento electrónico, ciberseguridade (STC 142/2018, do 20 de decembro) e de protección de datos está na actualidade absorbida en grande medida polas normas básicas estatais e comunitarias, polo que as normas de adaptación autonómicas deberían manter unha flexibilidade maior, o que aconsella manterse no nivel regulamentario. Este nivel regulamentario impediría, ademais, caer na eiva das *leges repetitae*, proscritas pola doutrina do Tribunal Constitucional (vid. STC 119/2018).

Nun panorama autonómico comparado, é moi predominante a política xeral de renunciar ás normas con rango de lei para desenvolver a normativa básica sobre administración electrónica, optándose en cambio por unha política normativa centrada no desenvolvemento a través de disposicións xerais, cuxa natureza permite unha mellor adaptación aos previsibles cambios que se producen con frecuencia nesta materia. Só hai dúas leis autonómicas con este ámbito transversal de regulación: a Lei foral 11/2007, de 4 de abril, para la Implantación de la Administración Electrónica en la Administración de la Comunidad Foral de Navarra, e a Lei 29/2010, de 3 de agosto, del uso de los medios electrónicos en el sector público de Cataluña. Unha terceira, a Lei valenciana 3/2010, do 5 de maio,





de administración electrónica da Comunidade Valenciana, foi derogada posteriormente pola Lei 5/2013, de medidas para o ano 2014, e substituída –na liña aquí apuntada– polo Decreto 220/2014, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Administración Electrónica da Comunitat Valenciana.

O proxecto de lei, ademais, non supón ningunha innovación de alcance. É ben significativo que a Memoria de Impacto Orzamentario recoñeza que non supón incremento de custo económico directo verbo do xa previsto no Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, que xa conta con financiamento do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (5.900.000 € para 2019 e 2020).

En especial, non se afrontan os cambios necesarios para responder ás transformacións que a administración dixital vai supor na demanda de emprego público, tanto a nivel cualitativo (no perfil profesional e funcional dos efectivos) como a nivel cuantitativo (no número de efectivos)

Por todos estes motivos, consideramos que o Proxecto de lei non deixa de ser unha peza máis da lexislación simbólica ao que o Partido Popular nos ten acostumados: unha lei sen achegas substantivas, coa que encher as páxinas do Diario Oficial de Galicia.

Mais aló da técnica administrativa dende o Grupo Parlamentario de En Marea atopamos diversas consideracións a maiores que teñen a ver coa equidade, a necesidade de superar a fenda dixital, a garantía de acceso de forma competitiva as redes en todo o territorio, a igualdade ou a imposibilidade de garantir o carácter público dos servizos , que fan necesario retirar o actual proxecto.

Así o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia ten unha orientación de mingua dos servizos da administración á cidadanía. Xa pasou co papel, a burocracia non impide que a xente non poda acceder a administración electrónica, por ser complexa, impón uns pasos previos, que tamén son





farragosos, como é o uso do certificado dixital, o que implica ter conexión de internet, cargando máis as persoas que pola idade non teñen ou non queren aprender a facer trámites coa administración de forma electrónica. Favorécese ao sector privado, que é o que realmente obtén beneficio deste tipo de leis,.

O acceso ás TIC debe garantir a posibilidade de acceso ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade, de forma que a totalidade da poboación Galega teña garantido o acceso universal ao coñecemento, as redes e as ferramentas que eviten a exclusión dixital que hoxe sofre boa parte da cidadanía.

A obriga que se recolle en diferentes apartados da lei de deber de uso dos servizos dixitais, que impón esa forma de comunicación coa Administración, inda que non se especifica como se vai facilitar o acceso a estes servizos á cidadanía (ademais do previsto no artigo 7. b) e c) da lei, sen mencionar por exemplo, o método se hai unha interrupción do servizo, unha caída da rede, unha fenda de seguridade, unha interrupción momentánea que pode deixar unha solicitude a medias, e o proceso para a súa reanudación, así como as fendas de seguridade e o roubo de datos que se poidan aproveitar para facer un ciberataque e un roubo dos mesmos.

Tampouco se menciona que nos concellos, cunha poboación envellecida, será obrigatoria a contratación de profesionais que realicen estas labores de asesoramento ou de tramitación dun simple papel xa que a xente maior nin está preparada e en moitos casos non está en disposición de aprender a relacionarse coa administración de forma electrónica.

A obriga estendida a profesionais autónomos, para todas as actividades que realicen no exercicio da súa actividade profesional afonda nesta necesidade de contratación doutros profesionais para realizar etas labores, tamén para o estudantado universitario e para as persoas que representen as suxeitos mencionados.





Tampouco se establece cales son os criterios para establecer a obrigatoriedade do uso das comunicacións electrónicas coa Administracións doutros colectivos que por razón da súa capacidade podan comunicarse deste xeito. Ao final todo queda nunha decisión discrecional da propia administración que irá aumentando os colectivo.

Ademais, moita desta información que a propia cidadanía vai aportar xa está en poder da administración, só que non está informatizada, e non hai cales de interoperabilidade entre administracións, nin tampouco as condicións de seguridade necesarias para que os datos flúan correctamente sen que haxa fugas de información e con respecto ao disposto na normativa de protección de datos tanto comunitaria como estatal.

Tampouco se regula como se vai garantir o acceso ás persoas con diversidade funcional, o proxecto non contempla os mecanismos para asegurar a igualdade absoluta e a inexistencia de barreiras no acceso a información, polo tanto estamos ante un proxecto incapaz de garantir o acceso en pé de igualdade á administración dixital.

Fálase de colectivos en risco de exclusión dixital pero non se recollen os mecanismos para evitar a exclusión dixital, hoxe non existen tarifas de carácter social accesible para as persoas en exclusión, ou as familias con dificultades económicas, e o proxecto non contempla mecanismo públicos para evitar esta situación, hoxe é unha quimera a administración dixital para aquela parte da cidadanía que sofre exclusión (entre outras carencias falta de vivenda, falta de recursos para a propia subsistencia, un mínimo vital para poder comer- a RISGA non chega a todas as persoas- pobreza enerxética), en todo caso esta exclusión dixital : carencia de acceso a rede, ordenadores, wifi, conexión por cable que é máis acentuado en persoas nas que non teñen sequera para subsistir.





Fálase de xeito recorrente sobre a capacitación dixital das persoas para fomentar a igualdade e a participación da cidadanía, sen embargo isto non é posible sen que a rede de banda ancha chegue a todos os recunchos do noso país. Así, se no centro por exemplo dun concello non hai pares libres non se pode garantir o acceso a rede, nin ao fomento da economía do mesmo, a través da riqueza xerada polo comercio, polas relacións que se establecen entre a rede, o comercio e a repercusión e a forma de incidir na creación de emprego e as sinerxias que se establecen e que repercuten no PIB. Por tanto, antes que garantir as competencias ou ao mesmo tempo hai que garantir o acceso en condicións de igualdade en calquera lugar do territorio nacional

Hoxe o acceso á información dixital e ás redes de información deberían considerarse un dereito. Estar conectado é un dereito básico da cidadanía, que por desgraza non é universal, e non o vai a ser nun prazo relativo de tempo, por máis que no estado haxa máis móbiles ca persoas e que moitos deles teñan conexión a internet.

Por último o actual proxecto contempla un proceso de profundización na privatización da administración pública galega, recoñecendo a necesidade de exercer a Xestión indirecta de diversos servizos que teñen a ver coa dixitalización e a administración dixital, dende o noso grupo consideramos necesario garantir e blindar o carácter público desta Xestión, fomentando polo tanto a Xestión directa deste tipo de servizos relacionados coa administración dixital, evitando que mais información da cidadanía acabe en mans de grupos empresariais que acumulan enorme poder a través da Xestión da información privilexiada da cidadanía Galega. A magnitude destes contratos ademais está a xerar auténticos monopolios tanto na administración dixital como na información da cidadanía, elementos que debemos superar e modificar e que non están contemplados no texto que se presenta.





Por todas estas razóns, O Grupo Parlamentario de **En Marea formula a presente emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, solicitando a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/05/2019 12:58:53

Carmen Santos Queiruga na data 07/05/2019 12:58:58



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria (doc. n.ºm. 48319, 10/PPL-000038)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 48319(10/PPL-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación orzamentaria para o
impulso dun plan de mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2009 a sanidade sufriu fortes recortes no seu orzamento, o que fixo que se deteriorase dun xeito preocupante a calidade da sanidade pública galega. En especial, a atención primaria acumula dende ese ano un recorte de máis de 2.194 millóns de euros. Na actualidade, o orzamento deste programa, de 1.248 millóns de euros, aínda é 188,7 millóns de euros inferior ao dotado no ano 2009. Estes recortes están a ter dramáticas consecuencias, como puidemos comprobar desde finais do 2017, ao longo de 2018 e principios do actual 2019, período no que as urxencias hospitalarias en Galiza colapsaron.

A baixada dos recursos en atención primaria nos últimos anos é o que está detrás deste colapso. Nesta situación, é preciso adoptar medidas urxentes. É por iso que mediante esta proposición de lei establecemos un incremento inmediato dos recursos destinados á atención primaria, cunha modificación orzamentaria urxente de 273,3 millóns de euros, un incremento do 22% con respecto ao orzamento actual, de xeito que se sobrepase a contía previa á chegada de Feijóo á Presidencia da Xunta de Galiza.

Entre as medidas urxentes que é necesario adoptar con estes fondos adicionais, podemos citar a de incrementar o número de profesionais das diferentes categorías para acabar coa masificación dos cupos, de tal xeito que cada facultativo teña un máximo de

CSV: GALHHSF4
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

1.250 tarxetas sanitarias. Tamén é preciso mellorar os equipamentos nos centros de saúde, así como suprimir as limitacións ás probas diagnósticas por parte do persoal de atención primaria, cobertura do 100% das baixas. Outra medida urxente é poñer en marcha un proceso de formación que se adapte ás necesidades reais do SERGAS, tendo en conta que o 53% dos e das médicos superan os 55 anos.

A lei componse de dous títulos, catro artigos, tres disposicións derradeiras e dous anexos.


O Título I recolle as modificacións da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

O artigo 1 introduce as medidas de reforzo da sanidade pública galega mediante o incremento do gasto sanitario en atención primaria nunha contía de 273,3 millóns de euros.

O artigo 2 contempla as modificacións no articulado da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019, coas correspondentes modificacións nos estados consolidados, tanto de gastos como de ingresos, derivadas do impacto recadatorio que provocan os cambios normativos en materia tributaria introducidos no artigo 4 da presente lei.

O artigo 3 establece diferentes minoracións no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 que teñen como obxectivo financiar parte do incremento do gasto sanitario recollido no artigo 1.

O Título II consta dun so artigo, o artigo 4, que introduce modificacións de carácter tributario na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e que teñen por obxectivo financiar parte do incremento do gasto en atención primaria contemplado no artigo 1.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Lévanse a termo modificacións no IRPF e no Imposto de Patrimonio, de xeito que se introduce maior progresividade na escala autonómica do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, mentres que no Imposto de Patrimonio establécese o mínimo en 300.000 euros, e a escala do mesmo dótase tamén de maior progresividade.

Créanse novos tributos propios da Comunidade Autónoma, en concreto, un Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais, un Imposto sobre Bebidas con Exceso de Azucre, un Imposto sobre Vivendas Baleira e un Imposto Medioambiental sobre as Redes de Transporte de Enerxía Eléctrica de Alta Tensión.

Trátase de medidas fiscais que avanza na equidade e xustiza do sistema tributario, ao tempo que dotan de máis recursos á facenda galega.

Por último, a lei contén tres disposicións derradeiras e contéplase a derogación da modificación no Imposto de Sucesións e Doazóns aprobada no ano 2015, a través dunha disposición derogatoria, á que segue o contido de dous anexos.

CSV de validación
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

TÍTULO I – Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

Artigo 1. Medidas de reforzo da sanidade pública galega mediante o incremento do gasto sanitario en atención primaria.

Co obxecto de reforzar a sanidade pública galega, contéplase un incremento no gasto sanitario en atención primaria, para deste xeito comezar a reverter as cuantiosas reducións orzamentais experimentadas no mesmo. Así, modifícase o estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019, contemplándose un incremento de 273,3 millóns de euros para o programa “412B – Atención Primaria”, tal e como queda reflectido na seguinte táboa:

Incremento estado de gastos				
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Contía
SANIDADE	11	80	412B – Atención Primaria	273.300.000

Artigo 2. Modificacións no articulado da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

CSV: 6AU4HtsrF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

UN. Substitúese o primeiro parágrafo e a primeira táboa do apartado Un do artigo 2 polos seguintes:

Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 11.736.951.293 euros, distribuídos da forma seguinte:

	CAP I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	5.098.800.915	100.051.799	1.513.046.557	6.711.899.271
Organismos autónomos	4.131.090.605	13.667.505		4.144.758.110
Entidades públicas instrumentais	2.081.073			2.081.073
Axencias públicas autonómicas	810.436.647	50.291.058	17.485.134	878.212.839
Total	10.042.409.240	164.010.362	1.530.531.691	11.736.951.293

DOUS. Substitúese o apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén

CSV: GAL4Ht5sfF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.736.951.293 euros, distribuídos da seguinte forma:


	Cap. I-VII Ingresos financeiros	non	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	9.705.318.346		10.062.355	1.768.394.594	11.483.775.295
Organismos autónomos	217.559.914		655.000		218.214.914
Axencias públicas autonómicas		150			150
Axencias públicas autonómicas	24.705.978		10.254.956		34.960.934
Total	9.947.584.388		20.972.311	1.768.394.594	11.736.951.293

Artigo 3. Minoracións no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

O estado de gastos verase diminuído nas contías contempladas no Anexo I da presente lei.

TITULO II- Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

Artigo 4. Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

UN. Engádese un novo parágrafo ao comezo do Artigo 1, co seguinte teor literal:

O apartado Dous do artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como sigue:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - ata euros	Tipo aplicábel - (%)
0	0	12.450	9,50
12.450	1.182,75	7.750	11,75
20.200	2.093,38	7.500	14,00
27.700	3.143,38	7.500	17,00
35.200	4.418,38	12.400	20,00
47.600	6.898,38	12.400	21,50
60.000	9.366,87	60.000	24,50
120.000	24.066,87	En diante	25,50

DOUS. Engádese un novo novo punto, o Dous, ao Artigo 2, coa seguinte redacción:


Dous. Modifícase o Capítulo III do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establece en 300.000 euros.”

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel ata euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza poderán modificar a escala prevista neste artigo.”


TRES. Engádesse un novo artigo 4 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

“Artigo 4 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaria.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impositiva do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.


Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

CATRO. Engádesse un novo artigo 4 ter, polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

“**Artigo 4 ter.** Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto

O Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito imponible

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as


1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Base Imponíble	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base imponible coma se a capacidade do tendido eléctrico fóra de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

CINCO. Engádese un novo artigo 4 cuater, polo que se crea un novo imposto sobre bebidas con exceso de azucre, co seguinte texto:

“Artigo 4 cuater. Imposto sobre bebidas con exceso de azucre

Un. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.

2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exixible en todo o territorio de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Dous. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuito ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.

2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradaíro, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.

3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:

a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.

b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.


c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.

d) As bebidas de té e café.

e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.

f) Leites adoçadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.

g) Bebidas vexetais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

h) Augas con sabores.

4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigaón tributaria principal e as obrigaóns formais inherentes á mesma, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigaóns formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.

CSV: 6AU4HtsrF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Catro. Base imponible e tipo de gravame

1. Constitúe a base imponible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.


No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en base á súa composición unha vez está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación

1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.

2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devindícase no momento no que o contribuínte pon a bebida a disposición do consumo.

Seis. Autoliquidación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

1. O substituto do contribuínte, ou, se procede, o contribuínte, están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do/a conselleiro/a do departamento competente en materia tributaria.

Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

SEIS. Engádese un novo artigo 4 quinties polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:


“Artigo 4 quinties. Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Constitúe o feito impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:


a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmentemente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe disponibilidad para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

CSV GALICIA-RISF4
Verificador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras iniciáronse durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As

CSV: 6A14H1sfF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de decheño do imposto, reducida en 160 metro cadrados en concepto de mínimo exento.


2. Si se optou por a tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida en o número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

SETE. O incremento no estado de ingresos na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 derivado destas modificacións tributarias contéplase no Anexo II da presente lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

1. Habilitase á Consellería competente en materia de facenda para facer as modificacións necesarias para adaptar o disposto na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 e na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para o cumprimento dos preceptos contemplados na presente lei.

2. Así mesmo, autorízase á consellería para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galiza.

Disposición derogatoria única.

1. Con efectos desde a entrada en vigor da presente Lei, suprímese o artigo 2 da Lei 12/2015 de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2016.

2. Así mesmo, fican derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta Lei.

CSV: 6AU4Ht5srF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Anexo I

Diminución do estado de gastos. O estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 verase diminuído nas seguintes contías:

Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
Infraestruturas	8	1	511A	640.0	200.000	Investimentos de carácter inmaterial
Infraestruturas	8	1	512B	732.04	74.000.000	Transferencias AGI
Infraestruturas	8	2	512A	640.0	500.000	Estudos e proxectos transporte
M. Ambiente	7	1	451A	730.05	5.000.000	Transferencia IGVS
Presidencia	4	10	111A	110	200.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	10	111A	226	100.000	Gastos diversos
Presidencia	4	20	461A	110	150.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	20	461A	226.08	200.000	Cobertura informativa
Presidencia	4	20	461A	6400	500.000	Programas comunicación social
Vicepresidencia	5	21	121A	110	120.000	Persoal gabinete
Vicepresidencia	5	21	121A	632.0	1.000.000	Investimento reposición
Facenda	6	1	611A	110	257.284	Persoal eventual de gabinete
Facenda	6	1	611A	212	3.100	Edificios e outras construcións
Facenda	6	1	611A	213	1.200	Maquinaria, instalacións e utensilios
Facenda	6	1	611A	220.00	31.234	Ordinario non inventariable
Facenda	6	1	611A	220.01	61.183	Prensa, revistas, libros e outras publicacións
Facenda	6	1	611A	220.02	40.394	Material informático non inventariable
Facenda	6	1	611A	222	38.464	Comunicacións
Facenda	6	1	611A	223	3.000	Transportes
Facenda	6	1	611A	226	63.800	Gastos diversos
Facenda	6	1	611A	227	219.497	Traballos realizados por outras empresas
Gastos de diversas	23	2	621B	500	4.500.000	Fondo de Continxencia

CSV GALIZIA-RSEF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 11:42:03
Nº Rexistro: 48319
Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

Consellerías						
Facenda	6	1	611A	640.1	60.000	Asesoramento externo
Facenda	6	1	612A	640	750.844	Investimentos inmateriais

Anexo II

Incremento do estado de ingresos. O estado de ingresos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 verase incrementado nas seguintes contías:

Incremento Estado de ingresos				
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
1	0	0	24.000.000	Tarifa Autonómica IRPF. Novo tramo para rendas superiores a 120.000 €, tipo marxinal 25,5%
1	1	1	38.000.000	Imposto sobre o Patrimonio. Redución do mínimo exento e modificación da tarifa
1	1	0	45.000.000	Supresión modificacións 2015 no Imposto de Sucesións e Doazóns
1	1	2	30.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais
2	2	1	11.000.000	Novo imposto sobre Bebidas con Exceso de Azucre
1	1	3	36.000.000	Novo imposto sobre Vivendas Baleiras
2	4	1	1.300.000	Novo imposto Medioambiental sobre as Redes de Transporte de Enerxía Eléctrica de Alta Tensión

CSV de validación
https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV de validación
https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA O IMPULSO DUN PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA

-Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

-Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: 6AU4Ht5sfF4
Verificado:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/03/2019 11:42:03

Nº Rexistro: 48319

Data envío: 29/03/2019 11:42:03.596

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2019 11:41:10

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2019 11:41:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2019 11:41:16

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2019 11:41:18

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2019 11:41:20

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2019 11:41:23

CSV: 6U4thHsfF4
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei,
 formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, para a
 mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de
 Galicia (doc. n.ºm. 48834,10/PPL-000039)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1.3 48834(10/PPL-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no
Sistema público de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia**.

Exposición de motivos

A atención primaria supón o eixo básico da calidade asistencial do Sistema público de saúde, pois é o servizo sanitario máis próxima á cidadanía e, na maioría dos casos, o inicio do seu contacto máis directo co propio sistema. A evolución da calidade asistencial ten sido moi grande dende o inicio do Sistema público de saúde tal e como se coñece na actualidade. Pero na última década vén sendo de especial dificultade para o sistema, xa que as políticas de recortes desenvolvidas pola Xunta de Galicia neste período, reforzadas polo Goberno de España (2011-2018), veñen minorando a capacidade asistencial e dificultando o labor que realizan os/as profesionais.

Os orzamentos autonómicos dedicados a sanidade no ano 2009 amosaban unha contía de 189 millóns de euros superior aos de 2019 no que corresponde á atención primaria, e o cadro de persoal orzamentado situábase en 1.249 profesionais máis que neste último exercicio que fai dez anos. Estes datos evidencian unha perda progresiva de capacidade de acción, que recae nun obrigado maior esforzo de todo o persoal profesional na actualidade. As valoracións cidadás, evidenciados no Barómetro Sanitario do Ministerio de Sanidade, amosa que os/as profesionais son moi ben valorados polas persoas usuarias, pero ao mesmo tempo mostran que en torno ao 75 por cento da cidadanía apunta á necesidade de realizar cambios dalgún grado no sistema sanitario.

Recentemente Galicia ten asistido a unha conflitividade grande nos servizos de atención primaria en relación á Xunta de Galicia. A dimisión da práctica totalidade dos xefes de servizo da área sanitaria de Vigo (a máis grande da Comunidade), sumada aos numerosos meses que os profesionais dos PAC de Galicia manteñen unha folga de reivindicación de dereitos laborais básicos, ou a



convocatoria dunha folga en atención primaria, evidencian unha situación de conflito que necesariamente demanda solucións.

Advertencias feitas por diferentes colectivos políticos, sindicais, profesionais ou de persoas usuarias, entre outros, que evidencian a falla de medidas efectivas postas en marcha polo Goberno da Xunta de Galicia, que permanece nunha liña errática de asunción de medidas, reaccionando con ideas distintas de maneira sucesiva, pero sen contar cun plan estratéxico global que sexa aceptado polos colectivos implicados e sen proceder a realizar unha serie de modificacións normativas que serían necesarias para contribuír á solución da problemática existente.

Semella pois necesario afrontar sen máis dilacións, unha serie de modificacións no modelo de atención e de xestión para a atención primaria, que sexan consistentes e na liña na que dende tempo véñense apuntando dende distintos ámbitos sociais e políticos. Polo que faise preciso establecer unha sólida política de reforzo dos recursos humanos, que contemple a necesidade de dotar ao sistema de maior número de profesionais para paliar tanto o déficit xerado nos últimos anos, como ter a capacidade de afrontar un masivo proceso de xubilacións nos vindeiros anos como evidencia a pirámide de idade dos profesionais da saúde, dotando dunha maior calidade e estabilidade ao emprego e contribuír a unha mellora na calidade asistencial.

Para todo o cal resulta procedente a aprobación dunha serie de medidas normativas como as que recolle esta lei, ao tempo que establecer determinados compromisos que debe asumir o executivo galego para garantir a súa eficaz implantación efectiva.

Artigo 1. Modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Un. Engádese un novo número 1 bis ao artigo 14 “*Garantía de calidade asistencial*”, coa seguinte redacción:

“O Servizo Galego de Saúde establecerá para os servizos de atención primaria, un número máximo por día de consultas e outros procesos asistenciais. Este número máximo determinarase logo dun proceso de consulta no que deben participar os profesionais que prestan os seus servizos nesa área.”

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:55:27
Nº Rexistro: 48834
Data envío: 05/04/2019 13:55:27.446

Dous. Engádese un novo número 4 ao artigo 14 “*Garantía de calidade asistencial*”, coa seguinte redacción:

“A consellería competente en materia de sanidade aprobará un catálogo de probas diagnósticas que poderán ser solicitadas polos profesionais facultativos de atención primaria.

Esa aprobación farase logo dun proceso de consulta cos profesionais de atención primaria.

De xeito periódico, a consellería competente en materia de sanidade revisará o catálogo.”

Artigo 2. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.*

Un. Engádese un novo número 5 ao artigo 96 “*Órganos de administración*”, coa seguinte redacción:

“Para o exercicio das súas competencias, o Servizo Galego de Saúde organízase en Estructuras de Xestión Integrada, como fórmula organizativa sen personalidade xurídica.

Estas estruturas de Xestión integran todos os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde en cada un dos seus ámbitos territoriais.”

Dous. Engádese un novo número 6 ao artigo 96 “*Órganos de administración*”, coa seguinte redacción:

“Dentro de cada Estructura de Xestión Integrada existirán, como mínimo, os seguintes órganos de xestión:

- a) A Xerencia xeral.
- b) Os órganos horizontais de dirección para a coordinación das diversas funcións e servizos.
- c) Os órganos de direccións hospitalaria.
- d) A Xerencia de Atención Primaria.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Os diversos órganos deberán actuar dentro das directrices establecidas pola Dirección da consellería competente en materia de sanidade, das propias do Plan de saúde e das normas emanadas da Administración autonómica e da do Estado”.

Tres. Engádese un novo número 4 ao artigo 109 “*Réxime xurídico do empregado público e da empregada pública da saúde*”, coa seguinte redacción:

“4.1 O Servizo Galego de Saúde desenvolverá un contrato de persoal estatutario temporal para os profesionais médicos de Atención Primaria.

Este contrato será ofertado co obxecto de prestar servizos como Facultativos especialistas Médicos en Medicina Familiar e Comunitaria de Atención Primaria e Pediatría para garantir o funcionamento permanente e continuado dos centros sanitarios.

Este contrato terá unha vixencia mínima de dous anos, prorrogable por outro máis.

Mediante desenvolvemento regulamentario fixaranse as condicións do contrato (réxime de prestación de servizos, funcións a realizar, retribucións, ámbito xeográfico, permisos e vacacións, sistema de provisión e outros).

4.2 O Servizo Galego de Saúde desenvolverá un contrato de persoal estatutario temporal para os profesionais médicos de Atención Hospitalaria.

Este contrato será ofertado co obxecto de prestar servizos como facultativos especialistas médicos para garantir o funcionamento permanente e continuado dos centros sanitarios hospitalarios.

Este contrato terá unha vixencia mínima de dous anos, prorrogable por outro máis.

Mediante desenvolvemento regulamentario fixaranse as condicións do contrato (réxime de prestación de servizos, funcións a realizar, retribucións, ámbito xeográfico, permisos e vacacións, sistema de provisión e outros).

4.3 O Servizo Galego de Saúde desenvolverá contratos similares para outras categorías de persoal en atención primaria e atención hospitalaria.”



Catro. Engádese un novo número 6 ao artigo 114” *Estrutura dos postos de traballo*”, coa seguinte redacción:

“A consellería competente en materia de sanidade determinará con criterios obxectivos o cadro mínimo de persoal necesario para os Puntos de Atención Continuada que garanta a prestacións das súas funcións como servizo de urxencias de atención primaria. A unidade asistencial será o equipo completo de persoal facultativo máis o persoal de enfermería.

Estes criterios obxectivos recollerán, cando menos, a poboación cuberta, a súa distribución por idades ou a distancia aos servizos de atención hospitalaria.”

Disposición transitoria primeira. *Prazo para o establecemento do número máximo por día de consultas.*

En relación ao establecido no artigo 1 do punto 1 desta lei, a Xunta de Galicia regulamentariamente deberá dar cumprimento ao establecido no prazo máximo de seis meses.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para o establecemento do catálogo de probas diagnósticas.*

En relación ao establecido no artigo 1 punto 2 desta lei, a Xunta de Galicia regulamentariamente deberá dar cumprimento ao establecido no prazo máximo de seis meses.

Disposición transitoria terceira. *Plan estratéxico de estabilidade e contratación no Sergas.*

En relación ao establecido no artigo 2 punto 3 desta lei, a Xunta de Galicia regulamentariamente no prazo máximo de seis meses deberá formular un Plan estratéxico de reforzo do cadro de persoal e mellora da estabilidade no Sergas cos obxectivos de incrementar en 5.000 novas prazas o cadro de persoal e reducir a un obxectivo dun 5 por cento o nivel de eventualidade no 2022.

- a) Elaborarase un informe sobre o volume de eventualidade no sistema actual, distribuído por estruturas de xestión Integrada e categorías profesionais





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:55:27
Nº Rexistro: 48834
Data envío: 05/04/2019 13:55:27.446

- b) Deseñará as medidas e liñas básicas de accións para achegarse aos obxectivos marcados.
- c) Planificará as convocatorias públicas de emprego para os vindeiros tres anos, logo da negociación cos representantes do persoal.
- d) Incorporará ao cadro de persoal, cando menos, a todo o persoal que teña encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante os últimos dous anos.

Disposición transitoria cuarta. *Plan estratéxico de mellora da Atención Primaria.*

A Xunta de Galicia no prazo máximo de seis meses, logo dun proceso de consulta cos profesionais de atención primaria aprobará un “*Plan estratéxico de mellora da atención primaria*” onde se integrarán, entre outras, as diferentes medidas previstas nesta lei.

Este plan contará cun calendario de aplicación e un cadro orzamentario.

Do plan darase conta ao Parlamento de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan no disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Habilítase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas de desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:55:27
Nº Rexistro: 48834
Data envío: 05/04/2019 13:55:27.446

Antecedentes

- Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- Lei 13/2014, do 22 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Pazo do Parlamento, 05 de abril de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:55:27
Nº Rexistro: 48834
Data envío: 05/04/2019 13:55:27.446

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2019 13:54:28



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 50033(10/CPP-000100)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro de Medio Rural, por petición propia, para
informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios
forestais de Galicia (PLADIGA)

21/05 2019 8:39 FAX 00981541211

0001/0001




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

21 MAI 2019

50033

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro do Medio Rural para informar “do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Assinado por: GARCÍA BERROAÑE ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 20/05/2019 15:38:50

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CVS: 05C01P4E1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cvs



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 49765(10/MOC-000144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 42269, publicada no BOPG nº 410, do 14.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 10:32:48
Nº Rexistro: 49765
Data envío: 09/05/2019 10:32:48.320

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 8 de maio, sobre as necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela (doc. núm **42269**, [10/INT-001407]).

Moción

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do Goberno do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega (GALTREN) que mellore a prestación deste servizo no noso país e favoreza a vertebración económica, social e territorial do país mediante un tren de proximidade galego sobre o que ter capacidade decisoria respecto da política tarifaria, horaria e de desenvolvemento.

2. Defender diante do goberno central os acordos do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que no prazo de dous meses desde a constitución do goberno se negocie con Galiza un calendario de cumprimento.

CS14-REXISTRO:05U039695
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 10:32:48
Nº Rexistro: 49765
Data envío: 09/05/2019 10:32:48.320

3. Demandar do goberno central que inclúa entre as actuacións un abaratamento da Liña Avant Ourense - Santiago - A Coruña de cando menos un 30%.

4. Demandar do goberno central que inclúa entre as actuacións o estudo da prolongación da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña entre Ourense e Monforte.

5. Elaborar un informe propio sobre a demanda existente nas poboacións intermedias da liña ferroviaria entre Ourense e Santiago de Compostela de cara a ter unha base sólida para demandar a mellor explotación desta vía como alternativa para o transporte de pasaxeiros ao goberno central.

6. Remitir trimestralmente ao Parlamento galego un informe sobre as xestións respecto das cuestións contempladas neste acordo.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 10:32:17

CSV REXISTRO: 05U5U39695
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 09/05/2019 10:32:48

Nº Rexistro: 49765

Data envío: 09/05/2019 10:32:48.320



Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 10:32:22

CSV REXISTRO: U5U53665
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 49830(10/MOC-000145)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 49084, publicada no BOPG nº 463, do 17.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2019 12:39:25
Nº Rexistro: 49830
Data envío: 10/05/2019 12:39:25.241



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, **doc. núm. 49084**, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico, incluída na orde do día da sesión plenaria do 7 de maio de 2019. (INT-001640).

Moción

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico galego.
2. Resolver as contradicións e a inseguridade xurídica que provocará a aprobación desta lei en relación coas proteccións derivadas, fundamentalmente, da Lei do patrimonio cultural de Galicia, e da Lei do solo de Galicia.
3. Non incorrer nun suposto de espoliación de bens integrantes do patrimonio histórico español (PHE), entendida como toda acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución de todos ou de algún dos valores dos bens que integran o PHE ou perturbe o cumprimento da súa función social.
4. Non incorrer nun suposto de inconstitucionalidade por incumprir o artigo 46 da norma constitucional, que establece como obrigas fundamentais que

CSM-REXISTRO-FX0xMqU9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2019 12:39:25
Nº Rexistro: 49830
Data envío: 10/05/2019 12:39:25.241



vincula a todos os poderes públicos a protección e o enriquecemento dos bens que integran o patrimonio histórico español.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/05/2019 12:37:38

Luca Chao Pérez na data 10/05/2019 12:37:46

Luis Villares Naveira na data 10/05/2019 12:37:56

CSV REXISTRO: FXX1MqJH9
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 49845(10/MOC-000146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 45411, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 7 de maio de 2019, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo público da Xustiza (doc. núm. 45411).

Moción

O Parlamento insta a Xunta de Galicia, con relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, ao seguinte:

- 1º. Cumprir o dito plan antes do remate da actual lexislatura.
- 2º. Executar todas as actuacións de nova construción ou de gran reforma que se plasman no dito plan e, especialmente, as actuacións nas localidades de Tui, Pontevedra, Vigo, Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía de Arousa.
- 3º. Executar todas as actuacións de rehabilitación e mantemento que contén o dito plan, na medida en que sigan a ser necesarias, previo consenso con sindicatos e axentes xurídicos.
- 4º. Habilitar, antes de que remate este ano 2019, un espazo digno como sala de espera para o xulgado de Viveiro encargado de violencia contra a muller, formalizando a cesión de uso gratuíto de diversos locais de titularidade municipal a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xa acordada unanimemente en data 4 de novembro de 2015.
- 5º. Render contas anualmente pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza das obras e investimentos realizados, coa fin de que a información e o control da execución do Plan sexan precisos.

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX-REXISTRO1016xwN9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49845
Data envío: 10/05/2019 16:15:56.428

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/05/2019 16:14:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/05/2019 16:14:48



CSV REXISTRO/018-vvN9
Vilán
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. **Proposicións non de lei**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 26115(10/PNP-001841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A estratexia de Investimento Territorial Integrado (ITI) foi creado para proporcionar unha resposta eficaz a determinadas cuestións de índole territorial, cun enfoque multidimensional, en función dos resultados e as características específicas de cada área territorial. Isto supón ir máis lonxe con respecto dos límites administrativos tradicionais e requírese unha participación e disposición nos diferentes niveis de goberno para cooperar e coordinar así, diferentes accións co fin de acadar obxectivos compartidos.

A ITI é un instrumento habilitado pola regulación comunitaria en apoio ás accións integradas nun territorio, permitindo combinar o financiamento vinculado a diferentes obxectivos temáticos e a diferentes programas apoiados polos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE).

O obxectivo principal do mecanismo dos ITI é o desenvolvemento de estratexias flexibles para dar respostas integradas ás diversas necesidades territoriais.

Por iso, a introdución desta nova ferramenta de integración, utilizada para implementar estratexias territoriais sobre o terreo, vincula obxectivos concretos cunha gobernanza máis activa e vinculada. Incidindo nun desenvolvemento comarcal guiado pola Comunidade Autónoma ou outras administracións.

No programa operativo Feder Galicia 2014-2020 os fondos destinados á ferramenta do Investimento Territorial Integrado representan na actualidade un 15,7 % do total dos fondos Feder, é dicir, ascendendo a 138.918.756 €, cunha execución coñecida baixa. Son fondos que sustentan a chamada Estratexia Atlántica: ITI Azul, sendo xestionados de forma coordinada pola Autoridade de Xestión do Programa co apoio da Xunta de Galicia.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O “Acordo de Asociación de España 2014-2020”, aprobado pola Comisión Europea o 4 de novembro de 2014, recolle no seu apartado 3.1.2, o desenvolvemento de catro Investimentos Territoriais Integrados, deixando aberta a posibilidade do desenvolvemento doutras ITI, nos supostos nos que se detectase a necesidade de expor enfoques integrados e un feito diferencial no territorio que os xustifique.

A Comisión Europea adoptou o programa Espon 2013, como ferramenta para lograr os obxectivos descritos e co fin de recadar información sobre as dinámicas e potenciais territoriais para o desenvolvemento sostible e equilibrado das rexións europeas, prestando especial atención o fenómeno do despoboamento observable nas diferentes zonas da Unión.

A dita cuestión, como é coñecido, incide de xeito fundamental en toda Galicia e, moi especificamente na provincia de Ourense, a cal padece unha fonda regresión demográfica en moitas das súas comarcas. A existencia de zonas cunha gran dispersión territorial dos núcleos de poboación, unido á súa baixa densidade e a dificultade orográfica, contribúen a preservar e acentuar a dicotomía entre as contornas urbanas e rurais, dificultando a xestión dos recursos e servizos públicos sobre o terreo, nun contexto de elevado envellecemento poboacional e risco de despoboamento. As variacións á baixa de poboación en moitas comarcas galegas é moi significativo e, soamente nos últimos quince anos, alcanzan as veces ata unha porcentaxe de preto do – 25 %.

Vemos datos da provincia de Ourense desoladores como que é a primeira provincia de todo o territorio español que conta con máis xubilados que cotizantes, unha liña vermella que a provincia de Lugo está a punto de pasar. Cerca do 90 % dos 92 concellos de Ourense xa están a abonar máis prestacións que nóminas, segundo os últimos datos da Seguridade Social.

Sendo as comarcas máis rurais e interiores de Galicia as que están a sufrir máis este paradigma de descenso demográfico e ante a insuficiencia e exíguo deseño e resultados na estratexia demográfica levada a cabo pola Xunta de Galicia, débese facer uso desta nova ferramenta de Investimento Territorial Integrado (ITI), en consonancia ca proposta da Comisión Europea para o período financeiro actual (2014-2020).

 Grupo Parlamentario

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de tres meses ante á Cámara galega, unha proposta de aplicación de fondos na estratexia do Investimento Territorial Integrado, co obxectivo de axudar a reverter a situación de regresión demográfica significativa nas que están moitas das comarcas galegas, tal que, previos os trámites oportunos correspondentes, poda ser aprobada polos responsables da Unión Europea para redirixir parte dos fondos europeos ás actuacións así definidas”.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 13:37:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 13:37:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 13:37:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 41795(10/PNP-003166)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público

Publicación da iniciativa, 405, 03.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:01:12
Nº Rexistro: 41795
Data envío: 17/12/2018 13:01:12,245



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre as e os profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global en España e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Respecto a este título, no ano 2005 o Instituto Nacional de Cualificaciones, emitiu un informe no que consideraba que debía aumentar un nivel de cualificación, pasando do nivel 2 ao nivel 3, ao considerar que dita formación profesional require da competencia dun conxunto de actividades profesionais que precisan dun dominio de diversas técnicas.

Con todo, a evolución desta titulación atópase estancada tomando de referencia para a súa función unha norma do ano 73 que non foi adaptada á realidade actual e que está a quedar totalmente obsoleta.

Ademais, en relación á categoría profesional, o Estatuto Básico do Empregado Público, na súa disposición transitoria 3º, que despois de máis de dez anos en vigor, perde completamente todo o seu carácter de transitoria ao parecer que pode ser prorrogada *sine die*, provoca un bloqueo no recoñecemento da categoría

CSM-REXISTRO-05M1TALYO-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramlas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:01:12
Nº Rexistro: 41795
Data envío: 17/12/2018 13:01:12.245



e polo tanto da aplicación do artigo 76 do propio Estatuto, enmarcando a titulación nunha categoría inferior para a que se precisa unicamente o graduado escolar ou a Educación Secundaria Obrigatoria.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

- Promover a regulación coordinada de funcións das e dos Técnicos de enfermía adaptando a normativa á realidade actual.
- Derrogar o disposición transitoria 3º do EBEP, aplicando o artigo 76 do propio texto.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/12/2018 12:43:11

CSV REXISTRO-csmTALyQ-1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:01:12
Nº Rexistro: 41795
Data envío: 17/12/2018 13:01:12.245



Luis Villares Naveira na data 17/12/2018 12:43:20

CSV REXISTRO-cSmtALyQ-1
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 43946(10/PNP-003270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:12
Nº Rexistro: 43946
Data envío: 17/01/2019 12:55:12,064

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar a convocatoria de axudas para previr os danos causados, polo lobo e o porco bravo, na gandeiría e nos cultivos agrícolas mediante a Orde de 19 de decembro de 2018 publicada no DOG nº 5 de 8 de xaneiro de 2019.

Dende o BNG consideramos que esta orde de axudas para impulsar medidas que incentiven a protección de cultivos fronte ós seus danos, carece de calquera eficacia preventiva, pois máis alá de contribuír moi marxinalmente a algunhas explotacións, deixa sen posibilidade de axudas á inmensa maioría dos afectados que poderían ter interese nesta convocatoria. Constátase esta afirmación tanto pola cuantía orzamentaria coma polas condicións esixidas para os beneficiarios/afectados, a primeira polo escasa e as segundas pola non observación da realidade agrogandeira do país dos galegos.

Con respecto ao xabarl valoramos que mentres non se destinen recursos para abordar un rigoroso plan de xestión das poboacións do xabarl a nivel galego, e atendendo as súas peculiaridades por comarcas, que aborde múltiples cuestións, entre elas tamén o considerar un deseño coordinado e planificado de actuacións de prevención





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/01/2019 12:55:12

Nº Rexistro: 43946

Data envío: 17/01/2019 12:55:12.064

de cultivos, pois, non se comezará a atender en serio o problema, e continuarase co disparate de articular medidas erráticas e que nada resolven. Non se pode continuar por máis tempo con solucións parciais, improvisadas e de parche que sucesivamente se veñen aplicando, e que son indicativos dunha xestión ao chou e carente dun criterio de xestión técnico científico.

Con respecto ao lobo a cantidade consignada resulta totalmente insuficiente, supón na práctica un esforzo de escaso alcance e dificilmente permitirán acadar uns obxectivos preventivos eficaces. Boas prácticas de manexo no gando son garantía de reducir moito os danos de lobo, cara situacións moi excepcionais. Hoxe a maioría dos ataques responden a situacións facilmente corrixibles de favorecerse e impulsarse unha cultura de manexo e vixiancia do gando. As actuacións de manexo preventivo, mediante a combinación de medidas, e asistidos por un permanente asesoramento de diagnóstico e apoio na implantación de boas prácticas, pasa por ser a clave e solución á presenza do lobo cerca das explotacións gandeiras. Debe ofrecerse ás explotacións, unha atención inmediata e con sensibilidade, cunha dotación presupostaria axeitada e completa, e moito menos burocratizada. Que non é o caso, por moi baixa dotación e complexidade dos requirimentos.

Tamén valoramos que os problemas asociados aos danos que causan o xabaril, por unha banda, e o lobo (ou oso) por outra, son problemáticas independentes que deberían ter un trato administrativo diferenciado e, polo tanto, convocatorias e orzamentos separados establecéndose uns criterios propios e claros para cada especie, e non presentando unha redacción da orde con propostas de medidas comúns que propician maior confusión aínda.

Tanto para xabaril coma lobo, no caso dos peches fixos, a existencia de ter tódolos permisos e licencias (licenza de obras municipal, autorización de augas, de

CSX: REXISTRO-31F831H4-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/01/2019 12:55:12

Nº Rexistro: 43946

Data envío: 17/01/2019 12:55:12.064

patrimonio, de medio ambiente en caso de Rede Natura 2000,...) no momento da solicitude da axuda é descoñecer a lentitude e farragosidade dos mesmos, en todo caso unha declaración responsable de telas solicitadas no momento da tramitación da axuda.

Pensar que con pastores eléctricos que bordeen as fincas destinadas a cultivos xa solucionamos a prevención é descoñecer o problema de raíz.

Esixir na documentación os datos da PAC é descoñecer a realidade actual da horta convencional, así coma esixir os contratos de arrendamento das fincas. Outro tanto acontece co cultivo do boniato que non sabiamos tiña tanta importancia na horta galega.

A memoria técnica das características dos valados fixos ben merece unha revisión. Enterrar 30cms. unha estaca de 2m. é suficiente se se espeta en cemento, en terra supón un descoñecemento da realidade.

E así poderíamos seguir enumerando despropósitos e inexactitudes que ben merecen unha revisión a fondo polo ben dos sectores afectados polos danos desta fauna silvestre, que son inherentes a un territorio natural rico e san que tamén é preciso preservar por moitos outros beneficios ecosistémicos que prestan.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Retirar a Orde de 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre publicada no DOG nº 5 de 8 de xaneiro de 2019 e elabore unha nova



CSV: REXISTRO-31F531H4-8

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/01/2019 12:55:12

Nº Rexistro: 43946

Data envío: 17/01/2019 12:55:12.064

Orde despois de falar cos sectores afectados polos danos de xabaril, lobo e no seu caso o oso.

-Elaborar un “Plan de xestión do xabaril” que aborde o diagnóstico preciso e actuacións técnicas programadas no tempo, con consideracións de ecoloxía e dinámica poboacional, por comarcas, zoosanitarias, recursos dispoñibles, e propostas combinadas de control. Así coma destinar os recursos técnicos e económicos necesarios para impulsar e normalizar, con eficacia real, prácticas de manexo preventivo do gando que coexiste co lobo.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV REXISTRO-31F531H4-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:12
Nº Rexistro: 43946
Data envío: 17/01/2019 12:55:12.064

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 12:49:21

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 12:49:26

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 12:49:28

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 12:49:29

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 12:49:32

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 12:49:34

CSV REXISTRO-31F531H4-8
Visto
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 47429(10/PNP-003584)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 47429
Data envío: 07/03/2019 13:26:45.893



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feito de non contar cun centro específico de atención á diversidade funcional na comarca de Compostela provoca situacións tanto de falta de atención ás persoas con diversidade funcional como de falta de posibilidades de conciliación nas familias.

O alumnado do Centro de Educación Especial A Barcia, de Santiago de Compostela, ao non ter centro de continuidade, inmediatamente despois da etapa educativa, sendo rapaces e rapazas de 21 anos, perde a súa socialización, o seu entorno social de amizades e compañeiros/as e sofren un parón na súa evolución educativa.

Asemade, aínda cando conseguen atopar praza nun centro, o cambio de entorno é difícil para persoas con discapacidade intelectual.

A falta de prazas residenciais na comarca de Compostela empeora as posibilidades de conciliación das familias.

A Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago, de recente creación, que aglutina as reivindicacións da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do centro de educación especial da Barcia, xunto ás familias de persoas con trastornos do espectro autista e do alumnado do centro de

CSX-UTXpK-L-m2
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>






educación especial López Navalón, do Pedroso, reivindica a necesidade de ter prazas residenciais suficientes para as persoas con diversidade funcional da comarca de Compostela, adaptadas tamén ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual.

As promesas de apertura do CEGADI a usos de atención directa de persoas con diversidade funcional fóronse adiando. A Xunta alega que o atraso na apertura do centro de atención directa se debe ao atraso nunha transferencia de 500.000 € pendente do IMSERSO e á necesaria posta en funcionamento dos dous organismos que neste complexo dependen do Estado, en virtude dun convenio asinado entre Xunta e Estado. Así mesmo, a Xunta volve prometer que en 2019 se comezará a licitar o material para a posta en marcha deste centro e prometendo que, no que depende da Xunta, estará en funcionamento antes de remate de 2019, obviando que xa prometera abrir o CEGADI, primeiro, na primeira metade de 2017, logo, a finais de 2017. De feito, no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, prevíase a apertura do CEGADI en 2013; sen embargo, na Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020 non se menciona este complexo.

A previsión de prazas de atención directa era de 162 (60 para habilitación funcional, emocional e psicosocial, 70 para formación e 32 de residencia), moi necesarias polo acusado déficit das mesmas na comarca de Santiago, pero insuficientes, no que ten que ver coas prazas residenciais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 47429
Data envío: 07/03/2019 13:26:45.893



1. Reunirse de xeito inmediato coa Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago.

2. Aumentar o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional na comarca de Compostela, incluíndo a posta en marcha inmediata destes usos no CEGADI.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea


Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 11:19:18

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 11:19:25



CSX6 LTVXp4L 1mf2

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 49121(10/PNP-003712)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

Publicación da iniciativa, 466, 24.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 12/04/2019 13:03:47.578

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas coñecíamos a ordenación dunha nova Instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) desde a Subdirección Xeral de Sanidade Exterior. Unha medida que provocou a paralización de contedores e o seu desvío a Portugal, reactivando a fuga de mercancías do porto de Vigo ao de Leixões.

O motivo é que esta Instrución impón máis trabas administrativas ás importacións de produto desde terceiros países e, en concreto, desde China, xa que recolle que o 100% das súas partidas terán que pasar por un proceso de verificación, no que se exixirá aos operadores que aporten unha copia dos certificados de captura para avalar que o peixe foi conxelado, procesado ou transportado a bordo de buques autorizados pola UE.

A comezos do mes de abril, os inspectores do Posto de Inspección Fronterizo de Vigo citáronse cunha ampla representación do sector para aclarar dúbidas sobre a Instrución. Neste encontro descubriron algunhas limitacións técnicas á hora de expedir os certificados sanitarios por parte dos terceiros países; motivación que levou á Subdirección a anular a IM/1/2019 e a substituíla pola IM/2/2019 nun breve prazo, sen informar como corresponde ao sector.

Con esta modificación, os buques, plantas procesadoras ou almacenes frigoríficos que traballen co produto importado deberán figurar na lista de establecementos autorizados a exportar os seus produtos á UE e que no caso de que só figure a autorización da planta ou establecemento de expedición no TRACES, os inspectores deberán solicitar ao interesado unha copia dos certificados de captura.

Desde este grupo parlamentario entendemos que a aplicación desta Instrución crea inseguridade xurídica, xa que instaura en España un rigor sen garantía de que, noutros países (como Portugal) resulte a mesma aplicación, xa que, polo momento, estes non requiriron aos seus postos de inspección transfronteriza un cumprimento tan estrito como o fai España.

Danos a sensación, e non é a primeira vez, que o goberno de Pedro Sánchez non coñece a realidade do noso sector, que goberna dándolle as costas ou, canto menos,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



CSM-REXISTROE4KPY6nak6

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 12/04/2019 13:03:47.578

non lle interesa. Ignora, por tanto, os prexuízos que a aplicación desta Instrución lle causa. Unha cuestión fundamentada na propia reacción do sector a esta medida, quen a criticou con dureza, anunciou que exixirá dimisións, mostrou a súa desconformidade ante a eliminación do período transitorio de aplicación, non descartando tomar medidas.

Dende logo, este grupo parlamentario, igual que o propio sector, non entende a aplicación dunha Instrución que nos resta competitividade ante outros Estados Membros da UE. É por iso que nos sumamos ao que a Xunta de Galicia ten manifestado: a necesidade de garantir ao máximo o principio de seguridade xurídica, de maneira que o sector non quede á libre disposición dos aleatorios cambios de criterio que poidan producirse, senón que, desde o primeiro momento, teñan un escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade, en liña co marco establecido para todos os Estados Membros da UE.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a adopción de medidas efectivas para evitar restar competitividade ao sector galego e impedir o impacto negativo que a aplicación da instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) suporía para o porto de Vigo”.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2019 12:57:47

Teresa Egerique Mosquera na data 12/04/2019 12:58:11

María Ángeles García Míguez na data 12/04/2019 12:58:26

Alberto Pazos Couñago na data 12/04/2019 12:58:35

Martín Fernández Prado na data 12/04/2019 12:58:47

Jaime Castiñeira Broz na data 12/04/2019 12:58:58



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 12/04/2019 13:03:47.578

Marta Rodríguez Arias na data 12/04/2019 12:59:07

María Soraya Salorio Porral na data 12/04/2019 12:59:22

Daniel Vega Pérez na data 12/04/2019 12:59:31



CSV REXISTROE4KPY6naK6
Vinculo:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 49270(10/PNP-003730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envío: 17/04/2019 14:20:30.027

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas recolle as novas categorías en que se clasifican as familias numerosas en España: xeral e especial, como consecuencia da baixa natalidade que presenta o noso país, e que aconsella agrupar, por unha banda, ás familias numerosas con menos de cinco fillos e, por outra, ás que teñen cinco ou máis de cinco fillos. Por outra banda, introducíronse tamén algúns criterios cualitativos para clasificar ás familias: a condición de discapacidade dos fillos, a renda per cápita familiar e o feito dos partos, adopcións ou acollementos múltiples.

Dentro dos diversos modelos familiares, as familias numerosas presentan unha problemática particular polo alto custe que representa para elas o coidado e educación dos fillos e fillas, ou o acceso a una vivenda adecuada ás súas necesidades. Estas circunstancias poden chegar a implicar unha diferenza importante con respecto a outras familias que teñen menos fillos ou simplemente non os teñen.

A citada lei estatal sinala que para poder recoñecer e manter a condición de familia numerosa, os fillos deben ser menores de 21 anos, ou ser discapacitados ou estar incapacitados para traballar, calquera que fose a súa idade -o límite de idade ampliase ata os 25 anos, cando os fillos cursan estudos adecuados á súa idade e titulación ou encamiñados á obter un posto de traballo- deben convivir co ascendente ou ascendentes e depender economicamente deles.

A lei sufriu unha reforma no ano 2015 para seguir mantendo os efectos do título oficial de familia numerosa cando os irmáns maiores van deixando de cumprir os requisitos. Sen embargo, debido a unha interpretación restritiva do articulado levado a cabo polo goberno central, aínda que a condición de familia numerosa se mantén, a categoría de “especial” desaparece.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envío: 17/04/2019 14:20:30.027

No caso de Galicia, as familias numerosas especiais, que no ano 2018 eran máis de 2.200, están a ver que cando o fillo ou filla maior alcanza os 21 anos – ou os 25 se cursan estudos superiores – perden automaticamente a condición de especiais e pasan a ser consideradas como xerais.

Esta situación está a xerar unha discriminación no seo destas familias, que ven con impotencia como os irmáns menores que xeraron o dereito a ese título de familia numerosa de categoría especial, logo non poden gozar deses beneficios que o título lles confire.

A Xunta de Galicia reclamou en múltiples ocasións aclaracións sobre a norma ao Goberno central, único competente para legislar a normativa sobre familias numerosas. A resposta recibida por parte do Goberno central sempre foi a mesma, a esixencia dunha “estricta e literal interpretación da norma”, non dando lugar a unha interpretación máis flexible, tal e como sempre se reclamou dende a Xunta.

Ante esta inmovilidade do Goberno central, xorden sentenzas que camiñan en sentido contrario ao recomendado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Así temos as recentes sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo número 1 de Vigo, a do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, ou a sentenza da sala terceira do Tribunal Supremo ante un recurso de casación interposto pola Junta de Andalucía, onde o alto tribunal aclara a interpretación do artigo 6 da lei 40/2003, citando que nestes casos non só se debe manter o título senón tamén debe respectarse a categoría. Mesmo hai unha recomendación do Defensor del Pueblo apoiando unha interpretación flexible da lei.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A que en Galicia se manteña a condición de familia numerosa de tipo especial mentres un dos fillos cumpra as condicións de idade, convivencia e dependencia dos pais que esixe a lei, na liña das últimas sentenzas xudiciais e de acordo á recomendación do Defensor del Pueblo.
2. A dirixirse ao Goberno de España para que modifique a súa recomendación na materia, para recuperar a homoxeneidade a nivel nacional en beneficio das familias numerosas de tipo especial e adecuarse ao que veñen expresando os tribunais”.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envío: 17/04/2019 14:20:30.027

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/04/2019 14:18:25

Marta Rodríguez Arias na data 17/04/2019 14:18:34

Raquel Arias Rodríguez na data 17/04/2019 14:18:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/04/2019 14:18:49

María Ángeles García Míguez na data 17/04/2019 14:18:55

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/04/2019 14:19:02

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/04/2019 14:19:08

María Soraya Salorio Porral na data 17/04/2019 14:19:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/04/2019 14:19:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/04/2019 14:19:31



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 49733(10/PNP-003766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, e en relación cos permisos de marisqueo, lonxe estamos dos 4.281 permisos cos que contaba Galicia no ano 2009, dos cales, os homes eran 394, e mulleres 3.887. Ao rematar o ano 2018 tan só quedaban 3.792 permisos totais, e aínda que os permisos para os homes se triplicaron, foron as mulleres as que sufriron a maior redución de permisos, pasando de 3.887 no ano 2009 a unicamente 2.722 no ano 2018.

Está claro que a política seguida pola Xunta en canto á xestión de permisos non está resultando produtiva, e as grandes prexudicadas desta falta de xestión son as mulleres.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do Permex son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do Permex supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, nesta lexislatura, un plan de recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:06:28
Nº Rexistro: 49733
Data envío: 08/05/2019 18:06:28.177

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 17:03:01

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 17:03:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2019 17:03:23



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 49806(10/PNP-003774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Ao coñecer os datos deste concurso volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación porque o transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego segue a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores.

O BNG lamenta que de novo a maior puntuación para conceder o servizo sexan as ofertas económicas en lugar de melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación.

O concurso público presentado non soluciona os problemas do servizo, non atende as demandas que se veñen realizando tanto pola cidadanía como d@s

CSM-REXISTROHWN/NX6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

profesionais, non vai rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes, xa que neste novo concurso elimínanse recursos e dispositivos existentes e non se contemplan demandas de ampliación tanto en ambulancias medicalizadas (Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño...) nin básicas.

Se ben se contemplan dúas novas ambulancias medicalizadas (ASVA), unha para a comarca do Salnés e outra para Monforte, atopámonos con que reducen persoal, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Outra das novidades é a creación dun híbrido entre a ambulancia medicalizada e a básica, de xeito que só vai estar dotada cun/cunha técnico@ e profesional de enfermería, e reducindo persoal, e polo tanto capacidade de actuación diante dunha emerxencia.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que paralice o concurso realizado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre e modifique o mesmo introducindo como mínimos seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37,722

1.- Modificar os criterios de valoración, de feito que sexan as melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación, as que se lle adxudique maior puntuación, na vez da oferta económica.

2.- Dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) cos equipos profesionais que viñan tendo até o de agora: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

3.- Non eliminar ningún dos recursos xa existentes nesta momento.

4.- Ampliar as ambulancias que se veñen demandando de xeito constante pola poboación e @s profesionais: tanto as de soporte vital básico, como as de soporte vital avanzado (ASVA) en Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños.”

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 16:53:58

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 16:54:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 16:54:04

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 16:54:05

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 16:54:06

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 16:54:08



CSV REXISTRO:ROHWKNNu6

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 46794(10/INT-001553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a política do Goberno galego en relación coa
implantación dun novo plan para a atención primaria do
sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:56:51
Nº Rexistro: 46794
Data envío: 25/02/2019 10:56:51.001



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Atención Primaria é o nivel asistencial máis accesible, eficiente, equitativo, resolutivo, próximo á cidadanía e instalado na comunidade.

Nos últimos anos de goberno do Partido Popular asistimos a un desleixo pola Atención Primaria nos que o orzamento (que os organismos internacionais estiman debe situarse próximo ao 25%) situouse no noso país no 12.6% (chegando en áreas como Vigo, especialmente carenciadas, en pouco máis dun 11%).

Entendemos que a única aposta verosímil pola Atención Primaria debe partir dunha dotación orzamentaria necesaria e suficiente para a súa dignificación, con dotación suficiente de persoal e estruturas de xestión propias. Fronte a iso estamos asistindo á presentación dun novo plan para a Atención Primaria da Consellería de Sanidade na que non constatamos esa vontade.

Simultaneamente asistimos a unha ampla mobilización profesional comprometida coa Atención Primaria e a unha burda tentativa da Consellería de desarticulala mediante a creación duns grupos de traballo non escollidos polas e polos profesionais da Atención Primaria.

O plan presentouse despois de pouco máis dun mes de reunións con tal premura e inconcreción que traduce un interese superficial da administración sanitaria pola Atención Primaria, e por extensión pola Sanidade Pública galega.

CSM: UPR64Z2NG8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Constatamos no plan unha expresión de vontades con ausencia de concreción de melloras que dignifiquen non só a prestación asistencial en atención ordinaria, senón as condicións laborais de colectivos mobilizados: médicas e médicos novos eventuais “Médicas Precarias” e profesionais dos Puntos de Atención Continuada.

Facémonos eco da ausencia durante a meirande parte das reunións dos grupos de traballo de colectivos profesionais tan significativos como as matronas (vitais na atención á saúde global das mulleres), entre outros. Recollemos a proposta de creación dunha dirección de Atención Primaria en cada área como un modo de perpetuar as EOXIS e un reparto desigual de estruturas de xestión entre a Atención Primaria e Hospitalaria, penalizando a primeira.

Realízanse propostas para o fomento da conciliación sen sentido nin consenso previo cos colectivos profesionais que mesmo pode amparar a ampliación da oferta horaria sen que redunde nunha maior contratación de persoal.

Publicítase a atención domiciliaria e aos pacientes inmovilizados sen considerar a necesidade concreta de incremento de recursos que estes pacientes obviamente precisan, tanto de persoal de enfermaría como médico.

Publicítase tamén a coordinación cos recursos de atención á saúde mental e drogodependencias, cando a dotación básica destes recursos se atopa extremadamente carenciada neste sistema sanitario.

Faise unha mención a cooperación en materia de servizos sociais cando, unha vez máis, o que se precisa é unha dotación digna para manexar o sufrimento social, a valoración da dependencia, a atención á vulnerabilidade (incluídos os e as anciáns neste país avellentado) e a eliminación da exclusión no acceso ao sistema sanitario público. Non se realiza mención algunha á inclusión de profesionais do traballo social nos equipos de atención primaria como un modo de integrar a atención ás persoas segundo o modelo biopsicosocial.





As accións anunciadas de prevención e promoción da saúde non se poden realizar sen TEMPO dos e das profesionais. E isto non é posible sen un incremento orzamentario para a contratación EN CONDICIÓNS DIGNAS de persoal.

Faise mención á SEGURIDADE de pacientes e profesionais sen que se concreten aumentos na dotación de persoal médico suficiente que permita a ELIMINACIÓN DA SATURACIÓN ASISTENCIAL (só se consegue con orzamento e profesionais con estabilidade laboral).

O reforzamento do papel da enfermaría é positivo na medida en que son profesionais valiosas sobre as que pivota a estratexia de cronicidade e de coidados, mais este colectivo profesional non é subsidiario ou auxiliar da profesión médica.

Habilitar o IANUS para receitar desde centros concertados podería aparentar unha diminución de sobrecarga de burocracia para a atención primaria, mais tamén pode implicar unha vía para consolidar a concertación como un modo de atención sanitaria, no lugar da utilización de recursos públicos, que deben ser dimensionados para evitar derivacións á concertada (e portas xiratorias, e conflitos de interese, e privatizacións encubertas).

Poténciase a figura da Xefatura de Servizo, pero non se reforza o concepto de Equipo de Atención Primaria como elemento de coordinación da asistencia que ten demostrado mellores resultados integrais en termos de saúde. Ademais non se define a vía de selección de dita xefatura, amparando arbitrariedades e sesgos na súa designación.

No que respecta á titorización e á investigación: non se poden asumir coa mesma carga asistencial.





En canto á PARTICIPACIÓN DOS E DAS PACIENTES: xa existen mecanismos legalmente establecidos para facela efectiva: os Consellos de Saúde de Área, que están sen constituír.

Parécenos necesario falar de renovación de material, pero os compromisos vense coa práctica. O estado de desleixo de moitos centros de saúde e do seu material fannos conscientes de que se precisa máis concreción.

En definitiva, a Atención Primaria de Saúde é o elemento fundamental dun sistema sanitario público que garanta a accesibilidade, a gratuidade, a equidade e a inclusión de todos os pacientes desde a perspectiva non só física, senón social e psicolóxica.

Pero esta aposta require dous compromisos básicos e firmes: o orzamentario e a dignificación profesional.

Sen cartos non hai atención solvente, sen condicións dignas de traballo as profesionais non poden efectuar unha atención de calidade.

Por estes motivos, a deputada que subscribe presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Cal é o orzamento que estiman para a concreción deste plan de mellora?
- 2.) Que dotación concreta de profesionais de cada categoría estiman precisa para a súa implementación con garantías?
- 3.) Cales serán finalmente as condicións laborais do persoal dos Puntos de Atención Continuada trala implantación deste plan?
- 4.) Cales serán as condicións nas que desenvolverán o seu traballo as e os profesionais eventuais trala implantación deste plan?
- 5.) Que seguimento está estipulado facer ao desenvolvemento do Plan?
- 6.) Que ocorre coa Pediatría de Atención Primaria, á que non se fai mención?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:56:51
Nº Rexistro: 46794
Data envío: 25/02/2019 10:56:51.001



- 7.) Cal será o mecanismo de selección dos xefes ou xefas de servizo?
- 8.) Como pensan dotar de estabilidade ao persoal?
- 9.) Cal é a dotación de prazas estipulada para a vindeira convocatoria da OPE para cada categoría de primaria e cando se celebrará?
- 10.) Cal será finalmente a estrutura de xestión que coloque a Atención Primaria ao mesmo nivel que a atención Hospitalaria?
- 11.) Inclúese dentro do orzamento de atención primaria o gasto en farmacias?
- 12.) Cales serán as funcións concretas do Persoal de Enfermaría?
- 13.) Cal será o mecanismo exacto de triaxe das urxencias ou dos pacientes sen cita?
- 14.) Como pensan redistribuír as diferentes cargas segundo cupos en función da comorbilidade?
- 15.) Dispoñen dalgún plan concreto para gratificar dalgún modo as prazas de máis difícil cobertura?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Maria Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/02/2019 10:39:46



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 49292(10/INT-001654)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a avaliación das últimas reformas laborais

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:52:34
Nº Rexistro: 49292
Data envío: 22/04/2019 11:52:34.171



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Anxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Os pasados días 9, 11 e 16 de abril, o persoal de GRI Towers Galicia SL secundou estas xornadas de folga, convocadas para defender as súas xustas reivindicacións.

Entre elas destacan a esixencia de cumprimento por parte da empresa do acordado na mesa de negociación e a reclamación da paralización da externalización da produción a outras factorías.

GRI Towers Galicia é unha factoría do sector do metal, de fabricación de compoñentes eólicos ubicada no Polígono da Uceira, no Carballiño, que dá emprego a 359 persoas, constituíndose como un dos motores do emprego a nivel comarcal, xa que é a empresa máis grande do Carballiño.

Os incumprimentos dos acordos acadados na mesa de negociación son reiterados. Os traballadores atopan moitas dificultades para que se garantan estes acordos en cuestións que deberían ser de obrigado cumprimento como o son a xornada laboral, a carga de traballo ou as retribucións salariais.

Un exemplo disto atopámolo na revogación unilateral que fixo a empresa do incremento salarial pactado na mesa, sen dialogar nin dar explicacións.

CSM-REXISTROespdk7K-10
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:52:34
Nº Rexistro: 49292
Data envío: 22/04/2019 11:52:34.171



Á mesma vez están esixindo que se paralice, de maneira inmediata, a deriva externa da produción propia a outras factorías.

A vulneración dos dereitos dos traballadores e traballadoras debe ser solventada e para iso é necesario o apoio da Xunta de Galicia, que non pode permanecer impasible ante esta problemática.

As últimas reformas laborais son causantes en grande medida destas situacións, polo que urxe derrogalas.

Por todo o anterior, preséntase a seguinte Interpelación:

1. Tivo algún contacto a Xunta de Galicia cos traballadores ou coa empresa GRI Towers Galicia? De ser así, en que termos e a que conclusións chegaron?
2. Que medidas adoptou ata o de agora o Goberno galego para defender os postos de traballo en GRI Towers Galicia?
3. Vai levar adiante algunha medida para mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras desta empresa?
4. É coñecedor o Goberno galego da externalización de servizos por parte da empresa?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:52:34
Nº Rexistro: 49292
Data envío: 22/04/2019 11:52:34.171



5. Vendo as consecuencias das últimas reformas laborais, continúan defendendo estas como un bo marco lexislativo?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/04/2019 11:35:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/04/2019 11:35:19

Luca Chao Pérez na data 22/04/2019 11:35:26

Francisco Casal Vidal na data 22/04/2019 11:35:32

David Rodríguez Estévez na data 22/04/2019 11:35:38

CSV REXISTRO: 050pdh7K10
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 49483(10/INT-001659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



A Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O día 26 de abril de 2019 coñecíamos que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia adoptou a medida cautelar de suspensión do procedemento para a concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada licitada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Tal medida, prevista na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, adóptase a instancia dos representantes de diversas asociacións e federacións de empresas do sector de transporte de viaxeiros que engloban á totalidade do sector, e con carácter previo ao seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación en relación co prego de condicións da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, sobre a base da existencia de posibles deficiencias por ausencia de preceptivas xustificacións, pola deficiente tipificación dos contratos obxecto de licitación e principalmente polo cálculo inexacto de diversos aspectos económicos da contratación.

O órgano de contratación, é dicir, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, non se opuxo a esta adopción desta medida cautelar, xa que de facelo faría alargar os prazos para a resolución por parte do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O certo é que nos atopamos ante un procedemento que xa foi obxecto dun certo retraso logo de se teren detectado erros técnicos nos pregos; así, mediante resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 15 de abril de 2019 foi anulada a resolución que daba inicio ao procedemento de concesión do servizo.

Pese a estas evidencias, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e mediante un comunicado dispoñible na súa páxina web, informa que *“mantense invariable o cronograma que prevé que os novos contratos de transporte empecen a funcionar o vindeiro mes de agosto”*.

Se consideramos que a data límite de presentación de ofertas era o 3 de maio de 2019 e que os propios pregos establecen que o inicio da prestación dos servizos será nun prazo máximo de dúas semanas desde a formalización dos contratos, parece evidente que a propia Administración estima necesarios tres meses e medio para a tramitación completa do procedemento.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:46:12
Nº Rexistro: 49483
Data envío: 29/04/2019 17:46:12.045

Por outro lado, e a día de hoxe, nada parece garantir unha data concreta de resolución do recurso especial en materia de contratación en relación ao prego de condicións que se presentará, polo que parece pouco prudente afirmar que se mantén agosto como mes de inicio de funcionamento dos novos contratos, máxime se ademais temos en conta que o artigo 57.5 da citada Lei establece que transcorridos dous meses contados desde o seguinte ao da interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución, o interesado poderá consideralo desestimado para os efectos de interpor recurso contencioso-administrativo.

É dicir, nin existen garantías de que antes de dous meses se dite resolución nin de que no caso de ser rexeitada, os recorrentes non interpoñan recurso contencioso-administrativo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é a valoración do Goberno galego en relación cos argumentos legais presentados?

2ª) Foron expostos anteriormente ante a Consellería?

3ª) Considera viable que no mes de agosto de 2019 empecen a funcionar os novos contratos?

4ª) Ten previsto o Goberno galego algunha medida no caso de que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia resolva a favor dos recorrentes, para garantir a normalidade no funcionamento do transporte de viaxeiros na comunidade autónoma de Galicia?

5ª) E se desestimando o recurso, os recorrentes interpoñen recurso contencioso administrativo?

6ª) Que responsabilidades políticas se derivarán ao respecto?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2019 17:26:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRONAUSYO49
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:46:12
Nº Rexistro: 49483
Data envío: 29/04/2019 17:46:12.045

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/04/2019 17:26:57



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 50030(10/POPX-000148)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar
coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos
fundamentais de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que vai facer para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/05/2019 18:02:04

CSM-REXISTROS/VH/M15
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 50031(10/POPX-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego
para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 18:24:42
Nº Rexistro: 50031
Data envío: 20/05/2019 18:24:42.374

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que o seu goberno está actuando para garantir o dereito a unha vivenda digna da cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/05/2019 18:20:41

CSM-REXISTRO001DeCrio
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 50032(10/POPX-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en
marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, pensa por en marcha unha colaboración efectiva coas institucións locais de Galicia?”

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/05/2019 17:06:07



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 49640(10/POP-005909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a
habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de
Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as
mulleres maltratadas

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O xulgado sobre a muller de Viveiro carece dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que deciden demandar aos seus agresores.

A sala na que agardan as vítimas de violencia de xénero da Mariña de Lugo, para denunciar aos seus agresores, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, é un espazo reducido, con centos de arquivos acumulados, humidade, mobiliario escaso e vello, e que non ofrece intimidade e anonimato ás vítimas.

O 12 de abril deste ano tivo lugar a Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro, e no punto de rogos e preguntas os representantes dos xulgados de Violencia sobre a Muller de Viveiro (xulgados de Primeira Instancia e Instrución número 2) presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas. Neste rogo presentado explícanse cales son as condicións na que se atopa a actual “ sala de espera” que non se considera adecuada para tal fin.

Cabe recordar que xa no Pleno do Concello de Viveiro do día 12 de febreiro de 2012 se acordara realizar os trámites necesarios para ceder unha serie de locais de titularidade municipal ao Xulgado de Viveiro. En consecuencia, este concello tramitou o expediente para ceder ao Xulgado de Viveiro o uso de diferentes locais don inmobile sito en Alonso Pérez, 50. Tras a tramitación do expediente correspondente, na sesión plenaria de data 4 de novembro de 2015, acordou a cesión de uso gratuíto a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmobile sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados.

O dito acordo do 4 de novembro de 2015 foi remitido en decembro de 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a día de hoxe o Concello de Viveiro espera contestación da Xunta de Galicia para poder

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49640
Data envío: 07/05/2019 19:00:38.377

formalizar a cesión. O Concello de Viveiro tramitou este expediente de cesión coa finalidade de que se poidan ampliar e mellorar as instalacións e servizos dos xulgados de Viveiro.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten pensado o Goberno galego habilitar no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro un espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparecen no Xulgado, no que poder pasar as tres ou catro horas que adoitan durar os trámites nestas dependencias?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/05/2019 18:54:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2019 18:54:54

María Luisa Pierres López na data 07/05/2019 18:55:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/05/2019 18:55:08



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 49111(10/POP-005850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Publicación da iniciativa, 466, 24.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 11:39:46
Nº Rexistro: 49111
Data envío: 12/04/2019 11:39:46.786



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Membros do comité de folga de Transportes Pacholo S.L., empresa que realiza o transporte de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) para SOGAMA como subcontrata da UTE formada por Renfe Mercancías-Logirail-Copasa, veñen de **rexistrar a convocatoria de folga indefinida que se desenvolverá a partir do vindeiro día 15 de abril**.

Os motivos da folga son de índole laboral e ambiental.

No laboral denuncian acoso laboral que rematou no despedimento de 8 traballadores en represalia polas súas reivindicacións.

Na xestión do transporte de SOGAMA téntanse establecer dúas clases de traballadores con diferentes condicións laborais, nas que se precariza a súa situación.

No ambiental os traballadores denuncian malas prácticas da empresa que producen danos medioambientais en forma de lixiviados que rematan contaminando os acuíferos.

O contrato de transporte dos residuos sólidos urbanos, de 140 millóns de euros, foi un dos contratos máis importante da Xunta de Galicia na pasada lexislatura, e consagra o modelo das subcontratacións que precariza as condicións dos traballadores do servizo.

CSA-REXISTROML3shuEZ5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 11:39:46
Nº Rexistro: 49111
Data envío: 12/04/2019 11:39:46.786



O servizo de transporte por estrada é prestado por Transportes Pocholo que, á súa vez, é unha subcontrata de COPASA, pero a responsabilidade final e principal da situación recae sobre a propia SOGAMA sociedade pública, cunha participación da Xunta de Galicia do 51% (49 % Naturgy).

É por iso que os traballadores teñen solicitado unha xuntanza con Javier Domínguez, o presidente da sociedade, que nin contestou dita solicitude.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que está a facer a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/04/2019 11:37:25

Marcos Cal Ogando na data 12/04/2019 11:37:33

CSV REXISTRO: 49111-384625
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 50011(10/PUP-000248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 13:56:07
Nº Rexistro: 50011
Data envío: 20/05/2019 13:56:07,230



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente**.

Xustificación da Urxencia.

Ante a situación do cumprimento dos prazos relativos ao establecido no artigo 33 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental ordinaria, para o proxecto de reapertura da mina de Touro, O Pino, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**:

Cal é a situación real do procedemento administrativo do proxecto de reapertura da Mina Touro, O Pino, en relación aos prazos establecidos na lei 21/2013 de avaliación ambiental?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea

CS14-REXISTRO000byF12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 13:56:07
Nº Rexistro: 50011
Data envío: 20/05/2019 13:56:07.230



Antón Sánchez García na data 20/05/2019 13:55:24

CSV REXISTRO000rpyeFr2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 44829(10/POP-005346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para
avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán
na Cidade da Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2019 13:49:15
Nº Rexistro: 44829
Data envío: 29/01/2019 13:49:15.401

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Cidade da Cultura de Galicia avanza cara á súa consolidación como espazo de encontro da creación, difusión e exhibición da cultura de Galicia e para Galicia.

Un complexo cultural, non exento de avatares, que soubo adaptarse ás circunstancias económicas, sociais e políticas, enfrontando, nestes momentos, a súa etapa final construtiva e funcional.

O goberno galego vén de anunciar a posta en marcha do Edificio Fontán para completar a parte edificatoria da Cidade da Cultura, dándolle utilidade á estrutura existente destinada ao Teatro da Ópera.

O máis salientable desta decisión é o destino funcional deste edificio Fontán, tres centros vinculados ao Sistema Universitario de Galicia.

Á xa existente Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, uníranse dous centros de nova creación: o Consorcio Interuniversitario de Galicia como centro de impulso de coordinación e cooperación das universidades galegas e o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais.

Na presentación deste proxecto, que rematará a Cidade da Cultura, establécese como horizonte temporal para a súa finalización o ano 2021, data importante para Santiago e toda Galicia por coincidir co Ano Santo 2021.

Sobre este edificio, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que pasos ten dado a Xunta de Galicia para avanzar na construción e posta en marcha do Edificio Fontán?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSA-REXISTRO-QUJ76FN-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2019 13:49:15
Nº Rexistro: 44829
Data envío: 29/01/2019 13:49:15.401

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 29/01/2019 13:41:18

Teresa Egerique Mosquera na data 29/01/2019 13:41:26

César Manuel Fernández Gil na data 29/01/2019 13:41:34

Carlos Gómez Salgado na data 29/01/2019 13:41:37

María Isabel Novo Fariña na data 29/01/2019 13:41:46

Antonio Mouriño Villar na data 29/01/2019 13:41:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/01/2019 13:42:00

Martín Fernández Prado na data 29/01/2019 13:42:03

Paula Prado Del Río na data 29/01/2019 13:42:10

Diego Calvo Pouso na data 29/01/2019 13:42:19



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 44906(10/POP-005361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 9 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do
procedemento administrativo seguido para a declaración da
Ribeira Sacra como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 11:31:50
Nº Rexistro: 44906
Data envío: 30/01/2019 11:31:50.020

A Mesa do Parlamento

M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 29 de decembro de 2017, a Xunta de Galicia publicaba no DOG a incoación do expediente de declaración BIC da Ribeira Sacra, na categoría de paisaxe cultural.

Un ano despois, o 31 de decembro de 2018, o Diario Oficial de Galicia publicaba xa o Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Polo medio, abriuse un período de exposición pública de tres meses no que os interesados puideron formular as alegacións que estimaron oportunas e desenvolveuse un importante traballo técnico pero tamén unha serie de reunións cos Concellos, Deputacións, e colectivos, ata acadar un documento que contase co maior consenso posible no territorio.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia do procedemento administrativo que levou á declaración como ben de interese cultural da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 30/01/2019 11:29:32

Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2019 11:29:42

Teresa Egerique Mosquera na data 30/01/2019 11:29:53

César Manuel Fernández Gil na data 30/01/2019 11:30:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSX-RXISTRO-GFON7ghwT-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 11:31:50
Nº Rexistro: 44906
Data envío: 30/01/2019 11:31:50.020

Maria Antón Vilasánchez na data 30/01/2019 11:30:06

Carlos Gómez Salgado na data 30/01/2019 11:30:13

Antonio Mouriño Villar na data 30/01/2019 11:30:28

María Isabel Novo Fariña na data 30/01/2019 11:30:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2019 11:30:41

Martín Fernández Prado na data 30/01/2019 11:30:44



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 46718(10/POP-005562)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:22:45
Nº Rexistro: 46718
Data envío: 22/02/2019 13:22:45.668



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterióros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias ás constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.

CSV: EL695w49
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:22:45
Nº Rexistro: 46718
Data envío: 22/02/2019 13:22:45.668



Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


- Por que non contempla o Goberno a curto prazo poñer solución ás demandas dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 13:14:52



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 49714(10/POP-005912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:41:35
Nº Rexistro: 49714
Data envío: 08/05/2019 17:41:35.243

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, de entre os que salienta a sanidade tanto pola magnitude do seu ámbito como pola importancia no ben xeral da veciñanza. Neste sentido, cómpre recordar que ademais ten a responsabilidade de que a dotación de servizos garanta a non discriminación en función do lugar de residencia.

Porén, unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención igualitaria. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos meses esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que debera, como demostra a constante crise na que se atopa o servizo de HADO ou as denuncias do propio persoal sanitario, sumado á gravidade da falsificación de partes de garda destapada no nadal e que a Xunta de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:41:35
Nº Rexistro: 49714
Data envío: 08/05/2019 17:41:35.243

Galiza desbotou investigar. Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa disconformidade e malestar coa negativa que mantén dende fai 6 meses o SERGAS a restituír a segunda praza de médico neste concello.

Fronte a este proceso de dismantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os motivos do goberno galego para non cubrir prazas de xubilación de persoal médico na atención primaria valdeorresa?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres



CSV REXISTRO: POIPENYAFm9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/05/2019 17:41:35

Nº Rexistro: 49714

Data envío: 08/05/2019 17:41:35.243

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 17:36:04

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 17:36:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 17:36:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 17:36:11

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 17:36:12

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 17:36:13

CSV REXISTRO/PeN/A/m9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 50024(10/PUP-000249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para
garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura
Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a
recibir unha atención temperá de calidade



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:59:07
Nº Rexistro: 50024
Data envío: 20/05/2019 16:59:07.217

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a atención temperá na EOXI da Mariña-Lugo-Monforte.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo enorme malestar que provoca nas familias de crianzas que reciben atención temperá as carencias deste servizo na provincia de Lugo e a situación das propias crianzas.

Exposición de motivos

As familias de crianzas que reciben atención temperá na área sanitaria da Mariña-Lugo-Monforte están a denunciar as enormes carencias deste servizo.

Na actualidade esta unidade, localizada no HULA, presta servizo con persoal da Consellaría de Política Social e do SERGAS, porén, non se está a aproveitar todo o potencial do mesmo e das instalacións do hospital por mor da falta de persoal.

Cómpre ter en conta que a atención temperá, até o momento, abrangue as idades comprendidas entre os 0 e 6 anos e só se presta en horario de mañá o que prexudica as crianzas que están escolarizadas.

CSM-REXISTROFY-SesGCIB
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:59:07
Nº Rexistro: 50024
Data envío: 20/05/2019 16:59:07.217

Así mesmo, o persoal actual, claramente insuficiente para atender a demanda existente, e a quenda unicamente de mañá está a provocar unha importante listaxe de agarda. Xunto a iso, as carencias no servizo están a obrigar as familias a acudir a clínicas privadas co correspondente sobre-custe económico que, en moitos casos, nin sequera poden afrontar.

As familias, coas que puido reunirse o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, denuncian que se están a producir recortes nas terapias (pasando dunha semanal a unha cada quince días) xustificándoas a administración pola necesidade de incorporar máis crianzas ao servizo.

Para o Bloque Nacionalista Galego a falta de persoal, a infrautilización das instalacións e a deficiente atención que se presta ás crianzas na EOXI da Mariña-Lugo-Monforte é inadmisíbel, máis aínda porque as persoas usuarias do servizo son nenas e nenos con trastornos no desenvolvemento que teñen dereito a recibir un servizo de calidade, cento por cento público e que garanta as mellores condicións de vida e a maior autonomía posíbel das crianzas, como así recolle o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

O servizo, tal e como está deseñado na actualidade, non garante o cumprimento dos principios reitores da Rede de atención temperá, especialmente o de universalidade no acceso aos recursos, equidade territorial, descentralización e proximidade.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:59:07
Nº Rexistro: 50024
Data envío: 20/05/2019 16:59:07.217

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o dereito das crianzas da EOXI A Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/05/2019 16:56:30

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2019 16:56:35

Ana Pontón Mondelo na data 20/05/2019 16:56:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/05/2019 16:56:37

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2019 16:56:38

CSV REXISTRO FROXISEG08
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:59:07
Nº Rexistro: 50024
Data envío: 20/05/2019 16:59:07.217

Xosé Luis Bará Torres na data 20/05/2019 16:56:40

CSV REXISTRO FOLXAS
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 50029(10/PUP-000250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 17:10:04
Nº Rexistro: 50029
Data envío: 20/05/2019 17:10:04.225

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quinte, Patricia Otero Rodríguez e Concepción Burgo López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada por atoparse en licitación o servizo de transporte sanitario urxente.

A situación do transporte sanitario terrestre en Galicia ven acumulando, case sistematicamente, problemas derivados dunha ineficiente xestión e unha desatención do servizo por parte da Xunta de Galicia. O modelo de concesión do servizo tivo asociado, neste caso, problemas de carácter legal coa concesión dun dos últimos concursos (por valor de máis de 120 millóns de euros), xudicializado tras denuncias sobre favorecemento a determinadas empresas. Encontrouse despois con un continuo problema na relación laboral dos traballadores coa empresa, contando esta última coa complicidade da Xunta de Galicia que evitou asumir a súa responsabilidade no control da prestación dos servizos públicos.

No plano asistencial, a necesidade de ambulancias medicalizadas é unha demanda insistente de usuarios e, moi sinaladamente, dos profesionais que prestan os seus servizos no propio transporte sanitario e nos centros sanitarios, especialmente aqueles que o fan nos servizos de urxencias. A pesares disto, a Xunta de Galicia racaneou esta dotación, o que deixou nunha dotación inferior á necesaria a moitas zonas que precisan destas ambulancias.

Tras moita presión social, e no albor dunha dobre campaña electoral, o pasado día 29 de maio de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servicio Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061. A partires deste concurso, a Xunta de Galicia encargouse de difundir, ben de maneira directa ou ben a través de membros do PP de Galicia, a existencia de novas dotacións no servizo. Especialmente, anunciáronse a chegada de ambulancias medicalizadas a lugares onde existía esa demanda previa.

CSX-REXISTRO0MmPUn516
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 17:10:04
Nº Rexistro: 50029
Data envío: 20/05/2019 17:10:04.225

A pesares disto, no novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal de ambulancias estará composto por 2 técnicos/as de emerxencias, un/unha médico /a e un/unha enfermeiro /a, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urxencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións, e, polo tanto, a presenza dos dous técnicos para poder localizar e chegar ao punto da emerxencia é fundamental, sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Existen tamén dúbidas entre o persoal sanitario sobre se a dotación de ambulancias medicalizadas vai suprimir algunha das ambulancias asistencias previamente existentes (co que non existiría incremento de vehículos senón cambio no formato dalgún deles).

Estas cuestións evidencian que o concurso de transporte sanitario terrestre está sometido a moitas dúbidas e que ten eivas non superadas, que non contribuírán a resolver os problemas existentes.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Por que se suprime o persoal na dotación asignadas as ambulancias de O Salnés, Foz e Monforte?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Concepción Burgo López

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/05/2019 17:06:28

Patricia Otero Rodríguez na data 20/05/2019 17:06:37



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 17:10:04
Nº Rexistro: 50029
Data envío: 20/05/2019 17:10:04.225

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/05/2019 17:06:46



CSV REXISTRO
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 48505(10/POP-005795)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento
da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:19:33
Nº Rexistro: 48505
Data envío: 02/04/2019 12:19:33.520

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A recuperación demográfica é un dos retos primordiais para a Xunta de Galicia, non só como liña de goberno, senón como estratexia de futuro sobre a que se asentan as accións estruturais da política galega para as vindeiras décadas. Conscientes dese papel vertebrador da perspectiva demográfica, o Goberno galego artellou unha serie de medidas dirixidas tanto a facilitar a conciliación corresponsable como a apoiar economicamente ás familias.

Foi no 2015 cando a Xunta puxo en marcha o primeiro Programa de apoio a natalidade (PAN GALICIA), que constitúe unha das pezas clave na área de Familia da Consellería de Política Social e que se enmarca dentro das liñas xerais establecidas polo Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

No PAN Galicia inclúense iniciativas pioneiras como a Tarxeta Benvida, o Bono Concilia e o Bono Coidado, recursos dirixidos a contribuír no pagamento dos servizos de conciliación ou os gastos xerais derivados do nacemento, adopción ou garda con fins adoptivos dun neno ou nena.

Tendo en conta a relevancia da Tarxeta Benvida como axuda económica de apoio ás familias, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2019 12:13:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSX-EldhaqRI
Compostela
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:19:33
Nº Rexistro: 48505
Data envío: 02/04/2019 12:19:33.520

Marta Rodríguez Arias na data 02/04/2019 12:13:52

María Ángeles García Míguez na data 02/04/2019 12:13:59

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/04/2019 12:14:04


María Encarnación Amigo Díaz na data 02/04/2019 12:14:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/04/2019 12:14:16

María Soraya Salorio Porral na data 02/04/2019 12:14:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/04/2019 12:14:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/04/2019 12:14:39



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com